

# A NOSA TERRA

Public Price 20



ANO XIII • 20 DE DECEMBRO • 1990

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

Nº 458 • APDO. 1371 (VIGO) • 100 PTA.

## Acordo no Parlamento: Astano e Barreras son rendabeis

Pésie a que o tema é crucial para a Galiza, que a comparecencia viña pedida por declaracións propias e que a oposición fora unánime á hora de reclamar a presenza do Presidente no estrado, M. Fraga negouse, máis unha vez, a comparecer, seguindo a tónica de non falar de ningún dos temas de capital interese para Galiza. Só aceneou coa cabeza cando X. M. Beiras lle preguntou se estaba de acordo coa exposición feita polo conselleiro Xoán Fernández en canto á necesidade de reprivatizar Astano e Barreras.

(Páxina 5)

## X. M. Beiras: 'Fraga non está queimado está carbonizado'

Xa vai alá un ano da celebración das eleccións autonómicas que levaron a M. Fraga e ao PP ao Goberno. Na noite electoral o BNG, por boca do seu candidato a Xunta, X. M. Beiras, mostrouse sumamente crítico con M. Fraga, anunciando a intención de "queimalo en seis meses". Xosé M. Beiras contesta agora ás nosas preguntas en relación a aquela polémica afirmación e analiza a andaina do goberno do PP.

(Páxina 6)

## Dimitri Kasimirov: 'A URSS non abandonou ao terceiro mundo'

Interrogantes, recomendacións, advertencias e mesmo reproches abondo sobre o momento do socialismo real, fixeron de *A Perestroika e o futuro do Socialismo na URSS* a conferencia máis debatida do ciclo *O Socialismo no Mundo* organizado polo *Clube Adiante*. Dimitri Kasimirov soporou a borrasca dialéctica coa acesibilidade dun camarada e debullou a nova política exterior soviética coa precisión dun experto. Diplomático, de 35 anos, licenciado no *Instituto de Relacións Internacionais* de Moscovo, Kasimirov é secretario da embaixada do seu país en Madrid desde 1987.

(Páxina 12-13)

OS PEQUENOS AGRICULTORES E AS EXPLOTACIÓNS FAMILIARES RECLAMAN O DIREITO A EXISTIR A MÉDIO DA LIBERALIZACIÓN DOS MERCADOS AGRÍCOLAS

## CO FUTURO EN XOGO

A retirada de subvencións á agricultura, proposta estes días no seo do Gatt (organismo internacional para os acordos arancelarios e comerciais), provocará unha caída nos prezos percibidos polos agricultores de entre o 10 e o 20%. As explotacións familiares de varios países e que na Galiza ocupan ao 35% da poboación deberán resistir a previsíbel invasión dos produtos facturados polas multinacionais agroalimentarias. As organizacións agrarias reclaman medidas governamentais que garantan a supervivencia de milleiros de familias.







Millóns de agricultores ven cuestionado o seu dereito a producir.

## A liberalización proposta no Gatt fai do mundo porto franco das multinacionais alimentáreas

MANUEL VEIGA

A liberalización do comercio agrícola pode dar lugar, segundo as organizacións agrarias, ao copo dos supermercados polos produtos de catro ou cinco grandes multinacionais alimentáreas.

A supervivencia das explotacións familiares e dun modelo agrícola propio está en xogo.

Os debates no seo do Gatt, organismo internacional que rixe os acordos sobre aranceis e comercio, veñen celebrándose desde hai varias semanas sen ter acadado acordos fundamentais, o que fará que as reunións se prolonguen ao mes de Xaneiro. Resulta significativo que, dentro do abano de temas a tratar, as diferencias se centren nas políticas agrícolas. Entre 1960 e 1980 os intercambios agrícolas mundiais multiplicáronse por once, pasando o seu valor de 26 mil catrocentos millóns de dólares en 1960 a 302 mil millóns no 80. Pése a que nas negociacións

denominada *Ronda do Uruguai* participan 107 países e 5 organizacións internacionais, a polémica central xira ao redor das propostas dos Estados Unidos e da CEE. Ambas coinciden no fundamental: o fin da intervención pública sobre o comercio agrícola que hoxe se traduce en subvencións á produción, apoios á exportación e aranceis sobre os produtos importados. As diferencias estriban na fondura e nos prazos das medidas liberalizadoras. Mentres que os norteamericanos pulan pola supresión inmediata de barreiras, os europeos, vinculados á CEE,

prefiren facelo con maior lentitude, reservándose unha parte do mercado interno intra-europeu para si.

Para os partidarios da liberalización, a PAC (Política Agraria Común), é un monstro que come actualmente o 60% dos orzamentos da CEE, dando como resultado un amplo superavit productivo en alimentos.

### A lei do máis forte

Para organizacións agrarias como o EHNE do País Basco, a Unión de Campesinos de Casti-

## NEN AGRICULTORES, NEN CONSUMIDORES SAEN BENEFICIADOS DA LIBERALIZACIÓN DO COMERCIO

LIDIA SENRA

Na actualidade, o modelo agrícola estendido en moitas zonas do planeta (entre elas a comunidade Económica Europea), é o modelo produtivista. Isto supón, que a función da agricultura xa non é a de ser un ben social necesario para atender o dereito que á sociedade ten de estar ben alimentada, senón que se contempla como unha actividade comercial máis que ten que producir beneficios ás grandes multinacionais agro-alimentáreas.

A mensaxe que se está introducindo na sociedade é a da necesidade de proporcionar alimentos baratos para o mercado mundial e a de que os gobernos non poden seguir investindo tanto diñeiro público en manter a protección á agricultura, posto que lle está custando moitos cartos á sociedade. Xa que logo faríase necesario eliminar esta protección e para iso as explotacións agrarias han de ser rendábeis, capaces de ter a dimensión suficiente para producir unha materia prima barata. As explotacións que non sexan capaces de conquerilo terían que desaparecer da actividade agraria. Pero desgraciadamente, isto non é só unha ideoloxía que se está intentando introducir, senón que é a realidade que estamos vivendo coa aplicación das sucesivas normas e leis que a Comunidade Económica Europea e os gobernos dictan e poñen en práctica no campo agrícola.

Imos tratar de analizar as repercusións a todos os niveis desta ideoloxía na que se sustenta a Política Agraria Común. Apesar de que cando foi fundada en 1958 (Tratado de Roma) planteaba como obxectivo fundamental entre outros, "asegurar un nivel de vida igualitario cos outros sectores para os labregos através dun aumento da ganancia individual", os resultados reais son

ben diferentes.

Como consecuencia da continua perda de renda a causa de perceber uns prezos cada vez menores os labregos vense forzados a producir cada día máis para gañar igual e incluso menos. Cada día necesítase maior dimensión das explotacións, aumentar o nivel de produción por unidade de gando ou hectárea, en definitiva unha superintensificación da produción, e como consecuencia aumentar o abonado e os produtos fitosanitarios, até límites que o medio natural non pode suportar. Baste citar como exemplos amplas zonas da Holanda, nas que o solo e as augas están tremendamente contaminadas ou o triste exemplo de Francia, nas zonas de arredor de París onde xa se esta falando de construír un acueducto para traer auga para o consumo desde as zonas despovoadas das montañas, porque a desta zona xa non se pode utilizar a causa da polución. Atopámonos aquí xa cun grave problema derivado deste modelo de produción: *A destrución do medio natural.*

Outra consecuencia derivada da necesidade de producir máis leva ao emprego de produtos hormonais que xunto coas técnicas mencionadas anteriormente constitúen un serio perigo para a saúde dos consumidores temos pois outro grave problema *A calidade dos alimentos que consumimos.*

O modelo produtivista provoca que día a día desaparezan explotacións agrarias familiares para dar paso á concentración da produción en explotacións de tipo industrial e tamén á concentración da produción nas zonas máis ricas en detrimento das máis pobres, e por suposto a xeración dunha enorme cantidade de excedentes. Isto provoca o éxodo rural e a aparición de grandes

zonas desertificadas que tamén axudan a aumentar o risco de incendios forestais, erosión, etc. que favorecen claramente a destrución do medio. Seis anos de aplicación das Cuotas do leite na Europa Comunitaria, amosannos que segundo os sitios, desapareceron entre o 18 e o 41% dos produtores de leite. Nos Países Baixos o 80% das explotacións que desapareceron tiñan cuota inferior a 100.000 quilos. De seguir o ritmo actual, prevese que no Reino Unido só poderán manterse na produción de leite aqueles que teñan entre 60 e 100 vacas, que nos Países Baixos para o ano 2000 haberá 33.000 produtores que posuirán 1.6 millóns de vacas, ou que en Dinamarca haberá no mesmo ano 10.000 produtores cunha media de 60 a 80 vacas. Pero aínda hai máis datos que amosan a continua perda de postos de traballo no agro.

O forte gasto dos fondos do erario público para soste este modelo (armazenamento de excedentes, limpeza do solo e das augas, apoio á comercialización -en Holanda o apoio á comercialización custa aproximadamente 1.600.000 pta. por explotación), ou para construír en Francia o

acueducto do que se está falando.

Resumindo, o modelo agrario actual, provoca: destrución do medio ambiente, alimentos cada día de máis má calidade e plagados de substancias nocivas para a saúde, perda de postos de traballo na agricultura e despovoación do medio rural, creación de áreas cada día máis pobres, despilfarro dos recursos enerxéticos, un mar de excedentes e un investimento público que non garante o mantimento dos postos de traballo.

En vistas desta situación, vémonos forzados a formularnos a seguinte pregunta: a que intereses beneficia o modelo agrario actual?

A resposta está clara, beneficia ás grandes multinacionais agro-alimentarias, ás que se lle proporciona materia prima barata, para engrosar os seus beneficios económicos. E necesario aclarar que o argumento que se utiliza da necesidade de proporcionar alimentos máis baratos aos consumidores é totalmente hipócrita xa que a baixa dos prezos aos labregos non repercute para nada no prezo ao consumo. Como exemplo baste citar que durante todo o

### Desaparición de poboación activa no agro.

	Ano 1960	Ano 1980
Francia	4.000.000	1.750.000
Dinamarca	360.000	200.000
Gran Bretaña	1.100.000	630.000
Italia	6.500.000	3.000.000
Alemaña	3.700.000	1.500.000
Países Baixos	460.000	270.000



Ila e León, o Sindicato Labrego Galego e a Coordinadora Campesina Europea, as propostas agrícolas "do goberno dos Estados Unidos e do Consello de Ministros da CEE son inaceptábeis tanto para a poboación rural dos países industrializados como para os Estados do Terceiro Mundo". Na súa opinión os desacordos no seo do Gatt, entre os dous principais centros de influencia, non son fundamentais e ambas posturas coinciden en pretender establecer "a lei do máis forte", lei que "os estados exportadores intentan impoñer a todo o planeta". Precisamente a parte dos países subdesenvolvidos nas exportacións agrícolas caeu do 45% en 1970 a menos do 30 en 1987, segundo un estudo do Centre de Développement de l'OCDE.

Para as organizacións agrarias antes mencionadas convén non confundir "os intereses da poboación cos do comercio internacional" e solicitan do Gatt que proiba "de forma tallante o dumping (práctica das empresas máis fortes para arruinar ás máis febles mediante a venda dos seus produtos por baixo do custo de produción). Lembremos que exemplos desta práctica teñen sido xa denunciados na Galiza, sendo as vítimas empresas lácteas autóctonas.

"Se actualmente estamos invadindo xa os produtos de fóra, cos acordos do Gatt, todo o que haxa nun supermercado será de catro multinacionais agroalimentarias. O que nós produzamos non terá saída", sinala Lidia Senra, secretaria portavoz do SLG.

Pero o problema, dunha forma ou doutra dase en todo o mundo.

**'A CEE E CADA ESTADO MEMBRO, TEÑEN O DIREITO E A OBRIGA DE ELABORAR E EXECUTAR UNHA POLÍTICA QUE PRESERVE AOS SEUS LABREGOS'**

Nun país onde comer dise tomar arroz, o Xapón, a esixencia proteccionista é sólida. O Xapón importa o 70% dos produtos alimentarios que consume -é o meirande importador mundial de comestíbeis- e só é autosuficiente en arroz. Os xaponeses están dispostos a mercar arroz norteamericano ou tailandés, pero ao mesmo tempo saben que aínda hai moitas familias xaponesas que dependen desta produción, de aí a resistencia a liberalizar o mercado deste produto.

"Non só criticamos as posturas existentes no seo do Gatt, senón que tamén criticamos o propio modelo agrícola que proclama a CEE e que supón o certificado de morte para as explotacións familiares", sinala Lidia Senra.

Para as organizacións agrarias "hai que facer unha política diferente que garanta a cada zona de Europa o dereito de produción e que asegure unha renda a



As subvencións por volume producido impediron que as pequenas e medianas explotacións resultasen beneficiadas.

ano 1900 o prezo da carne de vacun aos labregos galegos foi o mesmo que hai dez anos, pero isto non se traduciu na baixa do prezo ao consumo.

Ademais das agro-alimentarias tiraron beneficios as compañías de abonos e produtos químicos, as de servizos, material, etc.

**O GATT**

Se este é o panorama actual coa aplicación da PAC, a situación complicaase cos acordos da Ronda Uruguai, cos que se pretende a liberalización total do mercado agrícola.

Este tema foi obxecto de análise nunhas xornadas celebradas en Bruxelas os días 3 e 4 de Decembro, que foron orgaizadas pola Coordinadora Campesina Europea, no marco da campaña *Alerta de Acción Operación Gattastrophe*. Nestas xornadas participamos organizacións agrarias que defendemos a explotación familiar (Sindicato Labrego Galego, EHNE do País Basco, Coag do Estado español, NPSSFE do Xapón, NFFC dos Estados Unidos, NBS de Noruega, VAC, FUJA e UDEF da Bélxica, ABL da Alemaña, CP da Fráncia, WBZ dos Países Baixos, OBV da Austria, UPS e VKMB da Suíza.

Na análise sobre as repercusións dos acordos do GATT, valoramos que unha liberalización dos intercambios agrícolas sacalle a cada país o dereito de determinar os seus propios obxectivos sobre autosuficiencia alimentaria, calidade dos produtos e protección do medio ambiente. Nesta optica de liberalización dos intercambios, toda medida de protección do medio-ambiente sería considerada como unha barreira non tarifaria do comercio.

Entendemos tamén que as propostas dos Estados Unidos e da CEE son inaceptábeis para as poboacións rurais, tanto dos países industrializados como para os do Terceiro mundo. A redución ou supresión

do apoio a agricultura (apoyo interno, barreiras arancelarias e non arancelarias á exportación) suporia por un lado a inevitábel baixada dos prezos aos produtores e a facilidade para as multinacionais para adornarse do comercio agrícola mundial. En definitiva que un pequeno grupo de países exportadores, tratan de impoñer a lei do máis forte en todo o planeta e ditar así as políticas agrarias no mundo.

**'COMO CONSECUENCIA DA CONTÍNUA PERDA DE RENDA A CAUSA DE PERCEBER UNS PREZOS CADA VEZ MENORES, OS LABREGOS VENSE FORZADOS A PRODUCIR CADIA DIA MÁIS PARA GAÑAR IGUAL E INCLUSO MENOS'**

A pretendida liberalización proposta polos Estados Unidos é unha falacia, posto que eles van seguir protexendo ás súas explotacións agro-alimentarias e a súas explotacións industriais.

Concluimos a reunión coa firma de cinco puntos que declaramos prioritarios.

1.- Os labregos deben ter garantida un-

ha renda digna mediante o pago xusto do seu traballo.

2.- Que os países podan decidir a súa seguridade alimentaria.

3.- Que os países cesen o dumping ás exportacións.

4.- Que os países podan decidir as súas propias normas de protección ao medioambiente.

5.- Que as negociacións do GATT sexan públicas.

Na situación actual, unha baixada nos prezos na CEE conduciría a un gran número de labregos e a numerosas zonas rurais á quebra. Favorecería aínda máis a concentración da produción agrícola industrializada nalgúns zonas xa superprodutoras e contaminadas.

As organizacións que formamos parte da Coordinadora Campesina Europea, cremos que é urxente unha profunda e verdadeira reforma da Política Agrícola Común. As crises habidas este ano na Galiza e noutros puntos da CEE así o demostran. Dentro do modelo produtivista nen os consumidores, nen os labregos, nen a sociedade en xeral teñen perspectivas de futuro.

Esta reforma tería que contemplar os seguintes aspectos:

Asegurar a renda aos labregos mediante a aplicación dos prezos diferenciados ligados a un volume produción por persoa activa na explotación.

Distribución da produción agraria segundo a vocación produtiva de cada zona, garantindo o dereito de cada pobo e dos labregos a poder producir, evitando a intensificación e a concentración da produción e asegurando a conservación do medio ambiente. Para iso é necesario fixar límites por explotación en canto a densidade do gado, utilización de abonos e pesticidas.

En definitiva, unha nova PAC que non obrigue aos labregos a producir para poder sobrevivir, que non produza excedentes e que propicie uns alimentos de calidade e sanos para a poboación.

A ideoloxía dominante, adoita á argumentar que isto non é posíbel, que sería moi custoso para a sociedade. Pero nós sabemos, e neste artigo preténdese demostrar, que este modelo sería moito menos custoso que o actual. Porque, canto se gasta en almacenar excedentes? Canto se gasta en dar esmolos (primas de montaña, abandonos da produción, etc.)? Onde está a viabilidade destas grandes explotacións de tipo industrial cando están sendo as que máis diñeiro reciben de fondos públicos? E necesario subliñar que por exemplo nos Estados Unidos no ano 82, o 77% da ganancia dun labrego procedía das axudas públicas, e que apesar disto as explotacións familiares continúan desaparecendo. Canto se gasta en apoiar a comercialización da produción na CEE ou nos Estados Unidos? Cal vai ser o custe para a humanidade por consumir produtos cargados de residuos de fitosanitarios, abonos químicos e hormonados en moitos casos? Cal é o custe por despilfarro dos recursos enerxéticos? Cal é o custe social desta PAC? É que proporcionar unha alimentación sana á poboación non é tan importante como a sanidade para estar protexidas poles gobernos?

Pensamos que é fundamental abrir un debate en toda a sociedade galega, para tomar consciencia da situación e presionar o suficiente para que as Administracións implicadas tomen unha atitude diferente ante estes problemas. Problemas que non son exclusivos dos labregos, aquí estamos todos no mesmo barco. O modelo produtivista está apoiado con fondos públicos e só beneficia ás multinacionais agro-alimentarias e á agricultura industrial esquecendo por completo dos labregos e da súa función social, nos pretendemos que cambie o seu signo en favor dunha agricultura que sirva as necesidades actuais e futuras da sociedade.

L. Senra é Secretaria portavoz do S. L.G. (CC.LL.)



## AGRICULTURA GALEGA: UNHA RESISTÊNCIA CONTRA PRONÓSTICO

Os países sempre foron propensos á liberalización nas fronteiras alleas e ao proteccionismo nas propias. Ven ao caso de que os Estados Unidos, hoxe partidarios da liberalización do comercio agrícola, sobre a base de que a agricultura é unha industria como as demais, fosen, en 1947, os principais impulsores do Acordo Xeral sobre Aranceis e Comercio e, en 1955, negociaran e lograran unha excepción para produtos agrícolas protexidos pola súa lexislación nacional -algodón, sucre, produtos lácteos, manises- que permitiu aos Estados Unidos manter até os nosos días restricións á importación. A ameaza de competidores -como a CEE e o Xapón- impulsan agora a Norteamérica a reclamar a liberalización.

Todos os países fixeron uso, dun modo ou outro, de medidas proteccionistas. Xapón e Suíza protexeron os seus sectores agrícolas através das condicións especiais logradas na negociación de adhesión ao Gatt e á CEE gravou, pola súa conta, as importacións de alimentos provintes de fora da área, mentres subvencionaba as súas exportacións.

O xiro actual da política arancelaria ven dictaminado fundamentalmente pola voracidade dos grandes trust agroalimentarios. Esa liberalización coíbe ou elimina de plano as políticas nacionais sobre a agricultura propia. Como sempre que non se parte de bases semellantes, a liberdade dos grandes diminúe o marco de acción dos pequenos. Os Estados vense impedidos de legislar sobre medidas que defendan a extensos sectores da súa poboación. E, en última instancia, os agricultores, especialmente os pequenos e as explotacións familiares, vense coartados no seu dereito a producir. A aplicación dos acordos previstos no Gatt dará lugar a unha caída de entre o 10 e o 20% nos prezos pagados ao produtor, sen ter en conta a alza da inflación.

Adúcese, non sen razón, que a agricultura galega ten un índice de produtividade moi baixo. O paradoxo é que aquelas explotacións que acadaron un máis elevado grado de modernización son as que están a resistir peor, debido á imposibilidade de facer fronte ao pago dos créditos.

"O intento de retirar recursos da agricultura antes de que a produtividade do sector teña millorado desanimará completamente á vontade de innovar ou de investir dos agricultores e traerá consigo inevitavelmente un estancamento tanto do sector agrícola como dos demais". Tal é, precisamente, a opinión vertida nun estudo do *Centre de Développement de l'OCDE*, titulado *Politiques agricoles pour les années 1990*.

As fases iniciais do desenvolvemento agrícola precisan, sinalase no mencionado estudo, dunha mellora da produtividade, investindo recursos financeiros e humanos no regadío, na mellora da infraestrutura rural e na investigación agrícola. Pouco de todo iso se fixo no noso país. Mesmo as subvencións existentes, por outorgarse segundo volume produtivo, apenas afectaron as pequenas explotacións. A agricultura galega aprésentase desamparada ao mercado.

Convén ademais precisar cal é o volume, por abaixo, que garante a existencia dunha explotación. Na Gran Bretaña unha granxa que posea entre 60 e 100 vacas comeza a non ser rendabel. Nos Países Baixos están en crise as explotacións cuxa produción ronda os 100 mil litros de leite. Cal é, en consecuencia, a explotación-tipo que se busca? Ou estamos ante un modelo que contempla unicamente a viabilidade de media dúcia de grandes grupos agroalimentarios?

Ante un panorama tan cruo comeza a ser sorprendente para os analistas e directivos estatais e europeos o grado de resistencia e vitalidade da agricultura galega, condeada desde todos os ángulos a desaparecer, agás desde o seu interese propio.

O elevado número de explotacións familiares aínda existentes, o agromar do cooperativismo e da agro-industria interna, con todas as tempestades coñecidas polas que atravesas, son factores non casuais. Son a consecuencia de que as macro-estratexias agrícolas non tiveran en conta a iniciativa do 35% da poboación activa que aínda se mantén no agro, en paralelo á ausencia doutras expectativas produtivas na agricultura ou noutros sectores. As altas instancias oficiais e económicas esqueceron un elemento clave da produción: os cidadáns e que facer con eles.

A NOSA TERRA



A sobrevivencia das explotacións familiares é posta en cuestión polas políticas agrarias multinacionais.

cada labrego coa introdución dun mecanismo de prezos diferenciados referidos a un volume de produción mínimo por persoa activa na agricultura. A CEE e cada estado membro, teñen o dereito e a obriga de elaborar e executar unha política que preserve aos seus labregos".

Segundo esta opinión a redución da poboación rural galega no futuro a un número mínimo, semellante ao de outros países, traerá consigo os perxucios que precisamente coñecen eses outros países, como é xa o caso de Holanda ou Francia.

A desaparición das explotacións familiares dá lugar á desertificación, mentres que o produtivismo agrícola deteriora o medio ambiente, de modo que as posteriores políticas correctoras traen uns custos económicos á sociedade superiores ao aforrado nun principio. En datas recentes coñeciase, por exemplo, a noticia de que os países europeos terán que pagar un alto prezo polos bosques que destrúe a contaminación do ar e do solo. En concreto, cada ano, Europa terá que pagar entre 60 e 70 mil millóns de dólares (máis de seis billóns de pesetas) e iso durante os próximos 25 anos, no fomento dunha nova política enerxética, de transporte e agrícola, se

**'OS PREZOS  
QUE COBRARÁ  
O PRODUTOR  
AGRÍCOLA  
POLOS SEUS  
PRODUTOS  
DESCENDERÁ,  
EN VIRTUDE  
DA LIBERALIZACIÓN  
PREVISTA POLO  
GATT,  
NUN 10  
OU NUN 20%,  
SEGUNDO OS  
CASOS'**

quer reparar os danos causados á natureza.

### A fame e o exceso de víveres

Somente en 1984 "sobraron" en Europa e os Estados Unidos 42 millóns de toneladas de trigo. Ao mesmo tempo, segundo datos da FAO (Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación), desde 1979 todos os anos morren de fame 50 millóns de persoas e máis de 570 millóns sofren de fame permanente.

Nos países subdesenvolvidos só se utilizan para a produción agrícola o 20% das terras, mentres que en Europa, onde as condicións naturais son piores, esta proporción é do 88%. Os gobernos africanos, latinoamericanos e asiáticos non teñen os cartos necesarios para comprar a maquinaria necesaria para traballar as terras. Un 25% das terras máis fértils destes países pertencen ademais a monopolios extranxeiros e utilízanse en producir artigos destinados á exportación aos países industrializados, desprazando así aos cultivos tradicionais que darían alimento aos habitantes locais.

Para producir a forraxe necesaria para o gando os monopolios euroocidentais ocuparon nos países en desenvolvemento 23 millóns de hectáreas de terras fértils.

John Block, secretario de agricultura dos Estados Unidos en 1981, escribiu: "os víveres constitúen o instrumento máis eficaz dos que dispoñemos e este non perderá a súa forza nos próximos decenios, pois aumenta a dependencia de moitos países fronte as nosas exportacións de víveres e impide que estes países poidan enfadarse con nós".

### A alternativa forestal

Os prezos que cobrará o produtor agrícola polos seus produtos descenderá, en virtude da liberalización prevista polo Gatt, nun 10% ou nun 20%, segundo os casos, ao que haberá que engadir aínda o desfase provocado pola inflación. A alternativa para os estamentos oficiais é clara: sobran dous de cada tres labregos galegos, segundo conclu-

sión dun estudo realizado por Gonzalo Fernández, titulado *La economía agraria gallega en 1989*.

Para o presidente do Forppa, Fernando Méndez, é preciso establecer unha especie de rede de seguridade, de apoio ás explotacións familiares e as zonas desfavorecidas, así como medidas previstas para actuacións, tales como o cese de actividade e repoboacións forestais.

Os intentos de repoboación, especialmente con determinadas especies, son visíbeis, pero as axudas non, entre outras cousas porque as axudas a agricultura ate agora víñan determinadas pola produción, resultando favorecidos en consecuencia os grandes grupos ou empresas, pero non as pequenas economías agrícolas. Como se sinalaba máis arriba, unha alternativa sería a ofrecida polos sindicatos, é dicir, a instalación de prezos garantizados, ligados a un volume de produción por persoa activa. Modelos semellantes existen xa nalguns países como Dinamarca ou Noruega. Ao labrego garantéselle o dereito de produción é unha renda mínima digna que logo poderá incrementar a teor da súa capacidade produtiva.

**'CADA ANO,  
EUROPA TERÁ QUE  
PAGAR ENTRE 60  
E 70 MIL MILLÓNS  
DE DÓLARES  
NO FOMENTO  
DUNHA NOVA  
POLÍTICA  
ENERXÉTICA,  
DE TRANSPORTE  
E AGRÍCOLA,  
SE QUER REPARAR  
OS DANOS  
CAUSADOS  
Á NATUREZA'**



# GALIZA E MUNDO

- Manuel Beiras abandona a militancia partidaria (Páx. 6)
- Suspendido o xuício aos independentistas (Páx. 7)
- O ecoloxismo a exame (Páx. 8)
- Novas mobilizacións en Ferrolterra (Páx. 9)
- Os militares arxentinos resollen a tiros as súas disputas internas (Páx. 14)

## PARLAMENTO

Fraga negouse, máis unha vez, a falar

### Peche ou reprivatización dos estaleiros, cuestión política

■ A. EIRÉ

Pésie a que o tema é crucial para a Galiza, que a comparecencia viña pedida por declaracións propias e que a oposición fora unánime á hora de reclamar a presenza do Presidente no estrado, M. Fraga negouse, máis unha vez, a comparecer, seguindo a tónica de non falar de nengun dos temas de capital interese para Galiza. Só aceneou coa cabeza cando X. M. Beiras lle preguntou se estaba de acordo coa exposición feita polo conselleiro Xoán Fernández en canto á necesidade de reprivatizar Astano e Barreras.

"Astano e Barreras poden ser rendábeis e hai grupos privados interesados na súa compra". Estas foron as dúas conclusións directas que se puderon sacar do debate parlamentario sobre a reprivatización destes estaleiros galegos. Afirmouno o Conselleiro Xoán Fernández e os demais estiveron de acordo. Pero esta comparecencia, non consumada, do Presidente da Xunta, que delegou coma sempre ao longo desta lexislatura nun dos seus conselleiros, non serviu para aclarar por que M. Fraga declarara que se ían privatizar e, logo, que o INI estaba de acordo.

O Conselleiro de Industria explicou que o único que pretendían "era por un colchón de ar por se había que pechar", que a reprivatización se faría o "mesmo que se fixo coa empresa madrileña Enasa, vendida a Fiat", que a "última palabra tiña a INI" e que había "empresas interesadas" polos estaleiros.

Nada novo.



Manuel Fraga negase a falar no Parlamento, adicándose a pensar, ler a prensa ou escribir *christmas*

#### A necesidade de pechar

PP e PSOE pretendían centrar o resto do debate en aspectos técnicos. O Conselleiro afirmaba que eran inevitables as perdas até 1994 e, como a CEE só dá o prazo dun ano para sanear estas empresas, están abocadas ao peche e, polo tanto, en vez de cerralas a solución é reprivatizalas.

Botoulle a culpa da actual situación ao PSOE, porque "todos estes anos non lles aportou capital, desfixo as plantillas restándolles cualificación" até o punto de que en Astano van ter que subcontratar 75 mil horas e en Barreras "estanse a facer os barcos polo monte, noutras empresas", e afirmou que terían sido rendábeis xa hoxe se lle aportasen capital como ás factorías do Puerto de Santa María e fixesen a me-

tade do investimento tecnolóxico que naquel estaleiro; referiu-se a que a demanda de buques medra e concluíu que son viables e que, por iso, hai xente interesados na súa compra.

O portavoz do PSOE, Sánchez Presedo, estivo de acordo na viabilidade dos estaleiros, tratou de exculpar ao INI e ao goberno central afirmando que era unha imposición de Europa e negando que as perdas se pudesen superar até 1995, concluíndo que "o problema non é se están en mans privadas ou en mans públicas, senón en cal é máis beneficioso", tentando pasarlle a pelota ao PP ao afirmar que "a Xunta non debe de aceptar a lóxica de que o INI peche".

#### Coincidencia PP-PSOE

Ante esta coincidencia entre o

PP e o PSOE, Camilo Nogueira preguntábase "por que non se privatiza logo Puerto Real ou Sestao", concluíndo que a de pechar "é unha decisión política e non técnica".

Pola súa banda, X. Manuel Beiras criticou que PSOE e PP andasen a debater se era ou non era boa a política de Solchaga, como se do parlamento estatal se tratase, afirmando que no tocante ao peche dos estaleiros galegos tan culpábeis son uns coma os outros: "ambos son partidos estatais, ambos negociaron as cargas de traballo dos estaleiros e deixaron á Galiza marxina-da, o xogo que están a facer é o xogo do poder".

O BNG, que aboga porque a Xunta interveña nestas empresas, criticou a política privatizadora do PP e da Xunta "que emite débeda para financiar gastos

e nega mil millóns para facerse accionista duns estaleiros, industrias clave para a nosa nación, que, ademais, converterían os recursos públicos en beneficios".

Para X. M. Beiras o PP está a socializar as perdas e privatizar os beneficios e a Xunta está a funcionar "aplicando uns criterios de grupo empresarial, de holding da política, antepoñendo os seus principios ideolóxicos aos intereses da Galiza".


Fraga seguiu *mudo* e un deputado do PP berrou: "eu aburro-me".

Os xornalistas comentaban as desculpas dadas hai dez anos para realizar a *reconversión* mentres o conselleiro falaba da redución do 60 por cento nas plantillas e de como en 7 anos só se crearon 29 postos de traballo pése a promoción de emprego e as axudas.

## ELEIÇÕES MUNICIPAIS

Mentres que Anxo Guerreiro afirma que hai acordo en Vigo

### O PSG-EG nega calquer alianza con EU



A dirección do partido de Camilo Nogueira nega alianzas con partidos non nacionalistas

O Partido Socialista Galego-Esquerda Galega nega que hexa nengun acordo con Esquerda Unida para ir coaligados ás próximas eleccións municipais, en resposta as declaracións do líder do PCG, Anxo Guerreiro, nas que afirmaba que existe un pacto entre o PSG-EG para concorrer xuntos en Vigo, "agardando só que sexa referendado polo Consello Nacional" do partido que lidera Camilo Nogueira.

O Portavoz do PSG-EG, Carlos Vázquez, declaroulle A NO-SA TERRA que "non imos facer

un acordo con Esquerda Unida salvo que viñeran ao nacionalismo ou se integrasen nas nosas listas, algo que nen sequer lles imos propoñer".

Para Carlos Vázquez o PSG-EG nunca vai facer ningunha alianza "se non é no campo nacionalista". "Nós", seguiu a dicir, "intentamos arrastrar aos partidos estatais pero non é posible unha alianza deste estilo; traballamos por unha confluencia co BNG e pretendemos que a dereita galeguista tamén confluía entre ela".

Camilo Nogueira refrendou estas opinións e afirmou que todo parece deberse "a un intento intocador, como pasa cada vez que hai eleccións".

Ainda así, Carlos Vázquez recoñecía que "é lóxico que se debatan no seo do partido estas cousas como outras moitas".

#### Os de Vigo, de acordo

Para Anxo Guerreiro o PSG-EG en Vigo está de acordo con concorrer conxuntamente as municipais e neste senso xa existe un pacto.

Recentemente Xan Cancelas e Cándido Miranda, da dirección local do PSG-EG de Moaña presentaron a dimisión dos seus cargos prestando o escamoteo do debate en torno as alianzas que faría a actual dirección, afirmando representar "a inquietude dun sector de militancia, polo menos, rexional, que inclúe a Vigo e a súa bisbarra", declarándose firmes partidarios dunha *confluencia nacionalista* que incluía a unha serie de colectivos, como EU, PTE e de grupos nacionalistas independentes.



A UN ANO DAS ELEIÇÕES

# Xosé Manuel Beiras

## 'Fraga non está queimado, está carbonizado'

■ A.EIRÉ

Xa vai alá un ano da celebración das eleccións autonómicas que levaron a M. Fraga e ao PP ao Goberno. Na noite electoral o BNG, por boca do seu candidato a Xunta, X. M. Beiras, mostrouse sumamente crítico con M. Fraga, anunciando a intención de "queimalo en seis meses". Xosé M. Beiras contesta agora ás nosas preguntas en relación a aquela polémica afirmación e analiza a andaina do goberno do PP.

**A afirmación feita por vostede na noite electoral de que o BNG ia queimar a M. Fraga en seis meses non pode parecer hoxe máis unha arrotada que unha predicción política séria?** Non. Fraga non está queimado, está carbonizado politicamente. Outra cousa é que no réxime político actual, cun parlamento dominado por unha maioría absoluta da metade máis un, mentres esta existe, aparentemente no Parlamento non ocorre nada. Sucédense votacións que gañan sistematicamente os que teñen esa metade máis un.

Se ese réxime político lle nega toda caste de significado e de relevancia ao que está a acontecer na sociedade, e non se entra sequer a analísalo como sintomatoloxía do estado de saúde dunha equipa de Goberno, pode enganar e dar a impresión de que gozan de perfecta saúde.

Cando pase algun tempo máis, con circunstancias como unhas eleccións municipais ou os acordos entre CG e CdG que produzan, hipoteticamente, a fenda na maioría parlamentaria de Fraga, todo o mundo comezará a facer análises da repercusión diso, pero non terá en conta porque se produce ese achegamento entre un sócio de Fraga e un membro do anterior Goberno tripartito como CG, en vez de dedicarse a cultivar uns vencellos cada vez máis sólidos e máis fortes entre o sócio e o asociado.

Desa maneira pódese chegar á conclusión de que cando ocorren as cousas na superestrutura, quer dicir, no Parlamento, ocorren por xeración espontánea.

### Incumplimento das promesas

#### Que quer dicir con isto?

Que hai que analizar a traxectoria de Fraga e do seu Goberno, e non só desde a súa toma de posesión, senón desde as eleccións do 17 de Decembro, e non centralo só no feito mecánico de que un parlamento eleito para catro anos, cunha forza maioritaria, mentres non pase nada novo ou non haxa eleccións, pode durar así, se facemos esa análise, até o final da lexislatura. Se facemos iso é cando se comproba que Fraga non só está queimado senón que está carbonizado.

**Analísemos esa traxectoria logo.** En primeiro lugar Fraga incumpriu todas as súas promesas

### QUE ESTEÑA QUEIMADO NON QUER DICER QUE PERDA IMEDIATAMENTE O GOVERNO

eleitorais. Diso ten conciencia crecente o eleitorado. A proba son os sondeos de opinión a respecto da intención de voto para as municipais, que non son outras autonómicas polo que non reflexan exactamente o que pasaría se houberse uns comicios galegos, pero traducen metamorfosada, o que ocorre coa cidadanía; eses sondeos de opinión foron un chasco para o Goberno de Fraga. De feito, estabamos en pleno debate parlamentario cando receberam os resultados dos inquiridos e notouse en pleno debate a crispación do susto levado polo Grupo Popular: dábanlles unhas previsións enormemente desfavorábeis para o PP, incluso en cidades onde alcaldes socialistas están enormemente queimados.

Un aspecto máis global dese incumplimento das promesas eleitorais é o de que pésie a elaborar quince tomos, que o PP non tivo a cortesia de mandalo nen sequer aos grupos parlamentarios, o que significaría que debía de ter o traballo feito antes de comezar a gobernar, polo que se debía traducir, loxicamente,



ARQUIVO

nunha enxurrada de iniciativas lexislativas. Estas iniciativas en réximes como o noso son as que lle permiten ao Goberno, sobre todo se ten maioría absoluta no Parlamento, dotarse dun marco lexislativo necesario na súa acción executiva: non presentaron nengunha. As únicas foron as dúas de orzamentos, algo que hai que facer téñase ou non programa, as outras son retoques e modificacións das existentes. Cando un Goberno chega como manada de elefantes dispostos a arrasalo todo e resulta que as iniciativas lexislativas son todas de retoques, é que non teñen nada que dicir ou non están en condicións de traer as iniciativas lexislativas inovadoras das súas liñas de Goberno. Polo tanto, o que é falso é que eses quince tochos tivesen un programa de goberno.

Isto a xente percébeo, porque o padece.

Pensem na cuestión agraria, na situación do sector gadeiro, da agro-industria (Larsa e outras empresas lácteas galegas), a construción naval... e non toman nengunha iniciativa séria que

### FRAGA NON CUMPLIU NADA DO QUE PROMETEU NEN TENTOU POÑERLLE REMÉDIO A NINGUNHA SITUACIÓN DAS GRAVES QUE VIVE GALIZA

non sexan disparates como o anuncio da privatización de Astano e Barreras.

Se un recorre todos os eidos da problemática social, non trouxeron aínda nengunha iniciativa lexislativa.

#### O boi mudo

**Fraga non quer falar disto no Parlamento**

Fraga no Parlamento é un boi mudo que pode falar cun auditorio de *claque* de aplausos. Cando non fala, por algo é. Pero, curiosamente, as únicas veces que falou no Parlamento foi entrando ao engano das provocacións dialécticas lanzadas por distintos deputados do BNG. E saíu para dicir chorradas como aquelas de pretender definir el ao fascismo, que o practicou, excluín dose, e falar da asunción de toda a súa traxectoria política. Foron as únicas intervencións de Fraga.

Un Presidente, que seica ten o estado na cabeza, e non fala no Parlamento é porque ou non ten nada que dicir ou por medo a que se descubra que non ten nengunha resposta a todas as convocatórias de comparecencia que se lle cursaron para que explicase problemas cruciais ou comportamentos de actuación do seu Goberno ou del como Presidente, moi persoalmente.

Se todo iso non é estar queimado, que se entende por iso? Simplesmente que deixe de ser Presidente do Goberno porque perda a maioría no Parlamento. Iso é o que acontecerá como consecuencia da súa descomposición como goberno.

**Pero Fraga semella que goberna.**

É un Goberno presidencialista, autoritario, pero o Goberno non goberna. Tiña todas as posibilidades de coordinar ese Goberno, tan só con que cada consellería executase as súas ordes, pero cada consellería anda por seu lado e as contradicións son tremendas. Incluso chegan ao extremo de provocar o espectáculo da falta de coordinación na elaboración dos orzamentos.

Todo isto pon de manifesto que non era nengunha broma cando nós dicíamos que Fraga queimaríase en seis meses. Os resultados do queime non teñen que ser simultáneos co proceso do queime. Quero recordar que cando Albor saíu da crise coa dimisión de Barreiro e toda a súa equipa o BNG dixo que nacía morto, que só facía falta saber canto tempo tardaría en apodercer. Tardou nove meses, en Setembro houbo unha moción de censura. Que nacesse morto non quer dicir que non durase nove meses, que Fraga estexa queimado non significa que sexa simultánea a súa caída como xefe do Goberno. ♦

## Anunciou que dende agora abandona a militancia política en partidos Manuel Beiras, elexido Presidente do consello rector da Fundación Alexandre Bóveda

■ X.C.R.

Por convocatória da Xunta Xestora, ven de celebrarse, o pasado sábado 15 de Decembro, no Salón de Actos dun céntrico hotel de Pontevedra, a Primeira Asemblea Xeral de sócios da Fundación Cultural "Alexandre Bóveda" que comeza así a súa andaina pública, rematado o período de organización tras a súa constitución formal nun acto protocolizado diante de notario, o último 29 de Setembro, contando coa participación dunhas cincuenta personalidades do mundo

cultural galego e directa dalgúns instituídos privadas, coma as Fundacións Castela e do Pedrón de Ouro, a Asociación Cultural "Alexandre Bóveda" de A Coruña, e mesmo a Asociación "Xenevra" da Suíza.

A Asemblea comezou cun informe da Comisión Xestora, presentado polo sr. López de Guereñu, que pormenorizou a labora feita até agora, lamentando a falta de apoios nalgunhas institucións públicas vencelladas significativamente á figura histórica de Alexandre Bóveda, ao

tempo que agradecía publicamente o especial pulo dado polas corporacións dos Concellos de Soutomaior e Poio, que teñen acordado xa aportar unha contribución económica anual, estábel á Fundación.

César Cunqueiro, apresentou unha análise dos Estatutos da Fundación, que foron ratificados por unanimidade, considerando que garantían o pluralismo de opinións, espírito unitario e a integración de todas as persoas e institucións que desexen sumarse á tarefa e obxectivos que persegue a Fundación "Alexandre

Bóveda".

Elixíuse, por aclamación da única lista presentada, a Xunta Rectora: Presidenta de Honra: Amalia Alvarez Gallego (viuva de A. Bóveda); Presidente: Manuel Beiras Garcia; Vicepresidente: Fernando G. Quintela Novoa; M. Dora Perez Alarcón; Secretario: Xose Castro Ratón; Tesoureiro: Xose M<sup>a</sup> López de Guereñu Rei; Vocais: Santiago Saians Leal, Nicolas P. Iglesias Pereira, Francisco Lopez Franco, Xosé A. Villar Piñón, Sebastián Rodríguez Outeda.

Pechouse o acto cun discurso

do Presidente do Patronato e da Xunta Rectora, Manuel Beiras, que salientou a necesidade de manter viva a memoria de Alexandre Bóveda, erguéndoa en símbolo unitario de "quen traballamos día a día por unha Galiza, dona de seu". Rematou proclamando que "como mostra de unidade entre todos os nacionalistas galegos, co ánimo de integración e concórdia política, desde o intre que asumia a presidencia da Fundación "Alexandre Bóveda", deixo a militancia política nun partido concreto para ser, simplemente, nacionalista". ♦



## TRIBUNAIS

## Suspendido o xuízo contra os independentistas galegos Unha representación teatral impediu que Susana Poças fose visitada polo seu pai

■ A.F./MADRID

"As dificultades de traslado", que impediron que a maioría dos oito encausados chegasen a tempo, foi o motivo da suspensión temporal do xuízo aos oito independentistas galegos que ía ter lugar o luns día 17 na Sala Segunda da Audiencia Nacional de Madrid.

"En Yeserías impediron que vise a miña filla pretextando que non había funcionarios que me acompañasen porque estaban ocupados nunha función teatral para os detidos", afirma Mário Galvão Poças, pai de Susana L. Poças, nunha carta remitida a este semanario.

Mário Galvão viaxou desde Porto a Madrid, para asistir ao xuízo e ver a súa filla, preguntándose "que autoridades son as que se preocupan de dar unha imaxe de humanitarismo pero que non permiten a un pai que viaxa 1.300

quilómetros vexa a súa filla nen un miserábel minuto".

Susana L. Poças, que padece epilepsia, sufriu recentemente un agravamento no seu estado, estando nove días con perda do coñecemento a raíz dun paro cardíaco.

Doris Benegas, que, o mesmo dos avogados defensores estiveron de acordo coa suspensión, ao estar presentes na sala unicamente os dous encausados que se encontran en liberdade, Manuel Soto e Alfredo Santos, pediu que antes de sinalar a data do xuízo se comprobe o estado de saúde de Susana para que non teña que suspenderse novamente o xuízo. Aínda así, os avogados defensores reclamaron que a vista oral teña lugar o máis pronto posible e que se celebre en días consecutivos en vistas do número de testemuñas e familiares que se teñen que desprazar desde Galiza.

### Só catro encausados recoñecen pertencer ao Exército Guerrilleiro

O fiscal pédelles para os oito pro-



Antón Arias Curto, á dereita con barba, nunha reunión política anterior ao nacemento do EGPGC

cesados penas que suman 163 anos e seis meses de cárcere, imputándose delitos de pertenza a banda armada, depósito de armas de guerra, teenza de explosivos, falsificación do D.I. e colaboración con banda armada, por máis que só catro dos detidos en 1988 recoñecen pertencer ao Exército Guerrilleiro.

Unha das persoas acusadas de colaboración con banda armada, é Miguel Campuzano, que sempre negou calquer relación co grupo armado. A FPG, orga-

nización na que milita, difundiu un comunicado esixindo a súa posta en liberdade e a súa absolución no xulgamento.

Máis de 300 persoas que desenvolven a súa actividade no ámbito sindical, no que viña traballando Campuzano antes de ser detido, tamén pediron nun escrito a súa posta en liberdade.

Miguel Campuzano ten as mesmas acusacións que Alfredo Santos e Manuel Soto, pero estes foron postos en liberdade mentres el segue no presidio. ♦

## UN ANO DE FOLGA DE FAME

## Só un dos 59 folguistas iniciais foi apresentado polo goberno como *reinsertado* A maior parte dos presos do Grapo padecen lesións irreversíbeis

■ UPA-ANT

Co inicio de Decembro cumprese un ano da folga de fame que seguen 59 presos e presas dos Grapo en demanda de melloras das súas condicións de vida e en protesta pola política de dispersión practicada polo goberno. O 25 de Maio falecía José Manuel Sevillano, após de 176 días sen inserir ningún tipo de alimentos. En 1981 morrera xa outro preso dos Grapo, Juan José Crespo Galende, a consecuencia doutra folga de fame.

Esta protesta é unha das máis longas que se teñen levado a cabo no mundo, se ben chocou ate agora coa indiferencia gubernamental e mesmo de boa parte da sociedade. O debate foi orientado, en exclusiva, a deter-



Familiares de presos dos Grapo nunha protesta polas condicións da reclusión

minar se era ética ou non a alimentación forzosa dos presos.

Esta longa protesta surtiu tras o incumplimento dun compromiso por parte das autoridades penitenciarias que dera fin á folga de fame anterior, de dous meses de duración. O goberno puxo en práctica a política de dispersión dos presos por diferentes presidios, así como un réxime de aillamento (unha hora de patio, dez minutos de comunicación coa familia á semana, imposibilidade de traballar ou estudar, limitación de correspondencia, visitas, etc.) Os presos denuncia-

ron tamén os maos tratos e as vexacións que sofren constantemente. A esta situación hai que engadir o feito de que o Xulgado de Vixiância Penitenciaria, número 2 dictara a orde de que non se deixara entrar aos avogados dos presos xa penados, en virtude de que ao estar xa condenados non tiñan dereito a seren defendidos.

### Lesións irreversíbeis

A alimentación forzosa non impide que a maioría dos presos padeczan xa lesións irreversíbeis. Varios dos 59 folguistas iniciais

depuxeron a súa actitude ante a súa grave situación física, pero unicamente un deles, Telmo Varela, decidiu acollerse a condicións favorábeis no cárcere que lle permiten disfrutar de réxime aberto con permisos, o que foi amosado polo goberno como exemplo da política de reinsertión, aínda que o propio preso nega terse arrepentido.

Os folguistas foron conectados a aparatos que os manteñen con vida, alimentados artificialmente con sondas, aillados e afastados uns de outros para que abandonasen a súa actitude. A mencionada alimentación forzosa é recoñecida como insuficiente polos médicos que os tratan. Os complexos vitamínicos que lle son proporcionados non impiden o fallo, nun momento ou outro, do corazón. Por este motivo, non é constante a aplicación destes métodos mentres o corpo responda e aumente de peso. Sen embargo, as mulleres recluídas en Yeserías foron enchufadas constantemente pois o seu peso non supera os 30 quilogramos. ♦

● **O alcalde de O Carballiño aplica o imposto máximo aos bens inmóveis.** O Grupo municipal do BNG, acusou ao pp-CdeG no goberno municipal do Carballiño, de "estafa encoberta" por mor do cobro do imposto do IBI, xa que ao concello aplicou o 0,4% de taxa de valor, cando podía ter aplicado o 0,1%, co cal se gravaría moito menos os cidadáns, informa **Xosé Ramón Castro**.

O grupo de goberno do Carballiño, apresurouse a dicir que non lle afectaba o decreto Solchaga e que aplicaba a taxa mínima permitida. Tras unha tortuosa recollida de datos, o concelleiro do BNG achou uns papeis que deixaban ver o ánimo recadador do PP. Nun principio as teses do Bloque, corroboran que o decreto Solchaga non afectaba para nada ao Carballiño, contodo existía un caso de negligencia flagrante no imposto porcentual.

A historia é a seguinte, despois do verán pasado o alcalde da vila, Arximiro Marnotes envía unha carta a Facenda na que recoñece o ostensible aumento e pregunta se é posible baixar o tipo de gravamen. O día 2 de Novembro do 89, facenda comunícalo que non é posible; pero o quince do mesmo mes reconsidera a súa postura e envía unha carta ao concello argumentando que se pode baixar ao tipo até o 0,1, cuestión que repite nun escrito ao centro de xestión catastral. É aquí cando o goberno "emite" a carta, que non saí á luz pública até a última semana, un ano despois de chegar ao concello, que pudo reducir nun setenta e cinco por cen as contribucións dos cidadáns.

A todo isto hai que engadir a "información sesgada" que facilitaron a oposición, chegando a desaparecer a propia lei do concello. Ante esta situación, o BNG de O Carballiño pediu a dimisión do grupo de goberno "que se ten que ir antes de que a xente os bote, xa que lle tocaron o peto e pódese formar un follón grande".

Ademais o Bloque tamén salienta que se cometeu outro atropelo co cidadán, ao cobrarlle o recibo da cámara da propiedade urbana, cando a propia lei de presupostos indica que é optativo e que baixo ningún concepto poderá cobralo a mesma empresa que se encarga da recadación municipal, cuestión que si se dá no Carballiño. ♦

● **No IV centenario de San Xoán da Cruz.** O frades carmelitas descalzos están a homenaxear a San Xoán da Cruz no IV centenario da súa morte. Esta homenaxe ao místico mais clásico da Igrexa tivo lugar en Segovia, onde está enterrado e desde ali irase repetindo en varios lugares.

A celebración festiva non impediu ao presidente xeral desa orde o lamento de que coincidise coa aprobación por Xoán Paulo II da "permanencia na contrarforma" duns poucos conventos femininos de carmelitas españolas. Sabido é que o Vaticano ordenou que todas as regras e constitucións monacais e conventuais deberían reformularse de acordo cos principios conciliares. Unha minoría de monxas carmelitas rexeitaron e conseguiron que Roma lles dese carta de excepción a tal obrigatoriedade. Os motivos máis invocados polas monxas non reformadas son a súa vontade de "clausura rigorosa" sen as mitigacións do Concilio. ♦

somos coñecidos na Galiza inteira, pola nosa especialización en libros galegos e portugueses



Praza do Libro  
Tel. 26 63 77  
A CORUÑA

República  
de El Salvador, 9  
Tel. 56 58 12  
SANTIAGO



tenda, material fotográfico, estudo, reproducións, diapositivas de textos, revelaxe, cibachrome.

r/ coruña, 19-baixo, telf. 986/ 23 31 05 vigo



MEIO AMBIENTE

'O traballo do naturalista é unha forma de vida'

## Francisco Sierra Pipo, portavoz do grupo Erva

■ RODOLFO DA CUÑA/VIGO

Lémbrese ben das primeiras mobilizacións públicas dos anos 74-80, cando el e os seus compañeiros empezaran a saír á rua xunto con persoas de sindicatos e grupos políticos contra a central térmica de Xove; contra os vertidos nucleares na fosa atlántica ou contra a degradación do río Miño, tema este hoxe vixente, e que cobra interese en ambas as dúas marxes fluviais dado o achegamento actual, entre unhas comarcas e as outras.


Daquela, no ano 75, —di sorrindo—, no ecoloxismo eramos catro "pelagatos", xente toda moi nova que no noso caso fómonos formando nos estudos de campo grácias á Sociedade Galega de Historia Natural. Despois ao irmos madurando decidimos criar o noso propio grupo, xa que nos interesaba máis o traballo educativo e o contacto directo coa xente que teorizar ou saír nos medios de comunicación. Uníanos o afán por catalogar especies a protexer, dar a coñecer toda esta riqueza ás nosas xentes e á vez entrar en relación con outros grupos, doutras zonas do Estado, que nos levaban anos de vantaxe no tema.

**Pero hoxe en día teñen avanzado moito no tocante á participación na estrutura da agrupación, con persoas procedentes de distintos eidos profesionais.**

Hai individuos que nos apoian pagando unha cuota mensual, ou simplemente avisándonos de tal ou cal desmán nun humidal ou zona de floresta autóctona. Despois estamos un grupo minoritario duns 50, que somos os máis activos, e se queres os máis comprometidos con toda a problemática ambiental, aínda nesta causa ninguén sobra; cada quen traballa ao nivel que pode e adícalle do seu tempo o que as demais ocupacións lle permiten. Sempre tivemos moi presente que o fundamental era mimar a canteira, ir recibendo novos membros, iniciais no camiño rigoroso do conservacionismo, da ecoloxía de campo e da zooloxía aplicada por exemplo. Do mesmo xeito que outros fixeron conosco na etapa anterior. Eles son os futuros técnicos, operarios, empresarios, pais de familia, mestres; nunha palabra, a consciencia viva do país.

**Entón podemos deducir que hai que manterse nunha atitude xenerosa e cunha clara visión participativa para que o proceso de conscienciación continue?**

É certo que existen grupiños dentro da corrente ecoloxista que divulgan socialmente cando en vez pero que se adican a unha labourea pechada, centrada neles mesmos, eu non digo que isto non sexa válido, o que sucede é que nos supéramos



esa etapa hai varios anos, alá polo 82.

A nosa liña consiste en preparar nova xente que leve adiante proxectos coma o noso, ou polo estilo, nos seus concellos e comarcas coma ocorreu no Morrazo co grupo "Luita Verde".

**Tamén coa "Asociación Naturalista do Baixo Miño"?**

Si, pero nese caso nós só fomos uns orientadores; unha guía cara os estudos de campo e os métodos de traballo, nos locais veciñais, nos centros escolares, etc. O fundamental é que vaian xurdindo células de participación, algo cada día máis necesario habida conta da situación non só nestas materias específicas, senón no meramente humano, no económico e social en xeral. Por iso parécenos igualmente moi oportunos os programas concretos de acampada, excursionismo, e as charlas-colóquio con material audiovisual. Mesmo convénios de colaboración coa Consellería de Agricultura, cando eles se prestan, empézanse a dar, froito en boa medida, da propia demanda popular.

### 'O QUE SE APRÉCIA É A CARÉNCIA GRAVÍSIMA DUNHA ORDENACIÓN URBANÍSTICA LOCAL'

**Cales son as principais problemáticas medio-ambientais?**

De xeito primordial e moi por diante de todos os demais, sen dúbida, o fenómeno incendiario e as súas consecuencias socio-económicas, paisaxísticas e edafológicas polo empobrecemento do chan; é o máis grave problema ecolóxico que temos porque afecta e pon en perigo a riqueza dos 3 millóns de Ha. do territorio galego. Despois temos toda unha serie de cuestións de tipo comarcal e localista como por exemplo en áreas concretas do

concello de Vigo, das Pontes de García Rodríguez, da desembocadura do río Lérez e por extensión a ría de Pontevedra, no concello de OPorrño co tema das Gándaras de Budiño e o río Louro; o Miño ao seu paso por Ourense capital, ou problemas de contaminación por vertidos químicos e urbanos na ría de Ferrol, etc.

Teríamos de destacar tamén outra problemática grande, e é a da contaminación acústica por ruidos, que en cidades coma Vigo ou ACoruña son cuestións serias que hai poucos anos o cidadán non padecía. Hoxe en día segundo un estudo que chegou ás nosas mans, no Estado español o 50% da poboación suporta taxas de ruidos bastante por riba da media recomendada pola normativa da C.E.E., con consecuencias para a saúde pública de tipo nervoso, de insomnio, e de perda de audición; todo o cal incide na nosa calidade de vida. O que se aprécia ben ás claras detrás de toda esta panorámica xeral, é a carencia gravísima dunha ordenación urbanística local, e no conxunto de Galiza unha ordenación do territorio. Aquí cada quen fai un chalé, unha fábrica, un campo de golf, ou abre pistas nos montes onde e como lle peta, e isto non pode ou non debería ser.

E aínda digo máis, agora cos plans de obras públicas estanse a facer desecacións de zonas húmidas, grandes movementos de terras; e xa, trazados no papel, dos accesos rápidos e autovias sen que polo de agora se teñan feito, que nós sabemos, estudos rigorosos de impacto ambiental. Todo isto o único que favorece é unha situación de especulación e de terro ambiental progresivo.

**A constitución da "Plataforma de grupos eco-naturalistas galegos" supuxo unha mellora cualitativa para o movemento de base?**

Si. Todo o que sexa confluencia de ideas e proxectos a levar a cabo, terán máis repercusión se de antemán son conxuntamente compartidos e aceptados. Se ben, despois cada grupo traballa autonomamente na súa área ou comarca respectiva todos os representantes reunímonos periodicamente para intercambiarnos todo tipo de opinións e informacións; de feito nós estamos no Patronato de Xestión das Illas Cies representando á Plataforma cun programa de repoboación gradual do parque natural, iniciado o ano pasado a base de castiñeiros, loureiros, carballo común e carballo cerquiño, especie propia das rias baixas.

Esperamos, en canto que "Asociación de asociacións", estar presentes cando se elabore e debata o "plan forestal galego", co peso social que por xustiza temos. Entre outras cousas, porque nela estamos todos os colectivos e agrupacións que na Comunidade se precían de activos e loitadores. E porque aí ha-se decidir parte do noso futuro.

Orabén, no plano persoal e de conxunto, o grupo está disposto a ir a todas as localidades e a colaborar con todas aquelas persoas que queiran aportar o seu esforzo á educación ambiental. ♦

POLÉMICA INSTITUCIÓNS- SOCIEDADE CIVIL



## Membros do colectivo ecoloxista Sobreira cuestionan a súa relación co concello de Lalín

■ DESIDERIO MARTINEZ/LALÍN

Do 26 de Novembro ao 2 de Decembro celebráronse en Lalín as primeiras Xornadas Medio-ambientais organizadas polo propio Concello. Como entidade colaboradora aparecía o Grupo Ecoloxista Sobreira, e con dous dos seus membros, Miguel Agulló e Xam Vázquez Outeiro, conversamos sobre a verdadeira historia destas Xornadas. Segundo comentan os dous naturalistas, "o que fixo o Concello foi lucirse a conta nosa".

O Grupo Ecoloxista Sobreira veu a luz oficiosamente a fins do 88. Desde aquela o traballo realizado foi máis ben cativo, porque, como di Miguel, "ata agora só traballamos catro ou cinco e nas poucas horas libres que temos. Ademais esta vila é moi pouco receptiva a todo tipo de impulsos renovadores, o cal supón sempre un atranco". A súa primeira actividade meditada de cara ao escaparate eran precisamente estas Xornadas, ás que se adicaron por inteiro estes últimos seis meses. A data para a que estaba previsto realizalas era a primeira semana de Outubro, mais non se puderon levar a cabo ao non recibir contestación por parte do Concello a unha solicitude feita xa en Maio para poder usar o Museo desta localidade. "Agardando esta resposta —comenta Xam—, sorprendenos un día a prensa coa noticia de que o Concello ía realizar unhas Xornadas Medio-ambientais que semellaban moi similares ás nosas." Miguel Agulló comenta que o Concello se puxo en contacto con el para establecer unha colaboración de cara á realización destas Xornadas, afirmando que "ao noso parecer xa colaboráramos bastante cando entregámos o proxecto ao solicitar a subvención. O programa que o Concello desenvolvía era o noso, co engadido de certo número de excursións que o presuposto que nos concederan non podía levar adiante." No que respecta á cuestión dos cartos e onde os ecoloxistas mostran máis indignación. Segundo declaran, o Concello dispuxo de perto dos dous millóns de pesetas para levar adiante o seu proxecto.

Grande parte desta cantidade foi suministrada pola Consellería de Agricultura através dunha subvención a proxectos desta índole, "mais o feito é que eles consideraron esta cifra como a necesaria para realizar as Xornadas, e a Consellería respostoulles afirmativamente. Cando nós as propuxemos, o Concello outorgounos 50.000 pesetas e da Xunta mandaron 100.000 para esta e outras catro actividades máis programadas. Non sabemos se consideralo un "erro" ou un desprecio", afirma Miguel.

### O repentino ecoloxismo do concello

Os dous coinciden en afirmar que esta sorpresa do Concello, esta volta repentina cara o ecoloxismo activo, pode tranquilamente deberse á intención de capturar "votos verdes", e tamén "como necesidade para non quedar marxinaada con respecto a Silleda, que ultimamente viña realizando unha serie de actividades para a concienciación naturalista que probablemente tivesen como único fin o de colocalo como Concello pioneiro nesta carreira ante os espectadores. Feitos como o da repoboación de motoristas non poden ter outro fin."

O certo foi que os membros deste colectivo colaboraron na celebración das Xornadas, pois como afirma Xam, "son unha actividade interesante e incluso necesaria, sempre que se despoxe de connotacións do tipo das que neste caso confluiron." En palabras de Miguel "é vergoñento ter que colaborar cun organismo que desde a nosa perspectiva se veu caracterizando desde sempre pola súa nefasta actuación cara os intereses que nós defendemos, non hai máis que pasear un pouco polos nosos montes e rios para constatalo, mais considerámolo preferíbel a abandonar o noso proxecto e deixar que eles o fixeran todo." Ao final, segundo comentan, fíxoo case todo Sobreira menos traer os conferenciantes ("que curiosamente eran moi pouco críticos", di Xam cun irónico sorriso) e realizar os concursos entre nenos "porque estimulan a competitividade dun xeito máis propio de cazadores que de ecoloxistas". Para rematar, Miguel sinala "a incompetencia do Concello para organizar este evento. Ata tivemos que chamar varias veces nós polo seu teléfono para contactar con algunha xente da que semellaban descoñecer a súa existencia". ♦



## CRISE INDUSTRIAL

## A comarca de Ferrol mobilizarase novamente demandando construír buques O Conselleiro e o Alcalde ferrolán anúncian proxectos para Bazán e Astano

■ E. SANFIZ / FERROL


A comarca ferrolá debería estar xa feita aos "xogos de mans" ou vaivéns informativos de distintos proxectos -e só dos proxectos industriais anunciados e desmentidos reiteradamente pola administración desde 1984. Apesar de todo non deixan de sorprenden, e incluso confundir, as últimas e contraditorias novas en torno ao futuro da Bazán.

Mentres a dirección de Bazán lle comunica ao comité que para 1991 non existe carga de traballo e que polo tanto se debe regular -ou enviar para os seus domicilios temporalmente- á metade da plantilla, o conselleiro de industria, Juan Fernández, anúncialle ao órgano laboral que haberá traballo no vindeiro ano para Bazán aínda que a Xunta teña que financiar as dúas fragatas previstas para 1991 -anuncio logo desmentido polo propio Fernández- e o alcalde de Ferrol Couce Pereiro -citando ao ministro de Defensa- asegura que a Armada Española cumprirá os seus compromisos co estaleiro ferrolán e polo tanto haberá ocupación para 1991. En conxunto unha maré de confusións e contradicións por parte de dirixentes políticos que, segundo os sindicatos, "marean a perdiz" movidos unicamente por intereses eleitorais.

### Segura regulación

A cuestión é que semella que haberá regulación de emprego en Bazán para 1991 -sexa en maior ou menor medida- e o conxunto do comité de empresa denuncia que esa decisión anuncia o principio da crise da industria naval militar e polo tanto reivindica o acceso do estaleiro ferrolán á construción de buques civís, cuxo mercado parece ser máis boiante na actualidade. Para iso sería necesaria a derogación dun Decreto Lei publicado polo Goberno da UCD que restrinxía ás actividades da Bazán ao terreo militar.

Segundo os sindicalistas, en Estados Unidos xa se iniciou a reconversión dos estaleiros militares en civís, e iso é claro sintoma do futuro que agarda ao sector, non tanto polas iniciativas de desarme e desbloqueo da guerra fría -que tamén poden influir- senón polo avance tecnolóxico da industria de guerra que fai inoperantes as grandes fragatas que se construían hai algúns anos e posibilita o desprazamento das investimentos militares cara outros terreos. Somentes así se pode explicar -segundo os sindicalistas- o abandono de USA e dos principais países europeos dos traballos de redacción conxunta dun proxecto de fragata denominado F-100 que até o momento



estaba en marcha para construír o mesmo modelo de buque que serviría para as Armadas de diferentes países.

### Proxecto E-3

Pola contra -sinalan as mesmas

fontes para defender a súa alternativa de adicación do estaleiro ferrolán- se segue en marcha outro proxecto conxunto entre cinco grandes estaleiros europeos -entre eles *Astilleros Españoles* de Puerto Real pero non Astano- denominado E 3 (Europeu, Ecolóxico e Económico). Os técnicos desas factorías desexan un petroleiro de grande tonelaxe (280.000 toneladas de peso morto) e uns considerábeis avances tecnolóxicos e medidas de seguridade que poidan disminuír o risco de desastres ecolóxicos. Segundo as publicacións especializadas o obxectivo do E3 é ser competitivo no mercado cos estaleiros xaponeses que ofrecen desde xa buques de grande calado con dobre casco e dobre fondo que alonxan o perigo das te-


midas "mareas negras" en caso de accidentes marítimos.

Os dirixentes sindicais afirman que estas directrices e iniciativas empresariais corroboran o bon momento que atravesamos no mundo o sector naval civil, e indican que iso fai aínda máis absurdo que se continúe proibindo o acceso ao mercado libre da construción de buques dos dous grandes estaleiros públicos da comarca ferrolana: Astano e Bazán. Precisamente ese podería ser a principal reivindicación de medidas de presión comarcais que o conxunto dos sindicatos se atopan desexando e que moi posibelmente volvan a por moi pronto de actualidade á Ferrolterra e ás súas demandas de reindustrialización. ♦

O SEU ASESOR FISCAL RECOMENDARALLE UNHA CONTA ASÍ

**15%**  
DE DESGRAVACIÓN

# PARA VIVIR



Se vostede plantexase adquirir unha nova vivenda ou reformar a que ten, o BANCO PASTOR vai axudarlle. CONTA VIVIENDA, unha conta para VIVIR. Permitele DESGRAVAR XA UN 15% na súa declaración da renda, ANTES DE COMPRAR A VIVENDA.

RENDABILIDADE DE ATÉ O

**10%\*\***

Obteña un interés **ATÉ o 10%\*\*** T.A.E. e todo sen necesidade de compra agora, fágao cando queira, dentro dos próximos catro anos, pero empecese a desgravar agora coa CONTA VIVIENDA DE BANCO PASTOR. Non dubide en consultarnos. ESTA É A SUA CONTA.

UNHA CONTA PARA VIVIR

CUENTA VIVIENDA



**Banco Pastor**

\* 15% de desgravación segundo os límites marcados pola lei vixente.

\*\* Para 250.000 Ptas., 7,60% T.A.E.; Entre 250.001 e 5 millóns, 8% T.A.E.; Máis de 5 millóns 10% T.A.E.



DEPORTES

'Gostaríame chegar ao Celta ou Deportivo'

# Fernando Santos, o adestrador de moda do fútbol galego

■ VITOR MIGUEZ

Ten 38 anos, defínese profesionalmente como adestrador e máis nada. Naceu ás ribeiras do Lérez o 20 de Febreiro de 1952 e xa desde pequeno militou nas categorías inferiores daquel Pontevedra do "Hai que roelo". De vagariño foi crecendo en idade e en calidade até que logo de figurar como titular da primeira equipa comezou a súa carreira como adestrador de fútbol na mesma. Hoxe é o entrenador do Compostela.

Foron 22 anos ás beiras dunha equipa da que, nótaselle ás claras, garda un vivo afecto. O Clube Deportivo Arenteiro foi unha nova traxectoria profesional na 2ª División, B ali traballou até que no 1989 Xosé María Caneda, Presidente da Sociedade Deportiva Compostela, decidiu contar cos seus servizos. Era un reto duro, supuña baixar á 3ª División a un conxunto con claras aspiracións de ascenso, pero nunha cidade aletargada futbolisticamente. Fernando xogou a súa baza e asinaba por un ano. Despois viría o ascenso, a renovación e demais; pero Santiago aínda na 2ª B permanecía impasíbel e a equipa perdía sócios até que con cáseque catro meses de competición Fernando facía líder ao Compostela, colocándose como adestrador de moda na Galiza, e o que é máis difícil, "colocando" aos santiagueses en Santa Isabel.

**Cales son as novidades introducidas na equipa desta temporada?**

Basicamente manteño o mesmo conxunto, a excepción de catro novas incorporacións, Salvador, que veu do Boiro; Tono do Lalín e Vitor do Arenteiro; todos eles medio-campistas. Na parte dianteira incorporouse Mella, procedente do Deportivo. De todos os xeitos, manteño todo o bloco da pasada campaña.

**Que porcentaxen poden ter as novas incorporacións na marcha fulgurante do Compostela?**

Penso que non moito, a virtude é manter o grupo humano. Como xa dicía antes, son os mesmos xogadores e o mesmo sistema que os do pasado ano os que manteño agora. Aínda que Vitor, Tono e Salvador veñen xogando asiduamente, considero que eles acopláronse ao sistema, e non o sistema a eles, isto coído que é clave.

**Neste senso, destaca a boa marcha de conxuntos consolidados tecnicamente en categorías incluso superiores, como Albacete e Lleida na segunda División A, Equipas tamén recen ascendidas.**

Claro, é que a Lleida e Albacete lles pasa o mesmo. Aínda que os xogadores non teñen o nome doutros, a conxunción obtida no

exercício de pasadas temporadas é fundamental. Pero é que ademais, no noso caso mantemos a mentalidade de vitoria; o ano pasado perdemos tres partidos, e este ano tan só saímos derrotados nunha ocasión.

**Cal era o obxectivo do C.D. Com postela a principios de temporada?**

Consolidar-nos e crear unha base para acadar cotas maiores en vindeiros anos.

**Compartía no seu caso as mesmas aspiracións?**

Home, un sempre ten confianza no traballo, e eu pensaba que a permanencia podíase acadar. A cuestión principal estriba na igualdade da categoría. Todas as equipas están moi igualadas. O ano pasado, o Racing descenceu, e descendeu por facer as cousas non todo o ben que se podían facer, en definitivo, por durmírse. Nesta categoría ninguén se come a ninguén; a pesar disto, eu teño esperanzas de salvarnos, pero nen os máis optimistas agoiraban o acontecer nestes momentos.

**E nestes momentos, cal é o seu obxectivo persoal?**

Unha vez que estás arriba tratas de ser o máis grande; pero eu, que son home de fútbol e que apesar da miña mocidade levo moitas batallas, sei que hai mellores equipas, como o Atlético Madrileño, o Real Madrid Deportivo ou o Clube Deportivo Ourense; son equipas con moito maior presuposto e mellores xogadores, e iso dalles dereito a estar diante nosa, pero a moral é importante e fai que nós aínda podamos dar a sorpresa.

**Preocupación polo triunfalismo**

**En relación con isto, preocupalle a creación dun ambiente triunfalista a estas alturas?**

Claro que me preocupa, e loito contra iso. Pero, por outro lado, é lóxico que os afeixoados teñan ilusión. A ilusión está voltando ao afeixoadado, e se nos sentimos orgullosos de algo, é de sacar do letargo á afeixoadado. Antes ían 200 persoas ao campo, e agora hai taquillas de até un cuarto de millón; pasouse do cero ao infinito; hai corrillo na rua, nas tabernas, etc... Disto, sobretudo, sentímonos orgullosos.

**Fernando; que culpa teñen os sistemas dos adestradores no xogo dunha equipa?**

A colocación dos xogadores é importante. Ten a ver cunha filosofía, e esa filosofía é importante, incide no espectáculo dún xeito notábel. Mais eu penso que os adestradores estamos condicionados polos resultados e imos a amarrar, esquecéndonos do espectáculo, pero se o fas doutro xeito, tes que ter en conta



**'FUTBOLISTICAMENTE TEMOS MOITO QUE MELLORAR. NA GALIZA TIÑA QUE HABER CAMPOS DE ERVA, POLO CLIMA, E HAI DÉFICIT DELES'**

que todos queren gañar, apesar de non dar espectáculo. E a lei da sobrevivencia. Non é como hai anos, nos que a xente ía ao campo a ver eses tremendos partidos onde se producían esas grandes goleadas.

**Fican, sen embargo, técnicos especiais como o Pacho Maturana no Real Valladolid, non si?**

Non exactamente. Tampouco Maturana ten unha equipa que meta moitos goles ou faga maravillas. É unha filosofía distinta, non é un grande espectáculo. Maturana mantén un traballo zonal e despreocúpase do contrario, agora mesmo está sendo cuestionado, se non fose porque é de fora xa o terían botado do Valladolid.

**Tendo en conta o factor técnico, pero tamén o traballo dos xogadores, séntese satisfeito co traballo dos seus pupilos?**

Si, estou identificado cos xogadores e co traballo que están a realizar. Este éxito parcial débese ao sacrificio do día a día, da semana. De todo iso sacamos un grande beneficio.

**Abstraéndonos un chisco destas cuestións; Que opinión a nivel técnico e de plantilla ten tanto de Deportivo como do Celta?**

O Deportivo ten mellor equipa e máis posibilidades para o ascenso, e mantén a base dun conxunto que chegou á promoción. Xogadores como Uralde, Mugika, os dous iugoslavos e Josu góstanme moito. Se non acadan

o ascenso sería un fracaso. De Arsénio teño unha impresión positiva, é un home coherente, sen grandes altos e baixos; sabe por onde anda, de feito levou o pasado ano ao Deportivo á promoción.

**De todos xeitos, non lle parece un adestrador para equipas menos técnicas. Explícome; o éxito da promoción non se debería a que o Deportivo do pasado ano era un bloco axeitado para un xogo pouco técnico e xa que logo defensivo, ou sexa, que as mentalidades defensivas de plantilla e adestrador coincidían. O deportivo deste ano é máis técnico e atacante.**

Home, se repasamos algo a súa traxectoria, sempre dirixiu equipas da zona media; de todos xeitos é un aspecto que, simplemente, se lle achaca. Se acaso o que non me gusta do Deportivo é a súa irregularidade, non entendo esas rachas que lle fan gañar e perder sen unha orde aparentemente lóxica. Isto impédelle á equipa chegar máis arriba do que realmente está capacitada. Desde logo, se este ano non acadan o ascenso sería un fracaso grandísimo.

O Celta ten unha equipa xusta para acadar a promoción, pero se ten homes mancadados como Vicente I non ten os trocos suficientes para compensar as baixas. En virtude disto, o Celta terá de xogar ao tope das súas posibilidades, se non, van sufrir moito. Eu non o coñezo a fondo, pero deberían igualar o xogo da casa co que efectúan fora; de non facelo así, vano ter moi complicado.

**E do futuro do Celta e Deportivo e mais do seu...?**

O meu futuro pasa por tentar chegar ao máximo. Arriba non sempre están os mellores, pero hai que ter ilusión e loitar por se algun día chegas a primeira. Polo de pronto a miña aspiración está en elevar a categoría; gostaríame chegar tanto ao Celta como ao Deportivo; son as dúas equipas da Galiza con máis prestixio, e sería unha honra poder dirixilas; logo se se pudesese mellorar, ben.

**Finalmente; que opina un home como Fernando Castro Santos do fútbol galego na Galiza?**

Trato de defender ao meu país nos seus actos e nas miñas manifestacións. Sobre todo cando un está fora das nosas latitudes trata de defender á nosa terra. Futbolisticamente ten de mellorar moito; a infraestrutura de campos e meios, así como adestradores que ensinen aos nenos é moi pequena. Na Galiza tiña de haber campos de erva polo clima, e sen embargo hai déficit deles, e por aí hai que pasar para que o fútbol galego estexa ao nivel do basco, o catalán ou o valenciano, onde por certo, non hai nada moito mellor que o noso. Nós, os galegos, temos unha raza importante de persoas loitadoras e de caste nobre, e iso, e é unha mágoa, non está sendo favorecido.

O MELLOR DOS MUNDOS

Vivimos no mellor dos mundos posibles  
Felipe González

X.M. Beiras tiña acusado a Fraga de ser un *boi mudo*, por non intervir nos debates parlamentarios sobre temas cruciais para o país. A Nosa Terra puido saber a que se dedica ultimamente o presidente durante as sesións: enche felicitacións de Nadal do Unicef. Cando xunta un molote sae da cámara, supoñemos que para darllelas a algun secretario para que as bote no correo.

Outro deputado foi *pillado* infraganti. Bautista Alvarez deu aviso ao presidente da cámara de que Durán Casais, o famoso alcalde da Póvoa do Caramiñal, votara por si e máis por un compañeiro. Durán sorprendeuse da amonestación e afirmou que algo así non o consideraba importante e que de feito para el era algo habitual.



Membros das Xuventudes Socialistas repartiron estes días condóns polos centros escolares ourensáns, incluídos os de tipo relixioso. Un grupo de rapaces ácratas interrompiu esta labor con lemas de un condón, un voto. A actitude dos xovenes socialistas ten o carácter de provocación gratuita, procurando o enervamento dos sectores máis conservadores, convencidos como están os do PSOE de que nesa polémica son os que levan as de gañar.

O acordo marco para os funcionarios municipais na provincia de Lugo foi asinado polo presidente da Diputación e dirixente do PP, Cacharro Pardo e o representante da UGT e ex-secretario xeral da UPG, Pedro Luaces. Ambos saíron moi ben na foto de *El Progreso*. Representantes da CIG criticaron o oportunismo de tal acordo en plenas eleccións sindicais.



## NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

As Xornadas de Grandas reafirman as reivindicacións do galego do Principado  
**Asinado un acordo entre a Xunta e o goberno asturiano para a formación do profesorado**

■ X.C.

A determinación terminolóxica de *galego de Asturias* e importantes aportacións de tipo histórico e literario, serviron de marco teórico para o pronunciamento colectivo suscrito nas Xornadas do Galego de Asturias celebradas o pasado fin de semana en Grandas de Salime. Días despois o Conselleiro de Educación Gglego e o seu homónimo asturiano asinaban en Madrid un acordo para a formación de profesorado.

O Conselleiro asturiano de Cultura e Educación, Sr. Bustillo, acordou co homónimo galego que a Xunta de Galiza facilitaría a formación lingüística dos profesores que exercen o seu labor na franxa occidental do Principado onde existe unha modalidade lingüística do galego. Desdise na práctica así de anteriores declaracións do mesmo conselleiro, do tenor de "agradecemos a axuda pero non a precisamos". A concreción do acordo será desenvolvida polas respectivas oficinas de política lingüística galega e asturiana nos próximos meses. Precisamente días antes desta asinatura, que é un trunfo das teses da Mesa pola Defensa do Galego de Asturias, plasmadas nun documento de nove puntos elaborado os días 15, 16 e 17 en Grandas de Salime.

Nas xornadas de Grandas Antón Santamarina apresentou unhas propostas de programa de normalización lingüística para os concellos de Asturias de fala galega, puntos asumidos no seu conxunto polo Consello da Cultu-



Francisco Fernández Rei, á dereita, un dos ponentes das Xornadas do Galego de Asturias.

ra Galega, e que son xeralizábeis a outras zonas de fronteira con presenza do galego (León e Zamora).

**Demostracións históricas**

Na prensa asturiana soen aparecer reportaxes que presentan o desexo de normalización do galego de Asturias como inxerencia política galega. Precisamente as ponencias presentadas abondaron na definición do verdadeiro espazo do galego en Asturias e tomáronse resolucións na vía da normalización. Enrique López Fernández fixo unha exposición afincada na historia sobre os intercambios económicos e de materias primas xa desde o tempo das explotacións mineiras dos romanos. Antonio Meilán García, profesor en Oviedo, estudou o momento histórico de formación dos territorios e a análise da divi-

sión lingüística en relación á división. Xoán Babarro, que realiza precisamente sobre o galego de Asturias a súa tese doutoral, apresentou o estado da fronteira lingüística.

Francisco Fernández Rei interviu para falar dos traballos de Dámaso Alonso, a quen se homenaxeaba nas Xornadas, nos que demostraba a cientificidade da terminoloxía de galego de Asturias. Outra intervención aclaradora foi a de Celso Fernández. Este profesor asturiano estudou a literatura de carácter oral, a meio de textos comparados, e analisou como a fronteira lingüística tamén se correspondía coas temáticas: onde acababan os relatos de mouros e empezaban os de *xanas* era onde limitaba o galego de Asturias. Méndez Ferrín, através da figura de Fermin Penzol, mostrou o compromiso con Galiza de moitas persoalida-

des nadas nestas zonas de fronteira coa Galiza e Antón Santamarina propuxo un programa de normalización lingüística, que asume no seu conxunto o Consello da Cultura Galega.

A asistencia foi moi elevada - máis de 100 persoas - e o debate "lembraba o clima que hai moitos anos se producía na Galiza en temas semellantes", segundo o propio Fernández Rei.

**Nove puntos**

No manifesto saído das Xornadas reclámase do goberno do Principado a posta en marcha dunha campaña de sensibilización do uso do galego nos concellos de occidente e tela presente á hora da planificación cultural e de investigación. Ao Ministerio de Educación e Ciencia - que é quen ten competencias na materia en Asturias - a dotación de profesorado para introducir o galego no curso 1991-92 nos centros da zona e que nos deseños curriculares a presenza da realidade lingüística e sócio-cultural dos concellos occidentais de Asturias.

O manifesto chamaba, ademais, a conseguir que a RTVG e a TVE-G teñan cobertura informativa e técnica para que se poda ver na franxa occidental asturiana e a normalización da toponimia da comarca nas súas formas tradicionais.

Finalmente instábase á Real Academia Galega, ao ILG e a colectivos responsábeis da codificación lingüística "que teñan conta dos rasgos idiomáticos destas falas, especialmente léxicos". O tonto final chamaba á Xunta e ao goberno asturiano a que favorecese todo tipo de intercambios culturais entre Galiza e a franxa occidental.

A reunión tamén manifestou a súa oposición á construción dos encoros do Alto Navía.

● **Cinco días para desmantelar o vertedeiro de Lugo.** O Tribunal Superior de Xustiza de Galiza fallou a favor dos veciños de O Teixeiro en Lugo, dándolle un prazo ao concello de cinco días para comezar as obras de desmantelamento do vertedeiro.

A senténcia fai responsábel ao alcalde do cumprimento, especificando que terá que dar conta cada mes de como van as obras de volver as terras ao seu primitivo estado.

● **Transferéncia do Insalud.** Segundo acordo acadado entre a Xunta e o goberno central o Insalud vai ser transferido á comunidade autónoma galega o 1 de Xaneiro próximo.

O acordo contempla que a rede sanitaria pública recibirá financiación desde o primeiro momento por un 7,06 por cento do total da poboación protexida do Estado español. A consellaría pedía que fose o 7,35 por cento. Estas décimas non son nada insignificantes por canto representan centos de millóns de pesetas a recibir por Galiza.

Na transferéncia entran dezanove hospitais, vintetrés ambulatorios, cincuenta centros de saúde, máis dun cento de consultorios e servizos de urxencias e uns 20 mil traballadores.

A Xunta renuncia á chamada *débeda histórica*, cifrada en varios miles de millóns, polas que Galiza debía de perceber as cantidades de deixou de recibir até agora co fin de equiparar os nosos servizos sanitarios aos do resto do Estado, pois aquí existe un índice de camas e facultativos, centros e outros indicadores da saúde máis baixo ca que no resto do estado.

Estas deficiencias eran recoñecidas nun documento do Insalud feito público recentemente.

● **O motin da Parda trai consecuencias.** Os funcionarios da cadea de Parda solicitan o cesamento do director do centro, Ricardo Pérez, ao que fan responsábel da grave situación na que se encontra o cárcere que foi, segundo os funcionarios, a causa do motin protagonizado o pasado Domingo por 11 reclusos.

Neste sentido, en Xullo do pasado ano o Defensor del Pueblo xa recoñecía actuacións anómalas por parte do director, entre outras as de deixar entrar a policías e gardas civís.

● **Foguetes nas Pontes.** As Pontes celebrou con foguetes a elevación do pacto de eficacia limitada a un carácter xeral despois da negociación dos sindicatos coa empresa en Madrid.

A noticia desatou un clima de festa despois dos meses de loita por parte dos traballadores contra o acordo firmado por CC.OO. e ATE, que supuña un acordo de regulación encoberto. Nesta loita houbo diversas manifestacións, folgas de fame e unha folga xeral.

Os sindicalistas nacionalistas e UGT dirixíronse aos traballadores e a todo o vicindario para darlle as grazas polo seu apoio.

Dase a circunstancia de que nas eleccións sindicais celebradas recentemente a CIG tivo unha importante perda, considerándose que se o acordo se acadase antes, o resultado tería sido moi outro.

## ORZAMENTOS DO 91

Considéranos vital para o desenvolvemento da bisbarra

**Entidades políticas e sociais de Ribadeo reclaman a construción do porto exterior**

■ ANTONIO DÍAZ AMOR/RIBADEO

AComisión de seguimento do Porto Exterior de Ribadeo convocou unha manifestación para o vindeiro Domingo 23 de Decembro ás doce e media do mañá. Amobilización popular reivindica que a Consellaría de Ordenación do Territorio e Obras Públicas consigne unha partida no orzamento autonómico do 91 para o comezo de dita obra.

A Comisión de seguimento (presidida polo alcalde nacionalista Eduardo Gutiérrez e da que forman parte representantes das formacións políticas do Concello, consignatarios de buques, a Cámara de Comercio ribadense, a

Confraría de Pescadores e asociacións veciñais) mantivo unha reunión co conselleiro Cuiña no pasado mes de Abril no que este se comprometeu á realización e finalización dos estudos de viabilidade sobre o porto exterior e a inclusións nos presupostos autonómicos do vindeiro ano dunha partida presupostaria.

Visto que a Consellaría nos informou dos avances no estudo, apesar das moitas cartas que a Comisión lle enviou, e que no borrador de orzamento non aparece partida algunha para a obra reivindicada, intentouse que a Comisión de Seguimento fose recibida polo Conselleiro, cousa que, até agora, non sucedeu. Por todo isto a "Comisión convoca aos ribadenses a se manifestar por unha reivindicación en busca non só dos intereses da vila, senón por todos os intereses da bisbarra".

Por outra parte a Comisión mostra o seu apoio ás emendas

que os grupos parlamentarios presenten ante o Parlamento Galego para a inclusión das obras do porto exterior nos presupostos autonómicos. A este respecto, o BNG apresentou unha emenda parcial na que se pide que se consignent cen millóns de pesetas para ditas obras. Tamén o PSOE tiña previsto incluír esta reivindicación ribadense nas súas emendas.

Todos os acordos da Comisión de Seguimento foron aprobados por unanimidade dos membros que a compoñen a excepción do representante do PP.

O Porto exterior de Ribadeo é unha obra desexada desde hai moitos anos e máis desde a abertura da Ponte dos Santos que une a banda galega coa asturiana. O actual porto ribadense quedouse pequeno para o volume de marcanca que sai e entra anualmente; a abertura da ponte, ademais do pouco calado da

ria, impede que os buques de máis de 10.000 toneladas atraquen en Ribadeo.

Por isto a Comisión de Seguimento considera necesario un porto exterior en Ribadeo, na desembocadura da Ria, vital para todo o desenvolvemento da bisbarra que vai desde Luarca a Viveiro; a Ria de Ribadeo ten as condicións idóneas para a realización dun porto exterior que dé entrada a materias primas e desde el saian produtos como pasta de papel, caolín e madeira.

Na vila causa estrañeza que o Conselleiro Cuiña, despois de se comprometer con Ribadeo, faga caso omiso ás peticións relativas ao porto exterior; como tampouco se comprende a postura do PP local de non apoiar a mobilización porque no fondo, e é o dicir popular, do que se trata é de conseguir algo necesario para o crecemento económico de Ribadeo, disputas políticas aparte.



CÁMBIOS NO LESTE

'Para un mundo máis pacífico a exportación da revolución é tan perigosa coma a exportación da contra-revolución'

## Dimitri Kasimirov, diplomático soviético

■ G. LUCA DE TENA

Interrogantes, recomendacións, advertencias e mesmo reproches abondo sobre o momento do socialismo real, fixeron de *A Perestroika e o futuro do Socialismo na URSS* a conferencia máis debatida do ciclo *O Socialismo no Mundo* organizado polo *Clube Adiante*. Dimitri Kasimirov soportou a borrasca dialéctica coa acesibilidade dun camarada e debullou a nova política exterior soviética coa precisión dun experto. Diplomático, de 35 anos, licenciado no *Instituto de Relacións Internacionais* de Moscovo, Kasimirov é secretario da embaixada do seu país en Madrid desde 1987. Nesta entrevista contesta a preguntas da *A Nosa Terra* sobre a política exterior soviética.

**Un dos interrogantes máis insistentes en todo o mundo sobre a nova política exterior soviética é o de como se vai asociar o desarme á situación do Terceiro Mundo.**

Evidentemente, son dous conceptos que moita xente en todo o mundo está tratando de pór en relación. A resposta máis simplista a este interrogante é afirmar que a Unión Soviética traicionou ao Terceiro Mundo. Pero nós partimos do enfoque contrario: a carreira de armamentos, por ser unha empresa de custe enorme para o noso país e para todo o mundo (xa que non somos só nós os que estamos envoltos neste proceso), roubaba diñeiro que podía ser utilizado tanto para o desenvolvemento social do noso país como para formas de axuda ao Terceiro Mundo moito máis racionais que enviar armamento, por exemplo. O enfoque que nós procuramos é o de buscar a relación entre desarme e desenvolvemento e plantexalo coma liña da nosa política internacional orientada cara unha nova relación co Terceiro Mundo, grácias a fondos que antes se perdían na carreira de armamentos e na acumulación irracional de enxeños a cada paso máis sofisticados. Pensamos que un dos resultados do desarme debe ser reconverter estes fondos en axuda ao Terceiro Mundo. Por outra banda, un enfoque de non-confrontación na política internacional significa que non queremos volver a converter terceiros países nunha palestra de confrontación ideolóxica

entre nós e os norteamericanos. Os países do mundo teñen dereito a se desenvolveren como o consideren oportuno. Levar a cabo unha loita ideolóxica entre nós e os norteamericanos en terreos doutros países que poida que non estean preparados para elixir a vía socialista, e causar vítimas, guerras civís e ruínas económicas, non é forma de axuda.

### Acusacións de abandono

**Entre a vella e a nova política de axuda ao Terceiro Mundo hai un**

**'LEVAR A CABO UNHA LOITA IDEOLÓXICA ENTRE NÓS E OS NORTEAMERICANOS EN TERREOS DOUTROS PAÍSES É CAUSAR VÍTIMAS, GUERRAS CIVIS E RUINAS ECONÓMICAS. NON É FORMA DE AXUDA'**

**tempo crítico de transición de non fácil comprensión. Non é raro que os países pobres acusen ao Estado soviético de abandono**

Evidentemente pode haber ese intre crítico. Nestes últimos anos estamos metidos nun proceso negociador moi importante cos Estados Unidos que atrae moita atención e tempo. As negociacións para resolver certos asuntos técnicos poden durar meses ou anos ás veces, apesar da vontade bilateral. Pero chegan aí os resultados no campo dos mísiles de alcance medio con cabeza nuclear e o mesmo se pode dicir a respeito do armamento convencional en Europa. Próximamente, coa visita de Bush a Moscovo a comezos de Febreiro tamén entraremos nunha redución drástica de cabezas nucleares estratéxicas. Pero non por estarmos centrados no proceso déramos esquecido o Terceiro Mundo. Precisamente un dos obxectivos é impulsar o proceso para criar unha situación diferente e máis racional.

**Con eses elementos configúrase unha *realpolitik* que servirá para consolidar o *statu quo* no mundo.**

Pero a título de exemplo temos o



A NOSA TERRA

caso de Angola. E un caso espectacular porque é un país que logrou a independencia hai quince anos e todo este tempo estivo metida nunha guerra civil durísima, cun custe enorme en vidas e diñeiro. É a ruína dun país que acede á independencia cun nivel digamos soportábel. Se o comparamos con outros países estaba en condicións aínda ben favorábeis. Que acontecía logo? Que por unha confrontación de intereses ideolóxicos supremos dos dous sistemas, quen padeceu foi a economía e o povo angolano. Agora, aparte do proceso do desarme, estamos a xestionar cos norteamericanos unha saída pacífica deste conflito civil desastroso para todos. Haberá que facer concesión polas dúas bandas pero sempre co obxectivo de que sexan os propios angolanos quen decidan o futuro do seu país e atopen unha solución pola vía dun consenso nacional ou reconciliación. Acédese así a vías civilizadas da vida política en troques de enfrontamentos armados e atentados contra escolas etc. Esta é unha forma de axuda ao Terceiro Mundo que leva como resultado un melloramento económico que esperamos complementar cos fondos que podemos obter do proceso do desarme. Outro tanto pasou coa Namibia, aínda que doutro xeito.

**'POR UNHA CONFRONTACIÓN DE INTERESES IDEOLÓXICOS SUPREMOS DOS DOUS SISTEMAS, QUEN PADECEU FOI A ECONOMIA E O POVO ANGOLANO. ESTAMOS A XESTIONAR UNHA SAIDA PACÍFICA DESTE CONFLITO CIVIL DESASTROSO PARA TODOS'**

Só coa intención bilateral de entendermonos púxose en marcha un mecanismo da ONU que existía había ben tempo pero non funcionara.

### Desarme e democratización.

**Desde a URSS fálase de imposición do dereito internacional, pero non de dereitos humanos. Se mañá se soluciona a crise de Iraq, pode que regrese a Kuwait a familia Sabah que é unha satriapia medieval.**

Para un mundo máis pacífico e máis tranquilo que todos desexamos a exportación da revolución e tan perigosa coma a exportación da contra-revolución. Pode non gustarnos un rexime dalgun país, pero a estas alturas do armamentismo xa non se pode converter un país en terreo para esclarecer as diverxencias ideolóxicas. Aos mesmos kuwaities non lles gustaba tanto o sistema de Sabah, pero no camiño do desarme pódese provocar un proceso de democratización deste rexime en concreto. Deben ser o povo de cada país o que defina a situación interna. Se non é así, temos loitas ideolóxicas a costa de terceiros países.

### A toma de conciencia do terceiro mundo

**Pero os mesmos norteamericanos**

nos ve de sol porque certo presivo ton é que ch idade

Non cr inestab pa aos estou d Unión solució ción Le un res pensar dade fu va Oro mos, v borco o volvido senvolva seguen da que de xiga tabilidad toma d Mundo canos armas inestab fronteac fundac compre mediar mento ceiro M agora no cant gosa al fame p certos Terceiro so que países

A guer aventu

Eu ref Hussein

'A

■ M. V

Con Dimi repe vai a trou non de c mes igual pé á co r "deb tes a idea: co s sinte anos moit tos e Ka tadis díbe senv eran acor da d nado blo c na p equi tema O ré cons tou Asi guía pero rism "un e



**nos ven con bons ollos o xeito de solucionar a crise de Kuwait porque pensan que favorece un certo corporativismo militar represivo. O discurso de Washington, é que hai que armarse porque chegan tempos de inestabilidade.**

Non creo que polo de agora sexa a inestabilidade o que máis preocupa aos Estados Unidos, aínda que estou certo que a inestabilidade da Unión Soviética non lles gusta. A solución deste eixo de confrontación Leste-Oeste, que é case que un resultado alcanzado, fainos pensar nos perigos para a estabilidade futura do mundo, para a Nova Orde Internacional que arelamos, vai vir cada vez máis do caborco que separa o mundo desenvolvido do mundo en vías de desenvolvemento. En Irak ou Israel seguen a medrar os arsenais aínda que na Europa deamos pasos de xigante cara o desarme. A inestabilidade virá cada vez máis da toma de conciencia do Terceiro Mundo e os mesmos norteamericanos deberán entender que coas armas non se pode solucionar esta inestabilidade. Solucionada a confrontación Leste-Oeste, ás veces fundada e ás veces esaxerada, compre buscar estabilidade global mediante o apoio ao desenvolvemento civilizado dos países do Terceiro Mundo porque a división que agora pasa por este eixo vertical, no canto de horizontal, é máis perigosa aínda. As persoas que pasan fame pouco teñen que perder! En certos casos, o aventureirismo do Terceiro Mundo é ben máis perigoso que a confrontación entre dous países desenvolvidos.

**A guerrilla da América Latina é aventureirismo?**

Eu refírome ao caso de Sadam Hussein como o máis evidente e

irritante. Como o meirande obstáculo que se plantexa no de hoxe para a paz no mundo. Sadam Hussein provoca unha situación prebélica que podería ser unha hecatombe. Pero fixémonos nas guerrillas de América Latina: en Colombia o M-19 foi unha guerrilla con apoio no rural e nas cidades e practicamente tiña ao país en guerra civil. Ultimamente houbo intelixencia por ambas partes para atopar unha solución e rematar con eses sufrimentos que atinxían a moita xente non involucrada no enfrentamento. Porque o uso das armas a todos perxudica. Que pasou agora? Celebráronse eleccións e o M-19 ten un prestixio que nunca antes alcanzara durante a guerra civil. As guerrillas de América Latina teñen as súas raíces e fundamento porque son expresión das circunstancias sociais que viven. Pero tamén son resultado de crer que se pode cambiar as cousas co fusil máis rapidamente. Eu penso que iso foi posíbel nun país, que é Cuba. Pero nas circunstancias actuais, é moi difícil que o caso se repita no Salvador, por exemplo, con todas as razóns que lles asisten. Vemos que a guerra dura xa dez anos, morre xente arreo, pero a correlación non cambia. Os sufrimentos son para o home da rua que non poden ser xustificadas por clase nengunha de razóns ideolóxicas. Pode ser que a pacificación do país logre ben máis do que a guerra. A guerra non é instrumento: provoca vítimas inocentes e rara vez dá os froitos que dela se esperan. É o mesmo que acontece no enfrentamento cos norteamericanos. Se pelexamos con armas atómicas o resultado será nefasto para todos. Con armamento máis sinxelo sucede outro tanto.

**Esta desestimación da guerra como arma para a revolución é a resolución de máis alcance do**

**‘CONSTRUIAMOS UN PEQUEÑO PARADISO Á MARXE DO OUTRO UNIVERSO QUE NON NOS GOSTA. PERO A ESTAS ALTURAS NON FUNCIONA ESTE PLANTEXAMENTO TAN PRIMITIVO PORQUE O PROCESO DE INTEGRACIÓN ECONÓMICA É OBXECTIVO E NON IDEOLÓXICO**

XXVIII Congreso do PCUS.

Pero con iso non nos diriximos a nengunha outra formación do exterior para que abandone os seus meios. Só incentivamos unha reflexión nesas forzas que antes apostaran polas armas. Ofrecémoslles o resultado dunha reflexión profunda e dunha experiencia dilatada. O noso exemplo e a nosa reflexión poden ser positivos para outros países. Como xa dixen, coa confrontación, máis se perde que se gaña.

**Mellor dentro que fóra**

**A Unión Soviética ingresa no Fondo Monetario Internacional, FMI que desde hai moitos anos se alcuma ruína dos povos desde o Terceiro Mundo.**

Xa sabe que nós fomos fundadores do FMI. É un organismo que podería ser xestionado máis eficientemente, con atención principal ás necesidades dos países en

vías de desenvolvemento. Pero por hiper-ideoloxizar os nosos enfoques non quixemos entrar a participar no programa do fondo. Non creo que coa retirada deste organismo gañásemos alá moito, porque se converteu nun organismo baixo control case absoluto doutra potencia. É algo semellante ao que pasou coa famosa resolución da Guerra de Corea. A URSS abandonou indignada a votación do Consello de Seguridade, pegou un portazo e deixamos as mans libres aos norteamericanos en Corea do Sul. A votación en contra podía bloquear a resolución, pero estábamos tan indignados co plantexamento que non lembramos sequer que había outra fórmula máis diplomática de deter a iniciativa. Houbéramos mesmo de entrarmos en negociación política para solucionar o problema e non deixar as mans libres aos norteamericanos. O mesmo que co FMI. Un dos elementos da política da *Perestroika* consiste en se abrir máis ao mundo e nos meter máis profunda e racionalmente na división internacional do traballo. O COMECON fora construído con certos tintos de isolacionismo e confrontación. Estaba a economía de Occidente e pensamos construír unha nosa sen entrar en contacto coa da fronte. Construíamos un pequeno paraíso á marxe do outro universo que non nos gusta. Pero a estas alturas non funciona este plantexamento tan primitivo porque o proceso de integración económica é obxectivo e non ideolóxico. Pode tomar ás veces por beiras máis ou menos ideoloxizadas pero en principio é un desafío do momento que compre contestar. Maiores resultados podemos acadar para a economía e o progreso do país se participamos na medida do posíbel na división internacional do traballo. Máis influiremos nesta orde se entramos nela. *A Nova Orde Econó-*

*mica Internacional* concebida hai un decénio, non prosperou pola confrontación permanente que a bloqueaba.

**Pero nesa proposta de desideoloxizar os conflitos, hai que ter conta que a área capitalista produce todos os días un dilúvio de ideoloxía desde os meros anúncios até a derradeira película da televisión. Son maioría os países que non teñen nen un só meio de comunicación de es-**

**querdas.** Pero penso que nós coa nosa antiga contribución ideoloxizada non faciamos máis que alentar á ideoloxización desde o outro bando. A desideoloxización da vida internacional é un proceso eminentemente positivo. Non nos queda outra se queremos manter viva a civilización. Temos que considerar a loita de clases como un asunto interno de cada país. Sen inxerencia, cada país debe tomar o camiño que escolla. A nivel internacional non se pode admitir loitar por obrigar ou non a un país a tomar o rumbo ideolóxico que a nós nos guste.

**Nen sequer estimulalo cara un ideal socialista?**

Por suposto que se pode fomentar. Pero no Terceiro Mundo temos visto como xurdían burocracias de gobernos que estaban dispostos a erguer as bandeiras que fosen con tal de recibir diñeiro e axudas. Que foi de Somalia, por exemplo? O goberno de Siad Barré fixo as proclamas socialistas máis arreitadas o que non lle impedía cambiar drasticamente, pegar unha volta de 180 graos e converterse no mellor aliado do outro bando. En cada caso é cousa de analizar se a intención é esa, se está preparado o país por dentro para entrar na vía do socialismo ou se se trata nada máis que dunha especulación dalgunhas persoas da superestrutura que só se representan a si mesmas. ♦

## ‘A URSS non camiña cara o capitalismo’

■ M. VEIGA

Con tranquilidade e seguridade, Dimitri Kasimirov non cansa de repetir que “a Unión Soviética non vai ao capitalismo”. A *perestroika* trouxo consigo a necesidade de non confundir conceptos. “Igualdade de oportunidades non é o mesmo que *igualitarismo*”. O igualitarismo cria parásitos e dá pé á irresponsabilidade. Tampouco mercado ou eficacia produtiva “deben ser considerados inherentes a un sistema ou a outro”. Son ideas desbrulladas polo diplomático soviético que só as veces se sente obrigado a lembrar que “70 anos de experiencia dan luz a moitos acertos pero tamén a moitos erros”.

Kasimirov lembra como as estadísticas económicas, imprescindibles para definir e prever o desenvolvemento de calquer país, eran “manipuladas na URSS e acomodadas aos intereses de cada dirixente concreto. En determinado momento a paridade do rublo co dólar debía establecerse na proporción, segundo unha equipa de expertos que estudou o tema, de 17 rublos por cada dólar. O responsábel político de turno considerouno un deshonor e pintou unha coma entre o 1 e o 7. Así a economía foi moitas veces guiada por razóns ideoloxistas, pero non obxectivas”. O igualitarismo salarial trouxo consigo que “un enxeñeiro cobrase menos que

un obreiro cualificado da mesma empresa”. Este criterio “non valoraba a responsabilidade, non incentivaba o interese por mellorar a empresa, por poñer en práctica novas ideas”. “Os créditos concedidos polos bancos, sinala Kasimirov, podían ser devoltos ou non, co cal daba igual que a empresa marchase ben ou fose un desastre”. O dirixente ineficaz, se era membro destacado do partido era protexido. “Decían: é certo que o fixo mal, pero é dos nosos, e mandábanos para outro posto de igual responsabilidade ou mesmo superior ao que tiña. Non había nengunha lei escrita que privilexiase aos cargos do partido, pero na práctica isto converteuse nun hábito, canto máis arriba se quixese chegar máis imprescindíbel se facía ter a condición de membro do PCUS. O partido chegou a identificarse coa administración, todo aquel que quería chegar a algo, en calquer faceta da vida, tiña que facerse co carné, de modo que ser militante do partido era independente de que se compartise a ideoloxía”.

Os hábitos xerados durante o stalinismo propagáronse non anos sucesivos. “Nengunha crítica era admitida. Todo aquel que emitise unha opinión minimamente discrepante era susceptible de ser calificado de *enemigo do Estado e do povo*. Esta práctica “impediu absolutamente o pluralismo

e a crítica e, en consecuencia, que o socialismo se dotase dos mecanismos correctores que permiten mellorar e evolucionar”.

**A propiedade da terra**

Kasimirov resposta tamén a temas de actualidade: “o problema alimentario non é fundamentalmente de produción, senón de organización. Hai toneladas de alimentos apodrecendo en almacéns. O produtor cobraba por producir, pero ninguén se preocupaba de se os bens producidos chegaban ao seu destino e de se cubrían as expectativas requeridas polo consumidor. Así chegamos a gastar materias primas en producir miles de cousas inúteis”.

Sobre a privatización da terra afirma que será “concedida a familias, que deberán comprometerse a traballala e que non poderán vendela nen especular con ela, pero si obter beneficios en función do que produzan e vendan libremente no mercado”. Non se legalizará a explotación do home, pero si “se diversificarán as formas de propiedade: estatal, local, cooperativa e, nalguns casos, privada”. Esta última como propiedade familiar ou co fin de prestar algúns pequenos servizos: vendedores autónomos, reparadores, etc.

A respecto do cambio acaecido nos países do Leste, Kasimirov si-

nala que pode darse unha especie de “lei do péndulo”, pero a experiencia ensina xa que “o socialismo non pode implantarse, nen imporse, en nengunha parte. O grado de evolución de cada país depende das condicións propias”. Os resultados eleitorais no Leste amosaron “a base que tiñan aque-

les rexímenes”, aínda que “é posíbel que co tempo se dean conta de que o capitalismo non trae as ventaxas que eles pensaban”. Sobre a absorción da RDA, Kasimirov opina que “certamente non se produciu como a URSS tería pretendido, pero é o preçio a pagar polo empeño en non acometer reformas. Hoenecker estaba convencido de que non eran necesarias”. “Nós, sinala o diplomático soviético, aconsellamos a todos estes países, falamos con eles, pero non íamos enviar os tanques, esa experiencia xa a tivemos no pasado e resultou nefasta”.

Dimitri Kasimirov non pode deixar por último de comparar a transición que vive a Unión Soviética coa que viveu o Estado español. “É o paso, afirma, dun sistema autoritario a outro democrático, conservando a esencia do modelo”.

Kasimirov reclama para o seu país “un consenso nacional, como o que houbo no Estado español”. Lembrámoslle que aquí este consenso aínda ten pendente o problema nacional, mentres que, pola súa parte, afirma que a Unión Soviética debe ir cara un novo tratado “pero non pode desmembrarse, hai moitos lazos económicos e culturais que nos unen”. E a presión extranxeira? “Non. A nengun país do mundo lle agradaría o nacemento de 15 novas repúblicas con capacidade nuclear”. ♦

**‘A TERRA SERÁ CONCEDIDA A FAMILIAS, QUE DEBERÁN COMPROMETERSE A TRABALLALA E QUE NON PODERÁN VENDELA NEN ESPECULAR CON ELA, PERO SI OBTEN BENEFICIOS EN FUNCIÓN DO QUE PRODUCAN E VENDAN LIBREMENTE NO MERCADO’**



CRISE MILITAR NA ARXENTINA

Arxentina estremecida pola sanguenta aventura dos carapintadas  
**O mesianismo militar e o preço da impunidade**

■ J.C.MTNEZ.BETELU/BUENOS AIRES

Os arxentinos despertaron o luns 3 de Decembro pasado con ruído de cañóns e olor a pólvora. Os militares volvían xogar á guerra repetindo, de tal xeito, un exercicio que iniciaron hai sesenta anos -o 6 de Decembro do 1930- cando abandonaron os cuarteis para derrocar o primeiro goberno eleito polo voto popular. Desta volta o sangue chegou ao río: catorce mortos, entre eles cinco pasaxeiros dun autobús aplastado por un tanque, máis de douscentos feridos (incluídos tres xornistas) e danos materiais que caerán sobre as costas do povo, eterno pagador de pratos rotos.

O fogo cruzado das ametralladoras e morteiros e o vó rasante de avións de combate sobre as cabezas de dez millóns de habitantes que residen en Buenos Aires falan de por si do nivel de irresponsabilidade dunhas forzas armadas incapaces de abandonar a súa cultura medieval e aceptar as regras de xogo que en toda sociedade democrática recoñece como principio elemental a súa subordinación ao poder civil. Pero non é así: seis décadas despois do primeiro golpe de Estado, o militarismo segue condicionando a vida política arxentina baixo o estímulo de dous factores fundamentais: o sentimento mesiánico que os xenerais asignan ao seu papel dentro da sociedade e a impunidade que historicamente os protexeu, obviamente coa complicidade de amplos sectores civís. O cruento levantamento do 3 de Decembro é unha das testemuñas máis elocuentes: o xefe da rebelión, coronel Mohamed Seineldin, fora indultado polo presidente Menem hai un ano. O primeiro contacto que tivo Seineldin tras abandonar a prisión foi co mesmísimo Menem: ambos compartiron un almorzo na residencia de Olivos, sós, como dous bons amigos. Non é todo: cincuenta dos case trescentos militares e civís que participaron na revolta recibiron, meses atrás, o indulto presidencial: aplicáraselles o *borrón e conta nova* pola súa participación en feitos similares durante o goberno de Alfonsín.

**Adeus a un vello romance**

A relación de Menem cos *carapintadas* remóntase aos días da campaña electoral 1988/89 e todo o mundo lembra aquí que Rico e Seineldin apoiaron con todo fervor a candidatura do actual presidente. Cando Menem gañou as eleccións e se creía que o seu discurso populista lle impediría chegar á Casa Rosada, os embetunados dixeron que ante o menor obstáculo eles mesmos íano instalar no despacho presidencial. Non fixo falta: ademais de gañar por amplo marxen, Menem mudou abruptamente o seu discurso para goce dos liberais que desde entón velan o seu sono. Tamén Alfonsín coqueteara



As Nais de Maio ficaron soas na reivindicación de castigo aos culpábeis da represión do 76. Menem pon agora en liberdade aos responsables do xenocidio e arranja o conflito interno dun Exército sobredimensionado en mandos intermedios.

cos *carapintadas* ao calificalos como "heróis de Malvinas" durante o levantamento a Semana Santa do 1987, cando Aldo Rico se instalou en Campo de Mayo para lle esixir do goberno unha serie de reivindicacións que incluían o cese dos xuícios aos militares acusados de graves violacións aos dereitos humanos e, por engadido, o indulto aos comandantes. Alfonsín segue negando que teña negociado cos *carapintadas* naquela tensa xornada de Abril do 1987, pero os feitos son máis elocuentes que as súas palabras: as leis de Ponto Final e Obediencia Debida demostraron que "a casa non estaba en orde" como o ex-presidente asegurara aos milleiros de arxentinos que por primeira vez na historia do país se volcaban masivamente ás ruas para defender a un goberno democrático. É máis: coa súa actitude ambivalente Alfonsín foi responsable da desmobilización popular e da fractura da fronte civil que permitiu aos militares recuperar un importante espazo político que despois da humillante derrota en Malvinas e do xuício aos comandantes parecía definitivamente perdido.

**A marcha cara o pasado**

A marcha cara ao pasado, iniciada entón, acelerouse coa chegada de Menem ao goberno e hoxe está máis claro que nunca que o indulto aos comandantes coloca ás forzas armadas no centro do protagonismo político, como nos seus mellores tempos. É dicir, volven ser "a reserva moral" da Arxentina como historicamente se autodefiniron, o que na práctica significa reasumir o papel de xendarme da sociedade. Non hai dúbida de que ese é o obxectivo ao que conduce a política militar de Menem. Doutro xeito non se explicaría o cambio de actitude dos mandos fronte aos *carapintadas*. Cando Alfonsín lles ordenaba reprimir, os xenerais brindaban ao sol ou avantaban cara os focos rebeldes a paso de tartaruga, pero nesta ocasión liquidaron o pleito sen nengun trámite burocrático, a sangue e lume.

**Bush quería a casa en orde**

O levantamento dos *carapinta-*

das produciuse 48 horas antes da chegada de Bush a Arxentina, o que suxire que os sublevados querían tirar un bon réditto político da visita do presidente norteamericano. Esa foi, sen dúbida, a razón que, como contrapartida, aproveitou o goberno para reprimir con toda celeridade, a que induciu a Menem a non negociar cos amotinados e a a que deu respaldo á orde de facelos cachizas. Desde Brasil, onde estaba cando se iniciou a revolta, Bush deu o seu apoio aberto ao goberno de Menem e anunciou que de maneira nengunha ía suspender a súa visita a Bos Aires. Con semellante espaldarazo, as tropas "leais" abandonaron a súa habitual parsimonia e lanzáronse ao ataque dos rebeldes e a piques estiveron de facer zaniscos o enorme edificio Libertador, sé do Exército que, a menos de cen metros da Casa Rosada, converteuse no principal centro da resistencia dos golpistas. O paso dos avións pertencentes á forza aérea quebrou, afinal, o espírito guerreiro dos *carapintadas* que actuaron baixo o lema "deus, patria ou morte". A casa estaba en orde para recibir a Bush.

**Os xenerais morren na cama**

Horas despois da batalla, o coronel Seineldin, nunha carta manuscrita que escribiu no seu lugar de confinamento, na Patagônia, asumiu totalmente a responsabilidade da intentona. Previamente, o coronel fundamentalista que noutros tempos traballou para Noriega en Panamá e adestrou a grupos represores en Centroamérica, pedira unha pistola cargada cun proxectil, presumiblemente para se suicidar polo fracaso do golpe, pero esa maneira de "salvar o honor" só a cumpriu o coronel Alberto Romero Mundani, quen se matou no interior do tanque ao intearse do final da aventura. Os xenerais, como sempre, estiveron lonxe da contenda, remedando a Galtieiri cndo dirixía a guerra das Malvinas a cinco mil quilómetros do campo de batalla tomando os mellores whiskies escoceses mentres os que caían eran rapaces de 18 anos que non tiñan di-

reito a votar pero si a morrer polos comandantes da represión. "Non coñezo a un xeneral deste tempo que escoitara o asubio dunha bala perto dos seus ouvidos", dixo algunha vez Jorge Luis Borges e a súa ironía despertou as iras do xeneral Luciano Menéndez, o tristemente célebre comandante da selvaxe represión durante a ditadura na provincia de Córdoba, o mesmo que sacou un afiado coitelo para atacar a un grupo de xóvenes que nunha rua de Buenos Aires lle chamaron polo seu nome: asesino! Nen Menéndez nen a prolifera familia de xenerais puideron desmentir a Borges: na Arxentina, os xenerais sempre morren na cama...

**Garabullos do mesmo pau**

No Exército de terra -a forza máis politizada na historia deste país- existe unha forte influencia prusiana na formación dos seus oficiais, pero as correntes nacionalistas tamén prosperaron entre os cadros de maioría liberal. Coa aparición dos *carapintadas* no 1987 prodúcese o episodio máis audaz do nacionalismo castrense dirixido por Rico e Seineldin, dous fundamentalistas que actuaron na guerra das Malvinas con certa notoriedade e que desde entón creeron que aquela circunstancia os colocaba por riba dos xenerais derrotados no Atlántico Sul. A partir do erguemento do 1987 o cuestionamento ás cúpulas do exército foi permanente: "Só recoñecemos en Seineldin ao noso comandante en xefe", dixeran daquela os *carapintadas* que estableceron o seu centro de operacións na guarnición de Campo de Mayo que, como o resto das grandes unidades castrenses, atópase no corazón mesmo de Buenos Aires, a cinco minutos da Casa Rosada, é dicir a un paso do sono dourado de todo xeneral arxentino: a cadeira presidencial. Aínda que nos sucesivos levantamentos os *carapintadas* fixeron sempre a salvedade de que non actuaban contra a orde constitucional, só algun inxénuo podería dar creto a unha falacia que se ven repetindo na longa historia de golpes e contragolpes militares. O propio Videla e os xene-

rais que lle acompañaron na súa marcha cara a casa de goberno no 1976 dixeron que actuaban en defensa da Constitución e aínda hoxe din que grácias a eles a Arxentina vive en democracia, como se o terrorismo de Estado tivese saído da urnas e non dos cuarteis, e como se aquel golpe tivese conducido ao paraíso e non ao inferno que todos coñecemos. Fora de algúns matices que os separan, no fondo os militares arxentinos están unidos pola mesma raíz e todos actúan fronte ao resto da sociedade coa cega convicción de pertencer a unha clase de iluminados. Moi poucos dos seus integrantes se opuxeron aos métodos que eles utilizaron durante a guerra suxa e todos creen que Videla, ademais da liberdade, merece a perpetuidade do bronce, como os grandes heróis.

**A boa letra de Menem**

Se Menem, quen contribuíu máis que Alfonsín ao crecemento desta nova xeneración de caníbais de uniforme, animouse a romper a fronte nacionalista, é porque o proxecto dos *carapintadas* esgotouse no absurdo dos seus contidos. Resolto o indulto aos comandantes e superada a alucinante idea do recurso bélico para recuperar as illas Malvinas -dous dos puntos que figuraron no programa do grupo- a Menem non lle costou moito convencer ao resto dos militares para definir un pleito que tiña colocado ao exército de Terra nun estado de anarquía. Polo demais, a miopia dos *carapintadas* impediulles comprender que a súa fobia anti-norteamericana non encaixaba nos plans de Menem, convertidos desde hai tempo, no mellor alumno que Bush atopou neste continente. O propio xefe da Casa Blanca díxoo en voz alta ao falar aquí ante a Asamblea lexislativa de deputados e senadores, oportunidade que aproveitou para apuntar ao seu colega arxentino como exercendo un liderazgo mundial no campo das privatizacións e na aplicación da política económica neoconservadora que ten como obxectivo básico pagar relixiosamente a xigantesca débeda externa. Tamén elevou a Menem a categoría de estadista mundial pola súa decisión de enviar tropas ao Golfo Pérsico. Antes de iniciar o seu discurso, Bush debeu contemplar un incidente con ribetes de escándalo no recinto lexislativo cando o trostkista Luis Zamora non foi autorizado a facer uso da palabra. Bush chamou ao seu intérprete oficial para averiguar a ideoloxía política de Zamora, quen foi sacado da sá a empurróns polos membros dun exército de custodios maioritariamente integrado por axentes norteamericanos. "De cando en vez se escoita un eco do pasado, do marxismo en declinación", improvisou o presidente norteamericano que aproveitou a circunstancia para falar da morte das ideoloxías: "Se o preço que temos que pagar pola democracia é escoitar ess gritos, non importa" sentenciou Bush mentres os cazadores de bruxas porteños buscaban algun comunista infiltrado por baixo das butacas. Menem, exultante, sorría de orella a orella.



## O CONFLICTO DO GOLFO



A resolución do conflito do Golfo non será total. Moitos dos desequilibrios pendentes terán que resolverse despois.

## AS CRISES DE DESPOIS DA CRISE

CÉSAR CUNQUEIRO

Teñan ou non lugar antes do quince de Xaneiro de 1991 as conversacións iraquí-americanas en Washington e Bagdad (probabelmente non sen prexuízo do que se poda estar a negociar hoxe entre ambas as dúas partes) o que semella seguro é a realización por Iraq dunha acción unilateral ao redor desta data, quizá despois dela, consistente no anuncio da decisión de se retirar da meirande parte do territorio kuwaití (agás as dúas illas de Warba e Bubiian e os campos petrolíferos fronteirizos). No anuncio da retirada pode haber a fixación dun prazo para a mesma (en calquer caso, pola súa complexidade, requerirá un certo tempo) e irá acompañada da renovación das ofertas de negociación cos EEUU. Insistirase pola parte iraquí (sen velle á retirada) na necesidade da conferencia internacional para a resolución do conxunto dos problemas do medio Oriente, conferencia que se está abrindo camiño nas Nacións Unidas. Un dos seus capítulos sería precisamente a firma dun tratado Kuwait-Iraq coa fixación da liña fronteiriza entre os dous países, coincidente coa liña de máxima retirada iraquí. Outro sería a negociación dos actuais niveis de armamento na zona, sen que poda ser contemplada illadamente unha redución iraquí. O éxito dunha redución global dos armamentos nos países do Oriente Medio depende, é claro, da solución positiva dos principais conflitos que os opoñen, no seo da dita conferencia. Nembargantes, a dificultade desa redución evidénciase nos contratos millonarios actualmente en curso (USA-Países do Golfo): suministros de armamento tanto máis inúteis canto que eses países non teñen capacidade de autodefensa (o que é propio dos microestados e dos pequenos estados). O seu armamento está destinado a caer nas mans do inimigo máis forte como ocorreu no caso de Kuwait.

Anunciada a retirada iraquí (ou comezada esta) seguirá o fin do embargo e do bloqueio. Como tamén a retirada da meirande parte das tropas americanas sitas no Golfo e dos outros continxentes.

Todo isto satisfai á Arábia Saudí. Tamén a Francia, como amosa o discurso de Mitterrand na ONU. E non parece que os EEUU teñan interese nunha postura maximalista que implique a total retirada iraquí de Kuwait. Sobretudo se temos en conta que o recoñecemento dos intereses xeo-estratéxicos fundamentais de Iraq é un precedente para o recoñecemento dos de Israel na futura e segura conferencia internacional. E por outra banda, por moito interese que teña EEUU en reducir o nivel militar iraquí, é obvio que, como xa se dixo, iso ten que ser negociado globalmente para toda a zona. Ademais cómpre ter en conta que os intereses norte-americanos non pasan pola guerra senón polo control do petróleo e o mantimento dos réximes conservadores do GOLFO, pola fragmentación política da zona, polo fluxo sen interrupcións dos petrodólares e dos contratos de armamento e sobretudo pola utilización das crises para reafirmar un papel hexemónico e obstaculizar na medida do posíbel procesos autónomos europeos de creación de sistemas de seguridade e de formulación de políticas axeitadas aos intereses de Europa.

Así EEUU utilizan (e interésalles a existencia) as crises, coma a do Golfo, para potenciar organizacións como a OTAN e sistemas de seguridade e estratéxias que se adecúan perfectamente aos intereses USA mais non aos europeos, e especialmente aos da Europa dos povos que se abisca na actual conxuntura histórica. De todos xeitos certos plans americanos, como vg. unha OTAN ára-

**OS EEUU UTILIZAN  
(E INTERÉSALLES A  
EXISTENCIA) AS CRISES,  
COMA A DO GOLFO, PARA  
POTENCIAR  
ORGANIZACIÓNS COMO A  
OTAN**

be, semellan claramente irrealizábeis. O máis que poden esperar os EEUU é o mantimento de bases no Golfo e de continxentes limitados.

Un perigo certo de guerra non existiu nunca na crise do Golfo (agás o incendio incontrolado polo contacto no terreo de dous exércitos tan potentes). Ademais o éxito do embargo e do bloqueio fai que Iraq non poda resistir indefinidamente e, en consecuencia, a decisión de retirada ten que estar adoptada xa hai tempo. Mas semella moi perigosa a situación posterior á retirada das forzas das partes implicadas. Os conflitos que opoñen aos países da zona (Iraq-Síria, Israel-Países árabes, subversión nos países do Golfo e réximes conservadores potenciada pola actual crise, debilidade dos micro-estados petrolíferos, especialmente dun Kuwait restaurado fronte ao seu viciño iraquí) vense amplificadas pola nómia en materia de seguridade e de canles de resolución dos conflitos.

Na próxima crise o seguro é que non vai haber lugar para unha estratéxia lenta disuasoria da agresión (embargos, bloqueos, envío de continxentes).

Ou triunfa a agresión ou estoupa unha guerra de consecuencias incontrolábeis. Frente a esa ausencia de sistemas rexionais de seguridade tanto máis necesarios canto a configuración xeo-política da zona, xurdida en grande parte do colonialismo, non acadou a súa fasquia definitiva (hai en Oriente Medio unha tectónica xeo-política de placas) a única solución pasa polo éxito da conferencia internacional que se convoque e sobretudo polo afortalamiento das Nacións Unidas e da súa conversión nun instrumento válido de resolución de crises internacionais, incluso co emprego da forza.

E finalmente o propio proceso de construción europea coa formulación de políticas que leven ao Medio Oriente e, en xeral, ao conxunto do mundo árabe a unha estreita asociación con Europa terá efectos tremendamente positivos na zona.

C.unqueiro é membro da Fundación Galiza de Estudos Internacionais.

●O sindicalismo latinoamericano no camiño da modernización. O colóquio interrexional dos sindicatos de América do Sul deixou claro que a crise sindical é global, afecta a todos e chama a todos para novas iniciativas. A CLAT (Central Latinoamericana de Traballadores), anfitrión deste colóquio, asumiu este plantexamento e a vontade de novas xuntanzas na busca de solucións urxentes.

Foi nos meses de verán deste ano cando a CLAT do Brasil, Arxentina, Uruguai, Paraguai, Bolivia e Chile convocou aos seus asociados e invitou igualmente aos da CGT da Arxentina, do COB da Bolivia, CUT do Paraguai, Pit-CNT do Uruguai, CGT e CUT do Brasil e Cut do Chile.

O consenso nos seguintes puntos acredita a seriedade do colóquio: A crise débese a seguir con modelos sindicais tradicionais e que non responden ás necesidades de hoxe.

O sindicalismo ten que transformarse internamente "modernizando os seus modelos de percepción, comprensión, valoración e acción".

Ante esta aceptación común da situación sindical, o colóquio decidiu abordar en asembleas conxuntas as vías de solución que leven: a formular proxectos alternativos que conteñan a visión dos sectores do traballo no proceso de integración rexional; a obter e pór á disposición das centrais de toda a información sobre a realidade dos traballadores; a superar as barreiras culturais, partindo dunha revalorización das propias culturas e dos idiomas até lograr unha solidariedade latino-americana que dé sentido a solidariedade internacional.

Os sindicatos que participaron na convocatória da CLAT, mostráronse moi sensíbeis a que o reivindicativo non fora a actividade exclusiva na que coutarse; é hora de ampliar a acción sindical aos traballadores informais, aos desempregados e aos sectores sociais emerxentes. Tamén deberían os sindicatos novos asumir a problemática ecolóxica, a loita contra o narco-tráfico, a atención ás novas tecnoloxías, a presenza gravitante dos medios de comunicación e a vixianza do neoliberalismo que tan ben serve aos grupos poderosos para axustar a economía en dano do traballador e no beneficio da concentración da riqueza.

●Aristide gaña as eleccións en Haití. O crego Jean-Bertrand Aristide é o virtual presidente eleito de Hatí ao gañar por abrumadora maioría as eleccións. Os datos barallados ao pechar esta edición dábanlle unha diferenza dun 70 por cento a respecto dos seus contrincantes.

Aristide aínda non apareceu en público, encontrándose escondido, teméndose que as antigas forzas ditatoriais, que veñen acabando sistematicamente con todo intento democratizador, traten de eliminálo. O día mesmo das eleccións falábase dun complot da policía para atentar contra o virtual presidente.

Aristide non tiña o apoio do poder militar, nen do poder económico, nen de poder político e, nen sequer, do poder relixioso. A hora de buscarlle explicación a súa contundente vitoria algúns queren ver en Aristide un aiatolá do Caribe, pero a comparación non existe, pois este non é un fanático relixioso nen cimentou a súa campaña na relixión.



Empresa Xornalística Editora: Promocións Culturais Galegas.

Consejo de Administración. Presidente: Francisco Carballo. Vice-Presidente: Anton Fernández Sánchez. Conselleiro Delegado: Xosé Fernández Puga. Secretario: Pancho Torrente. Vogals: Modesto Solla, Manuel Veiga, Fernando Cuñarro, Cesáreo Sánchez, Pancho Torrente, Xosé M. Dobarro, Xosé M. Salgado, Norberto Tabarés, Carlos Xohán Díaz e Xoaquín Acosta.

Director: Alfonso Eiré López.

Redacción: Gustavo Luca de Tena, Manuel Veiga, Xan Carballa.

Correspondentes: Anton Prieto, Miguel Rodríguez Bertojo (A Coruña), Lois Castro (Ourense), Xosé Manuel Pérez (Compostela), Enrique Sanfz, María Xesús Anas (Ferrol), Francisco Arzavado (Lugo), Xosé Castro Raton (Vilagarcía), Xavier Canosa (Bergadinos), Anton Mado (As Mariñas), Anxel Rosende (Arteaga), Desidoro Martínez Silva (Deza), X.M. Suárez Estévez (O Condado Baixó), Thery Lorenzo (O Condado Alto), Montse Álvarez (Baixo Miño), Hernán Naval (A Mariña), X. López Temez (O Bierzo), Gustavo Docampo (Valdeorras), Pablo Naseiro (Terra Chá), Xosé Carlos Villar (O Barbanza Norte), X. M. Santiago Caggao (O Barbanza Sul), Manuel Díaz (Melide), Xosé Ramón Castro (O Carballiño), Xavier Castellanos (A Estrada), Pepe Rei, José María Masius (Euzkadi), Alberto Cruz, Teresa Toda (Madrid), Joan Retana (Barcelona), Maribel Lugiñe (Asturias), Gonzalo Nuno (Porto), Deportes: Victor Miguez (Santiago), Rodolfo Dacuña (Vigo), Cultura: Lino

# A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

Braxe (Lugo), Xavier Fernández Mateo (Ourense), Manuel Carballido (Madrid).

Colaboradores: Manuel Hortas Vilanova, Anton Baamonde, Manuel Rivas, Margarita Ledo Andión, Xosé A. Gacibo, Xurxo Estévez, Xesús Vega, César Varela, Xosé M. Salgado, Suso Prieto, Domingo Prieto, Alfonso Rivas, Vitor Vaqueiro, Anton Mascalzo, Manuel Luero Rey, Francisco A. Vidal, Carlos Oliveira, M. Forcadela, X.L. Iglesias, Internacional: Xulio Rios, Fernando Carballa, Mariano Aguirre, Carlos Taibo, Manuel Vilar, Eric Ducheteau, Carlos Duram, Xesús Cambre Mariño, Begoña Moa, Juan Carlos M. Betelu, Ecoloxía: M. Chouza, R. Cid, Chus Bello, Deportes: R. Rivera.

Humor: Xesús Campos, X.X. Piñeiro Cochón, Psicoloxía: M. Fernández Blanco, Libros: Xesús González Gómez, Xosé M. Eiré, Miro Villar, Miguel Vázquez Freire, Xosé M. Milán, J.A.M., Xaquín Aguilá, Bernardino Graña.

Música: Xoán M. Estévez, Xico Peña, Xoán M. Carreira, Arter, Fernando Fero, Fernando M. Vilanova, Xavier Seoane, L. Casado Cadarso, Cine: Gonzalo Vias, Celso López, Televisión: Alexandre Banhos, Arquitectura: Plácido Lizancos, Historia: Francisco Carballo, Anselmo L. Carreira, Xesús Torres.

Fotografía: Anxel Iglesias, Chus García, Moncho Rama, X. Marra, Che, X. M. Fontán, X.L. Díaz, Nelson Gómez, Moncho Iglesias, Alexandra Díaz, Xosé Luis Suárez Canal, Manuel Sendón, Tino Viz, Xosé M. Albán, Delmi Álvarez, Tachi Castro, Voz Noticias.

Ilustración: Xosé Lois, Pepe Carreiro, Cali, Calros Silvar, Ferreiro, Fefo, Xulio Gaioso, Anxo Baranga, Tokio, Hermida.

Axencias: Novosti, ADN, Prensa Latina.

Deseño Gráfico e Montaxe: Xoselo Taboada, Guillermo Gómez, Carlos Soaxe.

Fotomecánica: Ramón Brea Salgueiro.

Corrección Lingüística: Fernando Carballa.

Publicidade: Xosé Fernández Puga (Director), Juan Louzán (Madrid - Telf: 91-467 31 33).

Suscripcións: Blanca Costas.

Promoción: César Pazos.

Dirección e Administración: Rúa Pontevedra, 4-5ª (36201 Vigo) - Apartado de Correos 1371 (36280 Vigo) - Teléfonos: Administración, Suscripcións e Publicidade (986) 43 38 30 Redacción (986) 43 38 86. Fax (986) 43 36 24.

Imprenta: E. C. C-3 1958.

Depósito Legal: C-963-1977.

ISSN: 02-13-3105.

A NOSA TERRA non se identifica necesariamente cos artigos de opinión publicados nas súas páxinas respectando a independencia dos seus autores; non se mantén correspondencia sobre orixinais non solicitados. Está permitida a reprodución sempre que se cite a procedencia.

## CARTAS

### KUIZOS E CELULOSA

¿E as águas. Terán marchado. Restará dicir adeus á anduriña da torre e á caza, o fin da vida e o comezo da loita para sobrevivir

No número 193 de ANOSATE- RRA de data 11 ao 25 de Xuño do 1982 publicábase a carta do "cacique" indio Seathl da tribo Duawamish, sobre os problemas ambientais-ecolóxicos, ou o que é o mesmo, o home integrado no seu meio en simbiose perfecta aproveitando os recursos naturais sen chegar ao expólio nen á degradación. Sentimos unha sincera sensación de satisfacción, primeiro polo que el planteaba e segundo polo razoamento lóxico, de quen sen ser un experto expuña a preocupación polo meio sen dúbida de quen está mais próximo a el e a loita consciente de quen se dá conta de que as políticas desvastadoras dos monopólios (fillos directos do imperialismo) só serven para perxudicar os intereses de benestar dos seres humanos.

A que ven todo isto?

No Faro de Vigo do día 14.12.90, fálase dun xuízo suxo, o que están a levar polo asasinato do líder Sindical-ecoloxista Francisco Alves Mendes Dasilva "Chico Mendes", a trama montada arredor da súa vida só beneficia os asasinados, piñóns ou falsos obreiros ao servizo dos intereses monopolistas e anti-ecolóxicos. Chico Mendes, fundador do Sindicato dos traballadores Rurais de Brasília, Prémio Global 500 da ONU polo seu labor en defensa dos intereses naturais e medioambientais, é criador da Unión dos povos da Selva, organización co único obxectivo da unión dos intereses da poboación indíxena brasileira.

A que ven todo isto?

Na Voz de Galicia do día 14-12-90 publícase a noticia doutro xuízo suxo, o que se vai levar a cabo o día 17 de Decembro contra os militantes nacionalistas-independentistas galegos, sen dúbida a labouira desenvolvida por todos eles e sumamente meritória, o seu traballo de base en todos os terreos, ten que ser vista e só xulgada polo povo, que tan ben soubo defender Miguel Campuzano, militante da INTG, querido e respectado polos seus compañeiros, por desenvolver unha forte labouira sindical en defensa dos traballadores/as da nosa Nación, loitando por conseguir a emancipación da clase obreira e unha mellor calidade de vida en todos os sentidos, in da nos lembramos da súa entrega polos traballadores do mar en Marín e pola saúde de todos en contra da besta Elnosa-Celulosas.

Creo que todos estamos empezando a darnos conta dunha serie de cousas:

A primeira sería o agradecemento que todo o povo en xeral debe sentir polo sacrificio destes, por que non?, compañeiros.

O segundo, a utilización que fan os poderes e as forzas de ocupación e o imperialismo en xeral por disfarzar con insultos e mentiras a labouira dos nosos compañeiros (por que non?). E



por último, e se se quer máis penoso e a colaboración que están a facer con estas salmántigas fedorentas certos sectores do nacionalismo e da clase dirixente con responsabilidades en plataformas sindicais e ecoloxicas, que non senten o máis mínimo rubor ao defender os seus garbancos a costa da saúde de todos; lembremos senón a postura mesquiña do Comité de Empresa de Celulosas, poñéndose descaradamente a favor da fábrica asasina, sen ter en conta o sentir maioritario de todos os que sufrimos o padecemos os efectos da contaminación ambiental e da Ría de Pontevedra.

Que pensará Miguel Campuzano destes "camaradas" de sindicato que andan a facerlle a pelota aos seus perseguidores.

Que pensaría Chico Mendes deses piñóns agrícolas que non teñen máis ambición que ter contento ao seu dono.

Que pensaría o "cacique" indio Seathl dos centos de millóns e tempo que se perde en estudos ecolóxicos só utilizados para encher arquivos.

Que penso eu ou que pensan os veciños da Ría de Pontevedra; sinxelamente que o impresentábel, chámese Elnosa-Celulosas, só ten unha clara saída.

Demolición!!!!!!

AUGUSTO FONTÁN GARCÍA (Pontevedra)

### FILGUEIRA E A CELULOSA

Perante as declaracións vertidas polo Sr. Filgueira Valverde en A NOSA TERRA (n. 452-8 de Novembro de 1990) verbo da Celu-

se esta cuestión.

2. Para o Sr. Filgueira "a celulosa non ten nengun motivo para cheirar, iso é unha cousa de defecto, de elección de programa", para de seguido afirmar que "hai moitas fábricas semellantes no mundo que non molestan para nada". Unha cousa é que haxa fábricas de pasta de papel que non cheiren e outra cousa ben distinta é que a celulosa de Pontevedra non teña motivos para cheirar. Como é sabido esta celulosa é de pasta ao sulfato, que expulsa entre as súas emisións aéreas sulfuro de hidróxeno e mercaptanos, ambos compostos de xofre que desprenden un fedor nauseabundo. Se a isto unimos que a celulosa de Pontevedra ten unha tecnoloxía de produción obsoleta e uns sistemas de depuración que darian risa se non for polas consecuencias que ocasionan, vese ben ás claras que xa desde o primeiro intre os resultados ian ser desastrosos. É impresentábel que unha realidade palmária, comprobábel a ollos vista e avaliada por gran cantidade de traballos, mesmo oficiais, sexa simplemente negada polo Sr. Filgueira como se tal cousa.

Cando se instalou a Celulosa en Pontevedra houbo unha enorme cantidade de entidades que se manifestaron en contra, polas consecuencias negativas que en diversos terreos podía carrexar. Sen ánimo de seren exhaustivos compre lembrar que a Deputación de Pontevedra, os concellos de Bueu, Poio, Sanxenxo, Marín e Vilaboa, os fabricantes de Conservas de Galiza, varias confrarías de pescadores, o sindicato de hostalaría de Pontevedra, os rematantes de madeira, os médicos colexiados de Marín e mesmo o Liceo Casino de Pontevedra estiveron en contra da instalación da factoría. Estas entidades e moitos particulares entenderon claramente que ia reportar a Celulosa, pero o concello que presidía o Sr. Filgueira non tivo a ben entendelo así.

3. O Sr. Filgueira debíase informar un pouco mellor, xa que un presidente do Consello da Cultura Galega non está ben que pase por ser un ignorante. E certamente amosa ignorancia o xeito de abordar o tema da situación da ría e do marisqueo que se está a facer ao pé da fábrica. Segundo o Plan de Saneamiento para cinco sistemas de Rías en Galicia elaborado polo consulting IDASA para a Consellaría de Ordenación do Territorio e Obras Públicas (Setembro do 1987) as águas da ría desde a desembocadura do Lérez até a illa de Tambo non son aptas nen para o baño nen para os cultivos mariños, segundo a normativa española e tamén segundo a normativa da CEE. Outro cantar é por que as autoridades consintan que se siga a mariscar ali. A prohibición implicaría o recoñecemento dunha situación que se pretende, cando menos, ignorar e as persoas afectadas esixirían, como é lóxico, responsabilidades aos causantes da súa ruína.

A mesma ignorancia amosa o Sr. Filgueira cando di que "o que pode perxudicar a ría máis que o

vertido da celulosa, que é relativamente pequeno, é o da cidade, que ademais deita na ría produtos non bio-degradábeis". Celulosa expulsa á ría 80.000 metros cúbicos de vertidos líquidos diários mentres que todo a cidade de Pontevedra non chega aos 20.000 metros cúbicos, aproximadamente a cuarta parte. As cargas contaminantes diárias en quilogramos do complexo Ence-Elnosa e Pontevedra son, segundo datos oficiais recollidos da segunda fase do programa Escorp (elaborado pola Deputación e o MOPU) os seguintes

	Celulosa-Elnosa	Pontevedra
DBO (Kg/día)	14.560	1.706
Sólidos disoltos	149.520	3.017
DOO (Kg/día)	53.120	5.103

Sabemos que andar con números a voltas é engoroso pero a elocución dos amosados aquí xustifican sobradamente esta licencia.

En canto á contaminación de materias non bio-degradábeis, o verdadeiro problema, o grande problema da ría de Pontevedra é o do mercurio, orixinado por EL-NOSA, empresa que forma parte do complexo de Celulosas e que foi instalada ali para cumprir as necesidades de cloro para o branqueo da pasta de Celulosa. A contaminación mercurial é potencialmente moi grave para a saúde das persoas e todos os informes oficiais din que as concentracións atopadas nos sedimentos da ría de Pontevedra, na zona de Placeres, son "alarmantes" da orde de 10 veces superior ao que se atopa nunha ría limpa deste elemento, como é a de Arousa. Non queremos alongarnos con novos datos numéricos, que por outra banda poden ser consultados en varios informes oficiais, como os dous citados máis arriba.

Di o refrán popular que o falar non ten cancelas, e iso é precisamente o que fai o Sr. Filgueira para xustificar o inxustificábel.

A Asociación pola Defensa da Ría ven loitando desde o seu nacemento contra da Celulosa de Pontevedra, por entender que ademais de estar ilegalmente instalada ten ocasionado prexuícios moi graves para os habitantes non só de Pontevedra senón tamén de todas as vilas das beiras da ría. Por este motivo estamos a opoñer á construción de novas Celulosas na Galiza, por máis que o Sr. Filgueira diga, con non moi boa fé, que a campaña contra Celulosas está estimulada pola competencia.

Galiza ten unha grande riqueza forestal que pode e debe ser empregada, pero non polas celulosas. Hai outras alternativas moi mellores, aínda que o Sr. Filgueira non o entenda. Afortunadamente a planificación da política medio-ambiental galega non está nas súas mans nen na súa cabeza, aínda que por desgracia está en cabezas e mans que non difiren moito das súas.

DANIEL SOUTULLO  
Secretario da Asoc. pola Defensa da Ría (Pontevedra)



## Xelís de Toro, gañador do *Prémio de Narrativa Cidade de Lugo* 'Non hai bons nen maus, non hai misericórdia'


■ ANTONIO MASCATO

Xelís de Toro é o gañador do "Premio de Narrativa Cidade de Lugo 1990", coa obra "Non hai misericórdia", entre cincuenta orixinais apresentados. Nestes días saíu á rua a que, a non dubidar, será un suceso editorial da man dun novo selo, "Edicións Positivas". Polas súas características estruturais, pola súa fasquia temática, a narración crua, tensa e directa, pola linguaxe asequíbel, esta obra está vocacionada a ser ponteira no mercado editorial galego. A multidisciplinaria do autor, escritor, guionista, músico líder de *Os Kinidionla*, e promotor de revistas de cultura, xunto á súa mocidade, convérteno nunha personaxe de interese alén do simple facto de ter gañado dous premios, o anterior editado co pseudónimo de Roque Morteiro.

É un escritor que gaña os dous premios aos que se presenta, daí resulta unha primeira cuestión que lle plantexo. Quixera que contara o por que se presenta a premios e se non considera que a ampla oferta de certames literarios provoca que o criador literario escriba para gañar premios e non pola razón máis intrínseca de facer unha obra de arte.

Cando o escritor non escribe polas súas propias motivacións internas e faino polas razóns que ti dis, o que é certo en moitos casos, estamos fronte a un proceso viciado -externo á propia literatura- que resulta en procura de diñeiro, estatus de escritor no escalafón, ou outros. Desde ese punto de vista é negativo. Mas hai outro problema que é as posibilidades que temos certos individuos para saír da fechadura na que estamos, cando gaño os premios non estou en situación económica de envelar, logo o diñeiro tírame dunha situación determinada cousa que me ten alegrado.

O problema é que estamos asistindo a un proceso disparatado. Un concello pequeno, con dificultades para manter actividade cultural todo o ano subvencionada cun millón de pesetas un premio, caso do da Estrada, por exemplo; doutra banda un concello maior quer gañar a corrida e puxa con dous millóns; mentres os autores concorren coa mesma obra a catro e cinco certames, nos que se repiten persoas concretas nos xurados, sen que se expliquen os criterios de escolla dos mesmos. A Xunta e as Deputacións tamén xogan a saír na foto da cultura convocando premios e dando subvencións para a creación; entretanto as editoras agardan a editar e divulgar as obras premiadas, sen facer o labor de pro-



VIRXINA BARROS

### cura de novos autores...

O certo é que aínda sendo gañador de dous premios e tendo unha subvención á creación, non me vexo na obriga de defender este tipo de cousas. Tamén é certo que vexo moi enriquecido o panorama da literatura, con todos eses factores que dis operando, e outros que o fan é facer da cultura un método de propaganda política. A cultura en si mesma non ten interese, o que ten interese é o trinque, a noticia. Están a utilizar a cultura con fins políti-

cos de autoconservación nos cargos públicos. Ollo non só na literatura, falo da cultura en xeral.

### O papel do criador, do artista, do escritor, se isto é certo limitase a ser comparsa, cómplice sobornado, de toda esta tolémia...

Se te arrimas ao poder hai pasta. Eso é evidente. Aí entra en xogo a calidade moral, ética, de cadaquén. Se te arrimas ao poder e chuchas del e limitaste e ser marioneta, posibilidade que adoptou xente abondo, xa sabes o que hai. Outra posibilidade consiste en xogar a procurar colarlle unha auténtica obra de arte, utilizarlles os medios de comunicación que poñen ao teu alcance para largar outra historia ben diferente á que eles queren escoitar. Ben sei que non é doado nen quero dicir que a miña obra sexa unha revolución.

Só tes unha maneira de non traicionarte: facer unha obra perfecta, boa, segundas tuas posibilidades. Falabas antes dos xurados e tal, está claro que esas persoas, en xeral, están ancoradas no pasado, en literaturas anteriores. Moi dificilmente obras novidosas gañan concursos. Ninguén plode crer que unha obra que gañe un concurso ten garantía de calidade, hainas que son ben malas e venden a tira.

Hai un tópico na cultura galega que reza "da literatura galega

non se pode vivir". Isto podería mudar con outras prácticas?

A min non me resulta nada raro que algúns escritores non podan vivir da súa obra, ou algúns pintores, por exemplo. O que tes que facer é traballar e abrir camiño no teu oficio, como fai calquer profesional. Claro que poden mudar as cousas se un fai o que che digo, e si as empresas que operan con nós, as editoras, procuran novas canles de comercialización das nosas obras.

A primeira obra que publica é da chamada *série negra*, na segunda fai unha funda reflexión sobre a violencia, non é propiamente *série negra* mais ben un paso adiante. Quería que se referise ás modas literarias e concretamente á moda da literatura policial, ou negra, que semella ter tocado fondo como moda.

### 'A CULTURA EN SI MESMA NON TEN INTERESE. ESTASE A UTILIZAR CON FINS POLÍTICOS, DE AUTOCONSERVACIÓN NOS CARGOS PÚBLICOS. NON SÓ NA LITERATURA'

Se hai modas literarias, que hai, é que se moven diñeiros. O xénero negro é moda agora e aquí, noutras partes levan ben tempo producindo novela policial, posiblemente chegue pronto o seu fin de moda mas non creo que chegue a desaparecer absolutamente. Seguirán editándose boas e más obras. Lamentablemente non se exportarán pola ineficacia de quen ten que facelo.

Entrando a falar mais concretamente das súas obras quería facer unha reflexión que resulta dun primeiro nivel de lectura. Os seus protagonistas son tipos novos, da mocidade cotián de calquer vila costeira ou da cidade, que viven dunha maneira alternativa facendo traballos marxinais e frecuentando bares de bisbarra e que están polo rock...

O que teñen en comun as dúas obras é que a parcela da realidade na que me fixo é case a mesma. Non é nada simple responder ao por que escollo eses protagonistas. Eu non escribo para facer exclusivamente crítica da sociedade, escribo unha obra de literatura eu, individuo, que son moi crítico coa actual sociedade na que me movo. Os mundos que mostro sonme moi coñecidos, boto man deles porque estou interesado neles.

Sí, o caso é ao escribir desde ese enfoque está perto de cair no ris-

co da moralina, a non ser que se controle. Imaxínoo dándolle unha derradeira corrección á súa obra "Non hai misericórdia" e tirando todos os párrafos que destilaban moralismo...

O que dis é certo, agardo que non se me fora a man. Na miña vida, nas miñas experiencias, podo constatar que no mundo non hai misericórdia. Non falo só de seres que me son descoñecidos, ese sentimento real. Falo dese mundo que ti chamas marxinal e que entendo te refires a uns sectores marxinais entendidos desde o patrón que marca a mesma sociedade. Son individuos reais, que teñen existencia aínda que non consuman as colónias que anuncian as televisións.

Sobre a moralina, teño que dicir que cortei partese do debate radiofónico das que non estaba satisfeito, na aportación ao debate que fai o escritor dos contos sobre os que se monta o debate.

A construción da obra plantéxase desde uns contos ligados, que logo de ser radiados serven de soporte a un debate de radio. No debate, sobre a violencia, participan un sociólogo, un asistente social, un sicólogo e un teólogo, ademais do autor dos contos. Gostaba que contaras o proceso de creación da obra, novidoso na nosa literatura.

Logo de concebir a idea global, o mais complicado, escribin uns contos, todos co asunto da violencia como fio condutor. Logo deíllos a ler aos especialistas que ti citas, persoas reais que figuran no comezo do libro como agradecimento, e pedínlles que fixesen as súas reflexións grabadas nunha fita de casete. Logo de ter o material amañei dos debates tal e como aparecen no libro.

A visión da realidade que mostra é dura, a propia violencia, social ou individual, tamén é dura. Cal é a súa opinión sobre a violencia.

Xustamente o que o leitor tira logo de tragar o libro. Que non é nen boa nen má, que está aí, con ela relacionámonos, convives con ela, recibimos violencia e tamén -cando podemos- aplicámola. Procuo demostrar que non hai bós e maus. Falar do ben e do mau é algo que non me compete, só ando á procura de contar que o fenómeno está entre nós. Movémonos por razóns diferentes ás sentimentais, non hai misericórdia. Claro que eso está contado poñendo en relación un discurso teórico cun real.

Teño a impresión que unha parte da pouca crítica que se está a facer na Galiza non vai recibir esta obra con satisfacción. Que non van gostar dos seus protagonistas, rokers, heavis, mods, nen da xerga na que eles falan.

Que queres que lle faga. O material lingüístico que utiliza, ese argot dos protagonistas é real, moitos dos meus amigos falan así. Chámanlle birra á birra e nota aos notas. Está en certos sectores xuvenís nos que eu me movo. Se me critican por iso non é meu problema. A obra está aí para quen queira ler. Que vai haber sectores da cultura galega que me critican por todo iso, xa o sei. Tamén sei que hai moitos sectores aos que eles non poden chegar e aos que eu si chego.



## Alfonso Rivas, director de *Análise Empresarial* "Hai que normalizar a lingua tamén nas revistas especializadas"

■ XAN CARBALLA

Alfonso Rivas é un veterano animador de publicacións e proxectos culturais. Foi o primeiro xerente de "Teima" e desde entón ten participado en *Escola Aberta*, *Promocións Culturais Galegas* ou *Unipro Editorial*. Desde 1987 é alma mater de *Análise Empresarial*, unha revista de economía de liña editorial nacionalista, integramente escrita en galego, e que xa ten acadado a súa consolidación con once números no mercado e un extenso plantel de colaboradores.

"Non coñezo unha publicación de economía escrita nun idioma peninsular que non sexa o castelano, agás un intento recente do Col.legi de Economistas de Catalunya. É un esforzo importante, que nos obrigou en moitas ocasións a traducir os orixinais, aínda que nos últimos tempos os autores xa se están a acostumar a escribir directamente en galego e mesmo a facilitar copia en soporte informático, o que facilita a edición. Vécense así un prexuício, pero a custa de moito traballo engadido ao xa complexo que resulta facer calquer revista". Alfonso Rivas explica a traxectoria de "Análise Empresarial" con particular cariño, "a historia vai parella á de *Unipro*, que é unha consultora empresarial, con catro delegacións independentes entre si, e Inforpyme. Todas elas, como corporacións, participaron na constitución da editora de "Análise Empresarial", máis algúns outros accionistas que temos capital individualmente. Anteriormente faciamos un Boletín para os clientes, en



castellano, pero exclusivamente con información ligada á empresa. Nun momento dado pensamos que había que elevar o nivel, en parte coincidindo coa eclosión de xornais e publicacións especializadas en economía que surxiu hai uns anos, un auxe que coído está ligado a un maior nivel de desenvolvemento económico e á consciencia de que a economía está interrelacionada con todas as actividades da sociedade".

### Sempre en galego

A decisión de facer a revista en galego ten en Rivas un impulsor, "pero nunca xerou problemas entre nós. A idea era que habi que normalizar tamén o galego en ámbitos e publicacións especializadas, que non fose un idioma só de literatura senón lingua de cultura e científica en calquer ámbito e situación. Nengun autor puxo incoherentemente e só ás veces se crían problemas coa

publicidade porque hai que traducila ao galego as máis das veces".

"Análise Empresarial" segundo a define Rivas "é unha revista temática, non de información puntual. Estaría máis ben dentro do binomio información-formación. A liña editorial entraría dentro do nacionalismo, tendo presente que até agora non houbo unha burguesía propia e esto vaíse notar á hora de xerar opinións propias e diferenciadas. Nese senso os once números que teñen saído até agora, parafraseando ao director do *Liberation* francés, son todos números cero. A revista trata de buscar unha definición en función dos criterios e as necesidades do país, recollendo opinións de lectores e colaboradores. Temos que consolidar un modelo e definir un público."

Alfonso Rivas ten presentes as dificultades obxectivas que unha revista desta índole ten, con modelos que encubren moitas veces a publicidade por detrás da aparién-

cia de información, "non estamos pola entrevista ou a información de pasteo", e na procura dun espazo no mercado e nos puntos de venda modificaron nesta última entrega a capa da revista, "Xosé M. Torné deseñou esta nova portada, que inclúe a fotografía do personaxe que escribe o artigo central do número, neste caso último a de Ramón Villares, que fala das relacións de empresa, universidade e institucións".

Con este número presentouse tamén o primeiro libro de Unipro Editorial, da autoría de Santiago Santos, sobre a Historia da Pesca e do salgazón desde 1748 a 1870", e no plan editorial teñen varios títulos en perspectiva: "Dez pasos para constituir unha cooperativa", "Dez pasos para constituir unha sociedade mercantil", un manual sobre historia económica de Galiza e dous libros máis especializados "Novo Plan de Contas" e "Contabilidade Xeral".

## Publicado o primeiro volume do *Atlas Lingüístico de Galiza*

O pasado luns presentábase en Santiago o primeiro tomo do *Atlas Lingüístico de Galiza*, con presenza das máis altas autoridades autonómicas. O traballo que agora comeza a tarefa de publicación, que se pode prolongar durante varios anos, comezou no ano 1973, nun traballo en equipo dirixido or Constantino García e no que interviñan Antón Santamarina, Rosario Alvarez, Manuel González e Francisco Fernández Rei.

A historia do *Atlas Lingüístico*, no que a actual Xunta de Galicia non tivo nengunha intervención nen de financiamento pois é moi anterior á autonomía, retrotraese 17 anos. Daquela elaborouse un cuestionario que despois se levou por 167 puntos de Galiza e das zonas de fronteira (Asturias, León e Zamora); 49 puntos na Coruña, 39 en Lugo, 31 en Ourense, 33 en Pontevedra, 7 en Asturias, 5 en León e 3 en Zamora. O total é dunhas catro mil palabras.

"O *Atlas* non o teñen nen o portugués nen o español -declara Francisco Fernández Rei-, pero si os cataláns que empezaron a publicalo no ano 23 e remataron no 60. Na xénese da nosa elaboración está o encargo que a UNESCO proxectou co plan *Linguae Europea* que procuraba o estudo de todas as linguas desde Fisterra aos Urais. Manuel Alvar encargou a Constantino García xa daquela a recollida do territorio lingüístico galego, cunha serie de puntos que nós despois ampliamos aproveitando os inqueritos que xa tiñamos que realizar. O *Atlas* é unha fotografía da situación da lingua sobre o que despois hai que facer traballos e estudos".

## A INCAPACIDADE PARA ENTENDER RESPOSTA A MANUEL VEIGA

MANUEL FORCADELA

Xa hai tempo que o vello Hölderlin nos advertía contra os xornalistas (Sabede que hoxe Apolo é o deus dos xornalistas). A procura do comunicable inmediato nunca estivo na vontade dos poetas. Estes sempre preferiron o enigma. Supoño que isto suscitará máis dunha rebeldía naqueles que comercian diariamente coa palabra na súa expresión máis transferible e, por tanto, máis vulgar pero, certamente, cadaquén debe ocupar o lugar que lle corresponde. A min cábe-me o honor e a alegría de estar, nas antípodas do señor Veiga, na indagación e na experimentación da palabra ambigua, plural, polifónica, en suma, da palabra literaria, aquela que de tanto significar case non se entende. Ao Manuel Veiga, pola posición que el mesmo se empeña en ocupar dentro da súa notable confusión ideolóxica dos últimos tempos, cábelles só a de cronista malintencionado dos acontecementos. Xa se sabe que o fotógrafo nunca sae na foto.

O señor Veiga comenta parágrafos dun artigo meu desvirtualizándos e, o que é peor, tirándos fóra do seu contexto. A súa exérese, por máis que estea carregada de interese, non se atén para nada ao meu texto. Como naquel conto do

rapaz ao que o mestre lle pregunta polos "raios catódicos" e responde "Isabel e Fernando" entre o meu artigo e o señor Veiga hai un problema de comunicación. O triste é que non se trata dunha dificultade para entender unha letra ou unha palabra. O que o señor Veiga non entende é a miña sintonía ou, mellor dito, non sintoniza ben. Eu pregunto 'raios catódicos' e o señor Veiga responde 'Isabel e Fernando'.

E digo isto porque non me creo merecedor da ironía innecesaria do seu artigo cando comenta que 'existe unha inconfesábel pesadume por non poder escribir en lingua castellana'. Certamente poucas persoas se teñen manifestado tanto coma min a favor dunha escrita monolíngüe en galego. Por outra banda tamén é evidente que existen as traducións, mesmo a linguas con máis falantes que a castelá, e supoño que o señor Veiga non se oporá ao intercambio cultural nin ao espallamento dos poemas e as ideas.

Tampouco me creo merecedor dos seus resabios progresistas cando afirma que 'escasea o interese do escritor polo seguimento de temas que preñan a nosa sociedade e que poden quedar sen reflexo nas nosas letras'. Francamente síntome

un bo coñecedor desta sociedade na que vivo e o señor Veiga sábeo ben. Outra cousa é a escrita ao dictado que el parece ansiar. O mundo no que vivimos sempre ficará reflexado, dun xeito ou doutro, naquilo que escribamos, por máis que o que fagamos sexa unha novela de ciencia ficción ou un relato erótico. Trátase xustamente dunha

**É PROBABLE QUE  
OS ESCRITORES DA  
MIÑA XERACIÓN,  
DECIDÍSEMOS  
ABANDONAR A  
CONQUISTA DO  
LECTOR ATA ENTÓN  
CONNOTADO COMO  
"GALEGO" E  
CAMIÑAR Á  
PROCURA DO  
LECTOR EN XERAL**

das grandes regras da historia literaria. Así, pois, non creo que haxa que valorar de que se escribe senón por que se escribe do que se escribe e, sobre todo, para quen se escribe.

É probable que os escritores da miña xeración, conductores dunha 'mudanza de horizonte' dentro do noso panorama literario, decidísemos abandonar a conquista do lector ata entón connotado como 'galego' (con todo o que o concepto de 'lector galego' ten xa de por si de pernicioso e, tamén, de reaccionario) e camiñar á procura do lector en xeral. Este feito, que foi hipervalorado nalgún momento, parece conducir hoxe a un desprezo e á minusvalía. Creo que, nese sentido, as opinións deberían ser máis ponderadas aínda que tamén é moi sintomático que non o sexan.

Rexeito, desde logo, a acusación de vaidoso. Considero unha saída de ton demagógica e inútil, e unha mostra máis da súa incapacidade para entender, o feito de que considere a vindicación de máis espazos sobre literatura galega nos medios de comunicación como un problema de vaidade. Se hai algo que separa a condición de escritor da de xornalista é que, por moito que escribamos, nunca sairemos

tanto nos medios de comunicación. E coincidirá comigo o señor Veiga en que os medios de comunicación galegos, coa excepción de *A Nosa Terra* e *Diario 16*, están virados de costas á nosa realidade literaria e intelectual. Pedir máis espazo nos medios de comunicación non é, pois, un síntoma de vaidade senón, en todo caso, unha manifestación de patriotismo. Resulta extraño que as palabras que eu dirixo ao universal o señor Veiga as transforme en referencias persoais, como se en vez de falar do escritor falase unicamente do meu ego.

De todo isto deduzo unha disxuntiva trivial e nada hamletiana: ou Manuel Veiga padece un esgotamento mental transitorio, e nese caso a empresa para a que traballa debería procurarlle atención médica inmediata (algúns días de vacacións e unhas vitaminas poden sentarlle moi ben), ou manexa para o ataque do seu artigo razóns extraliterarias que se me escapan e que deberían aflorar noutro tipo de comentario, se a el houbese lugar.

Finalmente quero facerlle unha encomenda a propósito da súa afirmación sobre a incapacidade do escritor galego para explicar o mundo aos seus lectores: comece vostede polo seu semanario.



LIBROS

Unha  
introdución  
á ciencia  
ficción

Co título *Ciencia ficción. Guía de lectura*, Miguel Barceló publica en Ediciones B. un interesante volume de achegamento a este xénero literario. O autor divide o libro en cinco capítulos (catro e máis un apéndice). A ciencia ficción é o primeiro. O segundo trata dos autores (un achegamento a 100 nomes). O terceiro dos "títulos", quer dicir, dá cen títulos de novelas deste xénero. No cuarto fala da narración breve. E no quinto, no apéndice, dá un repaso á ciencia ficción en España.

O volume non quer ser unha introdución literaria ao xénero, senón bibliográfica. Tampouco está feito o libro desde unha perspectiva máis ou menos obxectiva -aínda que en certos momentos o autor manteña, ou se impoña, un punto de vista obxectivo cara a certos autores- senón desde unha posición de afeizoado lector amante (ou, mellor dito, apaixonado) da ciencia ficción.

O primeiro capítulo é unha historia da ciencia ficción, un pouco deslabazada, desde os seus inicios até á idade de ouro: anos 40-50. Aquí o autor deita teses e hipóteses coas que se poden discentir. A máis importante tese de Barceló parece ser errónea. É-la: "El placer que se puede obtener de la literatura de ciencia ficción es esencialmente un placer intelectual y atañe ante todo a la racionalidad del lector, sólo en segunda instancia puede a veces llegar a proporcionar un placer de tipo estético, motivado por la belleza del lenguaje y la forma literaria". Pensamos que esta segunda instancia debe ser o punto de partida de todo xénero literario. Se o autor de narrativa de ciencia ficción non se plantexa, en primeira instancia, que o que está a escribir debe ser, ante todo, unha novela, e en segunda instancia resulta que é de ciencia ficción, quer dicir que ese autor -desde o primeiro momento- está a enganar ao lector. Sexamos serios. Só se pode dignificar unha narrativa se o que se intenta é facer unha novela, un relato. Que resulte dun xénero ou outro, é, ou debe ser, a segunda ins-

tancia (un exemplo práctico temo-las novelas policiaís galegas, que están escritas baixo mínimos porque... son policiaís e non literatura en primeira instancia, como debería ser, ou como é nos verdadeiros escritores de literatura policial).

Aparte desta disensión co autor, o libro é utilísimo por varias razóns. De primeiras porque historiza a ciencia ficción até os nosos días. Segundo porque pon en mans do lector toda unha xerga que o non afeizoado a esta clase de literatura descoñece. Terceiro porque sinala, individualizando, unha serie de autores -o máis granado- desta literatura. Cuarto porque dá unha ampla reseña bibliográfica con indicación de fontes. A máis de todo isto, Barceló entra de cheo no que é -e foi- o mundo da ciencia ficción en España. O mundo das revistas e fanzines, das coleccións, dos autores. En fin, unha verdadeira guía, como subliña o título.

*Ciencia ficción. Guía de lectura* é un volume que non debe faltar nen nas bibliotecas dos afeizoados a este xénero, nen nas dos sociólogos da literatura -se é que aínda existen-, nen nas dos profesores que adoitan descoñecer esta clase de xénero literario e soen etiquetá-lo (como ao xénero policial e outros) de literatura de masas, cando, á vista dos índices de venda, a literatura de masas -quer dicir, a que se vende- é outra.

Mais há que dicir, tamén, que Barceló limita o seu libro á ciencia ficción anglo-saxona, a máis coñecida, e á española, en apéndice. Con todo, há outras ciencias ficcións que -hoxe- non vai mui por detras daquela que se dá nos USA ou Inglaterra: a francesa, a italiana e habería que coñecer as últimas producións soviéticas, que, como mui ben sinala o autor, até o de agora enchían as súas páxinas de moralina.

Benvido sexa este libro, por interesante, por ameno e pola información que dá. E, tamén, porque nos fai pensar que, quizais, sexa imposible unha ciencia ficción no noso idioma (ou non?).

XGG

Unha  
contribución  
á historia  
da pesca

Uniproeditorial entregounos a tesina de Santos S. que ofrece material histórico para os anos 1748-1870 en relación á pesca e á salgazón.

Consta esta tesina de dúas partes. Na primeira recóllense datos sobre o s.XVIII, na segunda sobre o XIX. Unha e outra están distribuídas en catro capítulos.

Para o s.XVIII é Pontevedra a cidade aínda influente na pesca e salgazón das Rias Baixas; no XIX irrumpe Vigo como centro determinante. A contribución do autor con aportacións de todo xénero, con apéndice documental etc. é parte da historia local e puntual que Galiza precisa para unha cada día máis exacta delimitación do seu proceso ao longo dos séculos.

Dado o carácter do libro non é de extrañar o interese do autor por formular valoracións sobre causas no estancamento económico ou nos conflitos entre advenedizos e íncolas. Cousa corrente nos escritores noveis e cousa perigosa porque as valoracións sen perspectivas globais son case sempre espelismos de viaxantes.


Hai texiñas como esta que sería útil imprimir; a ver se aparecen mecenas que o fagan. A investigación, incluso a empregada en tesinas, é a fonte para encher os ríos caudalosos da historia. A súa lectura é fácil e proveitosa.

FRANCISCO CARBALLO

1) Santos Castroviejo, Santiago, *Historia da pesca e salgazón, 1748-1870*. Uniproeditorial, 1990. PP. 168. Vigo.

O discreto  
encanto do  
nacionalismo

O clube Armau de Vilanova publica periodicamente coleccións de artigos de prensa sobre o nacionalismo catalán, que é o obxecto das



suas tertúlias e motivo de preocupación da súa actividade nos medios de comunicación.

O volume II recolle artigos dos anos 1981-1989. A galería de autores é ampla: Vila-Abadal, Puigjaner, Güel, Huguet, Ventosa e outros.

No feixe de temas sobresaen algúns arredor dos que se volta constantemente, lingua e cultura é un deles. "No último terzo do s. XX, a maior parte da humanidade atópase baixo a influencia, moitas veces pasiva, dunha cultura que se converte en produto de consumo" (p. 74) Tradicionalmente o combate a prol da lingua e cultura propias dábase nos sectores literarios e algo menos nos científicos. Os de consumo non interesaban. Pero esa tradición "cultista" ten que superarse. Se abandonamos a encrucillada na que a voraxine cultural se move, iremos mal.



O tema nación e o seu paralelo do estado son os máis revisados. "A Catalunya, din, non se lle regala nada, nen a natureza a favoreceu; canto ten e produto do traballo do pobo. Un dos gaños é obrigá-lo aos políticos a pronunciarse sobre o feito nacional. Mencionan así a Peces Barba que, en Barcelona, deixou claro que si, que Catalunya é unha nación. Mentres que Felipe González se limitou a afirmar "e se os cataláns o queren". Todo isto resulta un grande avance se o comparamos co doutrinarismo dun Ortega e Gasset, Unamuno e os políticos da IIª República.

Pero os pensadores do clube Armau de Vilanova van máis adiante; queren que se reformule a linguaxe sobre España so concebíbel como un estado multinacional. Esa reformulación é tanto máis importante canto na identidade das nacións o sentimento xoga un papel primordial á beira da razón. Sentimento que se pega ás palabras e as cargas

de pulsión emotiva.

Aspecto curioso é o predomínio da esquerda ou da dereita na configuración do nacionalismo catalán, segundo J. Camps (p. 133): "Non deberíamos aplicar o esquema dereitas / esquerdas ao nacionalismo que é anterior, lateral e posibelmente inabarcábel a unha análise simplista de clase". Se llelo aplicásemos, teríamos no nacionalismo catalán un caso de travestismo político. En 1931 Catalunya respondeu cun republicanismo laico e de esquerda; en 1977, de forma parecida; en 1982, e cando no poder central gañaron os socialistas, aquí dáse un nacionalismo conservador. En todo caso temos que aceptar que o nacionalismo catalán tivo certa debilidade histórica, altas e baixas periódicas, certa tendencia ao arcaísmo, amntemento de algúns elementos irracionálistas, etc. Pero é un nacionalismo que permanece. E toda a esquerda existente trata de chegar á análise desta realidade, da que non é parte integrada.

En resumo, se o nacionalismo ten un discreto encanto, a colección que recensionamos, tamén. Para os galegos é moi conveniente bañarse na problemática destes ensaios; son temas comúns e cuxo tratamento observamos nos nosos medios ás veces sen este discreto encanto.

FRANCISCO CARBALLO

Clube Armau Vilanova, *El discreto encanto del nacionalismo*. Antología d'articles (1981-1989), v.2. Barcelona, pp. 286. 1990.

Alemanha,  
Grass e nós

"Alemania nunca estuvo dividida / senão que foi, toda ela, um só prato preparado" ("A ratesa")

Vem de saír traducido para o castelano un volume que recolle os trabalhos reunidos no título "*A carga da conciliação alemã*" (Deutscher Lastenausgleich) junto com um par de textos adicionais da autoria, todos eles, do literato e intelectual Günter Grass (1).

Para além, muito para além diríamos, da súa coñecida militanza na asa esquerda do SPD, Grass exemplifica ao longo destes artigos e entrevistas -datados desde a edificación do muro em Agosto de 1961 até o verao de 1990- a frustración e o estupor de quantos aquém e além desse muro, que hoje já sabemos que nunca foi tal, acreditámos apenas há um ano durante algumas semanas, quicá tam só foram umas horas, na possibili-

DICCIONARIO  
XERAIS  
CASTELÁN  
GALEGO  
DE USOS, FRASES E SINÓNIMOS

DICCIONARIO XERAIS

CASTELÁN  
GALEGO

DE USOS, FRASES E SINÓNIMOS

50.000 ENTRADAS E MÁIS DE  
85.000 ACEPCIÓNS PARA ACCEDER A  
TRAVÉS DO LÉXICO CASTELÁN Ó NOSO  
IDIOMA

DE PRÓXIMA APARICIÓ

¡Estabámolo esperandó!

XERAIS







Cena do filme *O ceo protector* de Bernardo Bertolucci

dade de que por uma vez as coisas podiam ser materialmente perfeitas. No ímpetu renovador que puder abrir passo à edificação de um processo constituinte de novo cunho.

Tras os acontecimentos de toda índole sucedidos com frenético ritmo no decurso deste último ano, culminando simbolicamente na derrota eleitoral dos grupos que protagonizáram a caída do réxime socialista (Neue Forum e as demais forzas agrupadas na alianza *Bundnis 90*), nao só se fráguam os alicerces do grande Estado unitário alemão, mas também o fracasso temporal de materializar esse novo poder constituinte antagónico aos sistemas que padecemos tanto no Oeste como no Leste, esse único e irreal espello.

Grass manifesta-se através destes textos inequivocamente contrário a essa unidade em Estado unitário. Combate a venenosa falácia "reunificadora", que significaria nem mais nem menos que volver aos limites territoriais da Alemanha de 1937, ao fatídico expansionismo grande-alemão. Fala do perigo de um novo Auswitzch. Propoe como alternativa, meticolosamente detalhada, a formação de um bund de länder federais a partir dos vigentes anteriormente na RFA e RDA, esboçando em todo caso a possibilidade unificadora para depois de uma futura unificação europeia. Tem tempo de divagar (como alguns na Galiza, mas com maior rigor) sobre o difuso conceito de "nação cultural". E até lhe sobra alguma linha para ponher de besta parda para abaixo ao chanceler Helmut Kohl.

A columna vertebral, portanto, do seu discurso é uma frontal oposición -que hoje, tras a vitória do Deutsche Mark, da grande banca federal, é só legível qual comovedora retrospectiva- à construción de um Estado-nação alemão unitário. Ele aduz como táboa de salvamento a criação de um imposto especial para a RFA a fim de ecualizar a déveda da zona leste, elevando e nivelando o seu estándar de vida, e podendo chegar então a uma negociação em igualdade de condições. Mas numa leitura entre linhas, sintomática, que ás vezes emerge ao papel, Grass, como os derrotados da Praça dos Enganados (os nosos companheiros comunistas de *Bundnis 90*) sabe como sinalava num lúcido artigo *Toni Negri* que só há uma razão poderosa para opor-se à unificação alemã tal e co-

mo se tem levado a cabo: a aniquilación da esperanza de renovación quea revolución suscitara. "A unificación encerra num cepo bismarkiano o que a disidência abrija".

O 2 de Dezembro a usurpación estatalista, a corrupción económica, o nacionalismo latente, acaláram as vozes que um ano antes encheram descomunalmente as ruas e praças de Berlim reclamando liberdade e democracia de base. Contudo, a luta por construír uma nova socialidade, uma nova orde no planeta, é um horizonte que certamente não temos que delegar nos povos do Leste.

Hoje mais que nunca todos somos berlineses.

JULIO BÉJAR

(1) *Günter Grass, "Alemania: una unificación insensata", El País/Aguilar 1990.*

## CINE

### O ceu protector

Fortaleza formal, debilidade do discurso

Baseada na novela do escritor americano Paul Bowles "The sheltering sky", a última película de



As Idades de Lulú

Bernardo Bertolucci veicula a exposición maxestuosa dunha "mise en scène" queacompaña, como protagonista principal, ao desenvolvemento da acción dramática e ao itinerario persoal dos personaxes. Certamente, desde sempre o cine do realizador italiano veu caracterizado por unha constante preocupación neste campo, unha preocupación moi vencellada coa fascinación infantil que sempre sentiu polo cine como criador de contornos "máxicos" capaces de liberar a imaxinación e a consciencia. Exquisito controlador da dinámica establecida polo xogo das luces, dos tempos, dos espácos e das cores -e non só como elementos puramente decoartivos senón tamén como vectores explicativos das situacións exteriores e da dinámica interna da sicoloxia dos personaxes- a posta em marcha deste mecanismo tan complexo é algo que está maxistralmente exposto en "O ceu protector". Desde esta perspectiva, a autoria do filme debe ser compartida en xusticia polo esplendido fotografo Vittorio Storaro sen cuxo traballo a súa existencia mesma quedaría esvaída. Storaro é un xénio no seu oficio e a súa aportación en fitas como "Apocalypse Now" ou noutras colaboracións co mesmo Bertolucci, o amosan ben ás claras ("La Strategia del ragno", "Il Conformista", "Ultimo tango a Parigi" ou "Novecento"). Entendo pois que a vertente estética e de composición formal é determinante na concreción de "O Ceu protector". Bertolucci, alonxado definitivamente do compromiso estético que o ligaba co seu pasado de "xoven cineasta comprometido", aposta por un preciosismo de alta calidade, de maxestuosas composi-

cións e encadres, misturados cuns movementos de camara solenes e que veñen presididos polo uso constante de medios técnicos "deslizantes", como corresponde a un cineasta atrapado por esa "estética da fascinación" e a máxia da que falabamos antes. Desa convicción no plano formal derivase a recorrente utilización no seu cine ("Novecento" ou "O derradeiro Emperador" serian paradigmáticas) de movementos de cámara case etéreos de amplo xogo espacial, como as panorámicas, as cruas ouos *travellings*. De todo isto temos moito en "O Ceu protector", e de todo isto tamén quedamos abraizados e un pouco empachados. Como noutros dos seus filmes, "O Ceu protector", desenvólvese a partir de tres cenários "interiores" e exteriores ao mesmo tempo. Cada un deles ten unha ambientación formal diversa e un desenvolvemento psicolóxico distinto: O universo do trio, a peripécia persoal onde o protagonismo correspóndelle a Port, e o camiño da desesperación e a locura onde o suxeito activo é Kit. Os tres mundos veñen descritos con perspectivas formais distintas (na foto, nos espácos, nas cores, no ritmo... no discurso temático e no universo vital) e o seu entrecruzamento amplia a textura dramática final (as concomitancias con "O Tango" están aquí xa presentes). Os protagonistas entran primeiro en contacto cun mundo novo (Marrocos), despois transitan por el e, finalmente, atopan a destrución da súa relación, a seguridade do fracaso e a chegada ao punto sen retorno: a morte e a loucura. No meio de todo, o deserto, espécie de manto materno, liberador e verdugo ao mesmo tempo, onde o teito protector do ceo semella tamén unha especie de "placenta" *post partum* onde os protagonistas sofren o seu itinerario personal cheo de angurias, incomunicación e fracasos. Certo que, aparentemente, o filme podería entenderse como unha reflexión sobre a incapacidade para aprehender e comprender a existencia doutros horizontes culturais (Africa, o Magreb e un universo ben distinto que se enfrenta a uns viaxeiros americanos). Porén, na miña opinión, a "cousa" non vai por eses vieiros. En "O Ceu protector" estamos diante dunha reflexión semellante a que deu vida a "Ultimo tango a Parigi", aínda que alonxada da que para min é unha obra mestra do cine dos anos setenta. Certamente, o mundo da parella e a súa imposíbel relación en plenitude é o que esta en xogo -máis unha vez- no filme do parmense. En efecto, Kit e Port ámanse, deséxanse, necesítanse... pero están condenados a non ser felices. Como no "tango", cando non falan as cousas marchan, cando rompen o silencio o fracaso da relación (mesmo sexual), a frustración e a desesperanza aparece como un fantasma omnipresente e fatal. O intento de reconstruír a súa relación, apesar da necesidade que ambos teñen, non será posíbel nen sequer co coñecemento doutro mundo, doutro cenário, doutro ambiente... Todas estas frustracións e fracasos converten a relación dos protagonistas nun enlouquecido transitar agónico e desesperado onde, apesar do amor que ambos se profesan, este non será xamais un pasaporte que lles abra o camiño á felicidade.

Obra complexa, formalmente perfeita e correctamente interpretada (Malkovich está sobérbio), "O Ceu protector", ten bastantes puntos positivos no seu "haber", pero a abstracción presente nalguns momentos, a excesiva carga de preciosismo de tarxeta postal, a cadencia ralentizada de determinadas situacións e a artificiosidade retóri-

ca que invade gran parte do filme, colocan no seu "debe" suficientes obxeccións para non considerala unha obra que, conxugando os elementos formais -sempre ben dispostos- e o contido do discurso, acadade a plenitude absoluta.

CELSO X. LÓPEZ PAZOS

## Coitus interruptus

### As idades de Lulú

Nun panorama tan raquíto como o do cine español, e coa contribución involuntaria do facilmente escandalizábel diario ABC, é fácil ter un éxito como o da última fita do director Bigas Luna. A *españá* de Angela Molina, tan ben aproveitada polo "avisgado" produtor Andrés Vicente Gómez, e a polémica de marras sobre o apoio do ministerio de todas as culturas a unha película "supostamente" pornográfica son dous elementos importantes á hora da expectación producida.

Como case sempre, non era a cousa para tanto. Con Lulú ou sen ela, seguimos sen un verdadeiro filme erótico español. Aproveitando a garra e a novidade da novela de Almudena Grandes -tamén co-autora do guión-, Bigas Luna conta un conto dunha rapaza, logo muller, que encontra nas diversas ruas que ofrece o sexo, unha razón de vida. A clave das dúas Lulús, a literaria e a cinematográfica, está na frase: se os homes se excitam coas lesbianas, é xusto que as mulleres podan excitarse cos homosexuais. A premisa é interesante e frústase na novela -de entrada moito mellor que a película- por un final feliz, conservador, que invalida toda a carga provocativa da historia -na que o incesto co irmán é un elemento importante, que na fita se perde- e polos diálogos moi artificiais.

Para facer un bon filme erótico -desde o *Imperio dos sentidos* ata *O último tango en París*- é necesario encontrar unha visualidade nova e potente para suxerir un mundo tan complexo e interno coma o erótico. Os mostrámos de lencería fina, con vibrador incluído, xa non provocan a ninguén -coas excepcións de sempre- se non veñen acompañados dunha orixinalidade da parte do director.

Na película, un elemento tan importante coma o do cambio dunha sexualidade adolescente a unha adulta non ven mostrada dunha maneira natural e progresiva e o paso dunha atracción incestuosa a unha homosexual non está ben graduado. Os personaxes non teñen nengunha relación coa realidade española: todos os diálogos son abstractos, non teñen vida.

Contodo, o erro maior está no reparto. É difícil pensar que non haxa algún menos adecuado que Oscar Ladoire -tan monolítico nesta película coma en todas as suas- ou que o personaxe do travestido que fai Maria Barranco -a cena da masturbación con protése incluída dá vergoña allea- non esté máis controlado por Bigas Luna. O pracer queda en Lulú: unha fascinante aspirante a actriz italiana chea de sensualidade que non fai ter saudades de Angela Molina.

É moito máis erótica calquer película de Von Sternberg con Marlene Dietrich -é só un exemplo entre miles-, onde a suxerencia deixa actuar á libido do espectador, que toda a parafernalia desta obra de Bigas Luna.

CARLOS AMARO



## Dificultades e pouco apoio ao teatro de monifates Constituíuse o Gremio de Titiriteiros Galegos

■X.P.

Durante Decembro celebráronse diferentes encontros e actuacións de grupos de titiriteiros, tendo como centro principal o Festival Internacional que se seguiu en Vigo. A situación de desatención destes grupos por parte das institucións, e as propias necesidades de autoorganización centran a atención deste colectivo.

Estes días andan revolucionados os titiriteiros galegos por diferentes e xustificadas motivos, xente dunha profesión xa de por si esforzada e movimentada, que se sostén por mor do agarimo e a paixón pola súa arte. Ben certo é que non é doado viver deste oficio cun chisco de folganza, dado que á cativa consideración que se lle ten hai que engadir os atrancos que reciben das diferentes institucións galegas. Mais non son os monifateiros disa caste de xente que recua e anda a lairse de balde. Afeitos a situacións comprometidas nas loitas, enganados e retransas de brutos e pillabáns -aquén e alén do guiñolesco- saben botarlle forza e enxeño.

### Asociacións de Titiriteiros

Facendo historia, a primeira Asociación de Titiriteiros Galega fundouse no 1982, agrupando á práctica totalidade dos grupos existentes na Galiza e, desde logo, a todos os de carácter profesional. Con este gromo asociacionista conque se en boa medida consolidar aos grupos e popularizar o teatro de bonecos en parte do país através dos circuitos polos concellos, como o de "Furabolos", as Semáns Culturais, Cursiños, Exposicións Itinerantes, Mostrás e Festivais. Parecía un bon comezo mais na realidade a bondade da fórmula era un espelismo baseado nunha política institucional, nomeadamente da Xunta, de arriar uns cartos de esmola con miras propagandísticas sen se preocupar das necesidades reais dos grupos que se tornaban esixentes e adoitaban conquistar maior calidade, profesionalización, infraestrutura, locais, seguridade social, intercambios...

A Asociación acabou por esmorecer por falla de medios axeitados ás crecentes necesidades e, sobretudo, polo sobreesforzo en traballos organizativos (contactar concellos, artellar circuitos, distribuír propaganda...) simultaneados cos labores propios de cada grupo e a creación de novos espectáculos. Impúñanse novas alternativas e disa necesidade surxiu o Gremio que fixo unhas declaracións ao noso semanario, "consideramos que o Gremio de Titiriteiros Galegos é en certa maneira unha continuación da Asociación porque foi constituído polos mesmos once grupos que a conforman. Temos problemas internos e externos que repercuten negativamente: moitos grupos non están consolidados por falta de medios e equipamento, hai dificultades para lograr locais en condicións, especialmente nas cidades, e non existen circuitos estábeis. As dificultades para criar un público propio, acostumbrado, son grandes porque escasea a contratación e non se lle pode dar continuidade ao traballo".


As referencias ás relacións coas

institucións son constantes, como noutros sectores culturais, "a Administración autonómica está a facer unha política de subvencións discriminatória para os grupos de títeres, con dotacións escasas que non cobren as propostas dos grupos, imposibilitándoos de realizar os proxectos. A Xunta gasta os cartos sen un criterio coñecido e cos grupos de fantoches hai un agrávio comparativo evidente. Nós estamos ben dispostos a manter boas relacións coas institucións cara a novas propostas, como creación de circuitos independentes específicos. No caso dos concellos son raros os que invisten en cultura teatral, e menos se esta é de base. Connosco andan a mendigar unha rebaixa ou fican á espera de subvencións de Xunta ou Deputacións. Un concello como o de Vigo denega sistemáticamente as propostas das Asociacións de Viciños en materia cultural e non ten reparo en gastar centos de millóns en macroespectáculos. O II Festival Internacional de Títeres celebrado

con éxito na segunda semana de Decembro en Vigo non tivo apoio algun do concello apesar de ter

prometido unha subvención *non menor ca do ano pasado*. O panorama non é moi optimista, e en

Pontevedra só mantemos unha campaña teatral para escolantes, apoiada pola Deputación". ♦



## A NOSA TERRA dende o exilio

Todo-los números do periódico A Nosa Terra,  
editados en Bos Aires, entre 1942 e 1972,  
en colección facsimilar de 4 tomos.

Ten agora o lector nas suas maos un documento historico de grande importancia, de maneira que todo aquel que quixer ser sabedor do latexo vital das comunidades patrióticas de Sudamerica e a súa longa loita contra a adversidade histórica, ten agora a ocasión de consultar este periódico, que é un espello no que se reflicta a vida política e cultural galega naquela emigración entre 1942 e 1972.

Foi a NOSA TERRA de America un periódico nacionalista e semia de tribuna, unhas veces oficial e outras oficiosa, á Irmandade Galega, organización patriótica-política que encadraba galeguistas de diversas tendencias, tanto procedentes do exilio (Castelao, Núñez Búa) canto integrantes da emigración económica (Puente, Prada, Avelino Díaz).

Así, os grandes acontecementos daquel tempo van aparecendo en A NOSA TERRA orientados e centrados por Castelao na necesidade de cada intre. A creación do Consello, da Irmandade e da Galeuzca, parecen ser o punto de partida do combate nacionalista posterior á Guerra Civil.

X.L. Mendez Ferrín  
(Do prelacio da Colección)



Prezo 40.000 Pts.  
(ata ó 12/1/91)



Información e pedidos:

NOVA GALICIA Edicións - Av. Florida, 32 - Portal 3 (Baixo)  
Tels. 20 21 11 - 20 26 02 - Apdo 108 36210 VIGO




# Os vilancicos de galego da catedral de Segovia

■XOAN M. CARREIRA

Hai tempo que veu a luz o primeiro volume de "La Música en la Catedral de Segovia" do P. López Calo, que abrangue o Catálogo do arquivo de música até o 1781 e que publicou a Deputación Provincial coruñesa. Non é A Nosa Terra lugar para a discusión desta obra, polo demais magnífica. A razón de falar deste volume é que recolle unha cantidade inusualmente grande de vilancicos de galego na tradición da litúrxia barroca do Nadal. O tema trateino no meu traballo "Os Vilancicos de Galegos na Litúrxia do Nadal nas eirexas ibéricas e americanas nos séculos XVI ao XVIII" publicado no n. 68 dos "Cadernos da Escola Dramática Galega" (A Coruña, 1987) e o que trato agora é de dar os datos precisos deses vilancicos de galego no período 1657-1787. As datas a carón do nome do compositor son as de exercicio como mestre de capela en Segovia e as cifras xunto dos títulos corresponden coa numeración de López-Calo.

## Miguel de Irizar (1761-1684)

569. *Ay, todo ganadeiro*. Solista e 6 voces. Ano 1657.  
589. *Un portugués y un gallego*. 7 voces. ano 1659.  
602. *Todos os galegos*. A 8 vo-



Miguel Irizar (1635-1674). Incipit do Vilancico de Nadal de 1678. Arquivo de Música da Catedral de Segovia, Legallo 18, caderniño 37. N. 1.595 do catálogo de López-Calo. A 8 voces (SSST,SATB) e acompañamento. (Comunicación persoal do Dr. López-Calo o 21 de xuño de 1986, día do achádegado da obra).

ces. Ano 1661.  
604. *El fervor de los gallegos*. A 7 voces. Ano 1663.

613. *Ay, veño de Galicia*. A 8 voces. Ano 1665.  
622. *Ay, gaiteirño, gaitero*. A 6 voces. Ano 1666.  
636. *Zumbe a gaita Toribio o cego*. A 8 voces, Ano 1668.

647. *Unha procesión de gaitas*. A 8 voces. Ano 1671.

669. *Os pastores galeguínos*. A 8 voces. Ano 1674.  
681. *Veñan os galegos*. A 8 voces. Ano 1675.

1.595. *Tocad, homiños, con son pracenteiro*. A 8 voces. Ano 1678.

Os vilancicos dos anos 1657-1668 foron compostos na Colexiata de Vitoria, cuxo arquivo aínda segue sen catalogar. Ten especial interese o n.1.595 pois a melodía coincide coa utilizada un século máis tarde por Melchor López para o vilancico "A Nosa Gaita", tema que figura como tradicional no "Cancionero de Galicia" de Carlos Villalba Freire (Madrid, 1976) na p. 105 baixo o título "Muiñada" e catalogada, correctamente, como muiñeira. A súa biografía será publicada proximamente en "Músicos de Galiza", se ben sinalarei que foi rexeitado nas oposicións a mestre de capela de Ourense de 1668.

## Jerónimo de Carrión (1690-1721)

1.795. *Al son, soneciño*: A 4 voces. Sen data.

1814. *Ce, que durme meu amor*. A 5 voces. Sen data. E de portugués  
1872. *Escúiten atentos a gaita galega*. A 3 voces. Sen data.

1874. *Esta noite los gallegos*. A 8 voces. Sen data.

1911. *Oyes, mira los portugueses*. A 6 voces. Sen data.

1962. *Un gallego pastorcillo*. A 5 voces. Sen data.

1966. *Una danza de gallegos*. A 4 voces. 1691.

Jerónimo de Carrión foi mestre de

capela de Mondoñedo entre 1687 e 1690, nese ano o é durante seis meses de Ourense logo logra a praza na súa cidade natal. Ver A.N.T. nº 292. 8-V-1986.

## Juan Monton y Mallen (1759-1781)

2.380 *Del obispado de Orense llega al portal un gallego*. A 9 voces. 1759.

Nen en Cuenca nen en Albarracín deixou vilancicos de galegos. A súa biografía sairá en "Músicos de Galiza".

Xa que logo, con estes 19 vilancicos de galego vai ser a Catedral de Segovia a que contén meirande cantidade desta variante de "vilancico alleo". Para atopar outra colección de semellante importancia teremos que ir á Catedral de Puebla (México) coas composicións de Gutiérrez de Pardilla no século XVII e Pérez Ximeno no XVIII. Ao marxe de manter a miña tese sobre que o vilancico de galego non posúe características diferenciais doutros "vilancicos de alleo" no barroco, parece craro que o seu interese filosófico e melódico ben merecen un estudo monográfico e a edición dunha escolma dos máis característicos. Só entón estaremos a saber do que falamos ao nos referir a estas composicións.

# Vilancico cantado em Mondonhedo em 1844

Em lembrança de José Maria Alvarez Blázquez

■J.-M. MONTERO SANTALHA

O vilancico que aquí editamos -e que permanecía inédito, que saibamos- cantou-se na catedral de Mondonhedo na noite de Nadal do ano 1844. Basta reparar nesta data -quase vinte anos anterior á de Cantares galegos (1863)- para perceber o significado que na nosa historia lingüístico-literaria posúem os vilancicos: apesar de non encerrarem grandes pretensións es-

téticas, eles foram de facto a primeira floração da Galiza contemporánea na língua do país. De resto, do ponto de vista lingüístico, tem interesse especialmente o seu léxico, como já há anos advertia J.M. Álvarez Blázquez.

Oferecemos texto em versos normativizados de acordo com os critérios habituais; isto é, regularizando a ortografia e a morfologia, mas respeitando as raízes léxicas, a

métrica e a rima.

*Estrilho*

1 Grandes novas, galeguinhos!  
boas Navidades temos!  
3 hoje nasceu o Messias,  
4 vamos a Belém correndo!

*Coplas*

5 Chegou o noso consolo,  
chegou o noso remédio:  
7 hoje admiramos na terra  
reunido o céu inteiro.  
9 Uma dança graciosinha

disponhamos diante o neno;  
11 mentres que os ángeles cantam,  
tambem nós outros cantemos.  
13 Que neno tão garridinho!  
Parecem, ai!, dois luzeiros  
15 os seus olhos centelhantes,  
que ferem de amor o peito.

17 Ai, que pelo tão roxinho!,  
ai, que carrilhos tão tersos!,  
19 ai, que boquinha de rosa!,  
é um ima, um embeleso.  
21 Jesus!, e saltam-lhe as bágoas!...  
Meu amor, que te faremos?

23 Toma uma rosquinha de ovos,  
toma mel e queijo fresco.  
25 De tudo quanto lhe damos,  
nada quer o nosso neno;  
27 quer corações humilhados,  
28 quer um amor verdadeiro.

Ignoramos quem foi o autor do texto: conservou-se-nos anónimo dentro da partitura autógrafa do maestro Pacheco, datada e assinada "Mond[on]hedo. Diciemb[r]o. 19 de 1844. / Jose Pacheco"

# O NADAL VISTO POLOS NENOS TEMPO DE AGASALLOS, TEMPO DE SOBORNOS

ERCILIO FREASA

Sálvese quen poida. Aí ven O Nadal polos grandes armacéns do comercio. Menos mal que a TV avísanos a tempo do acontecemento, non vai ser o caso quealgun despistado/a non participe na orxia do consumo. E quen primeiro debe enteirarse é a poboación infantil que son os futuros consumidores do capital, súbditos do Estado. As festas do Nadal na actualidade utilizan a estes "tolos baixiños" sen nengun tipo de escrúpulos da maneira que de contado espoño.

O Nadal apresetaselle como unhas datas festivas, posto que a escola dalles vacacións, así pois como algo ideal para pasalo ben. A institución escolar aproveita para avaliar a marcha dos seus sufridores na consecución dos obxectivos marcados para esta altura do curso. Así que todo aquel ou aquela que non chegue a abranguer estes obxectivos, non terá a recompensa que lle prometeron os seus pais se aprobaba todas.

Posto queos contidos que se ven obrigados a estudar, non despertan interese algun, senón todo o contrario, hai que recorrer ás prome-

sas, sobornos, chantaxes e, se é necesario, á mentira, ameaza ou o castigo mesmo, calquer cousa é válida con tal de traer boas notas, como lle gusta ou o mandan desde as alturas as autoridades do grémio. Así que calquer escolar que queira conquistar algunha dos moitos xoguetes da desilusión non lle queda máis xeito que someterse; isto é deixarse sobornar. E así desta maneira tan aldraxada, parécenos que todo vai ben e todos e todas tan contentos: os pais cegos de fé na institución poden presumir ante calquera que os seus aprobaron todas, o estado conquire curso tras curso ir formando a masa de individuos sumisos e obedientes que acatan as ordes do Sr. Poder. O capital (comercios) poderán colocar a cada quen o seu regalo merecido, como xa tiña planeado no seu cómputo estadístico da poboación infantil, xa ben contada.

Ista complicidade tripartita formada por Patriarcado (representado na familia), Estado (representado na escola) e Capital (representado no comercio) daránlle ao Nadal carta de natureza de tal maneira que nenos e nenas non poden

darse conta por si mesmos da mentira que tapa iso de "Bon Nadal", etc... que reza nos letreiros que adoman as ruas e comercios. Non

**'CALQUER  
ESCOLAR QUE  
QUEIRA  
CONQUERIR ALGUN  
DOS MUITOS  
XOGUETES DA  
DESILUSIÓN NON  
LLE QUEDA MÁIS  
XEITO QUE  
SOMETERSE'**

se darán conta porque non se lle dará a oportunidade de que xoguen inventando os seus propios xoguetes, que é a mellor maneira de xogar. Non se darán conta nen

os mesmos pais queo millor regalo que poden dar os fillos/as podía ser un bico de amor non posesivo que proporciona máis satisfacción ou pracer que todos os xoguetes xuntos. Tampouco se daran de conta que nesta sociedade nestas datas nen noutras, non colle nada daquello ao que se alude por Felicidade ou Paz se non se suprime antes todo o que sexa o seu estorbo ou impedimento. Pódese acaso ser feliz ou ter a conciencia tranquila lendo novas como... 8 millóns de pobres no Estado Español segun o ex-defensor do povo R. Giménez (ano 90) Porque queren. Cerca de 4000 nenos morren anualmente no E.Español dun xeito violento por maos tratos, duplicáronse nos derradeiros 3 anos os casos de tortura infantil... Porque queren. A corrupción na ONU é unha das principais causas da miséria infantil, 14,6 millóns de nenos morren cada ano por falta de comida, medicinas e auga potábel... Porque queren. Está claro, con este menú que lles remato de proporcionar para este NADAL, non é feliz o que non quer.

Estas desgracias ás que se ven

avocados moitos nenos/as, non dependen de que o número sexa máis ou menos millónario para que nos sintamos mais ou menos "felices", senón das condicións de vida que as provocan. Así que bastaría con que nesta sociedade nestas datas nen noutras, non colle nada daquello ao que se alude por Felicidade ou Paz se non se suprime antes todo o que sexa o seu estorbo ou impedimento. Pódese acaso ser feliz ou ter a conciencia tranquila lendo novas como... 8 millóns de pobres no Estado Español segun o ex-defensor do povo R. Giménez (ano 90) Porque queren. Cerca de 4000 nenos morren anualmente no E.Español dun xeito violento por maos tratos, duplicáronse nos derradeiros 3 anos os casos de tortura infantil... Porque queren. A corrupción na ONU é unha das principais causas da miséria infantil, 14,6 millóns de nenos morren cada ano por falta de comida, medicinas e auga potábel... Porque queren. Está claro, con este menú que lles remato de proporcionar para este NADAL, non é feliz o que non quer.

Ercilio Freasa Cima é membro da Asociación Antipatriarcal.



**GUIA DA CARTELEIRA**

**C.X.L.P.**

**O novato.**

Unha máis de gansters. Cuase paródica e epílogo da saga dos "padriños". A presenza dun Brando de 120 quilos (Corleone pacifista) é o máis importante desta fita intrascendente dirixida por Andrew Bergman.

**As idades de Lulu.**

Unha de Bigas Luna, probablemente o cineasta español máis persoal e de características estéticas e temáticas máis autónomas. Porén no seu cine atopamos ben pouco. Cicais só o seu estilo tensionado da planificación e dos encadres e o seu gos-

to pola vea erótica. O catalán colle o relato de Almudena Grandes e fai unha ilustración persoal e fría, polo reflexo artificial, e valeira de contido de multitude de momentos que están na fronteira do pornográfico, carácter este que alumea o filme e que o converte, por certo, na obra máis atrevida neste terreo da historia do cine español. Ollábel só como almacenaxe da suma de traballos do seu autor.

**A escaleira de Xacobe.**

Película abraiante, anguriosa, abeirando o existencial e surrealista. Adrian Lyne, director de "Nove semanas e media", "Flash Dance" e "Atracción fa-

tal", roza, cando non penetra, con sumo acerto na dinámica narrativa, aspecto este no que o filme acadas cotas insuperábeis, constantemente entre a realidade e a fantasía, o ensaio e o vivido, entre a certidume e o imaxinario. "A escaleira de Xacobe" é unha película excepcional que veicula ao tempo unha denuncia contra algunhas actividades do Goberno USA na utilización dos seus cidadáns como cobaías e vítimas do seu poder.

**O ceu protector.**

Logo da superproducción sobre a biografía do derradeiro emperador chino volve Bertolucci ao esquema do mundo interior dos individuos, ao intimismo, á in-

trospección. Rodada no Magreb africano, esta historia baseada na novela de Paul Bowles que narra as relacións tormentosas e cuase sado-masoquistas dunha parella, tivo un orzamento de 2.500 millóns de pesetas e sitúase no camiño de "O último tango en París". Pero isto é só unha referencia lonxana, pois o resultado dista moito de achegarse a aquela existencial e pesimista, clave no cine dos setenta. A súa rapidez de estrea é, penso eu, unha operación que ten nas nominacións para os Oscar deste ano a súa razón esencial. Convén vela provisto dunha boa dose de inmunización fronte á galería de tarxetas postais tan caras ao Bertolucci reconvertido logo das súas in-  
quedanzas "revolucionarias".

**EXPOSICIÓNS**

**Xosé Ramón Castro**

Exposición fotográfica aberta até o 5 de Xaneiro, sobre a vida na cidade de Londres

**ANÚNCIOS DE BALDE**

Vendo **enxámios** en produción. Abellas do país. Varroa tratada. Colmea perfeición con cámara de cria. 11.000 pta. Tfno. (0,981) 899931.

Empresario queres axudar ao hoquei sobre patins, a Vigo e a ti mesmo?. Solicita un **espacio publicitario** na pista do Pavillón do Carme-As Travesas. Chámanos ao (986) 37 11 09 ou 43 96 33. Quique Urdiales-Travesia Hoquei Clube.

Existe un idioma contra os imperialismos lingüísticos, para que cada nación se comunique facilmente en pé de igualdade coas demais, sen someterse a línguas estranxeiras: o **esperanto**, o idioma máis simple da terra. Clases gratis no Insti-

**VENDO CAMISA A PREZO DE RISA**

Para comprar, vender, cambiar..., dirixete a:

**ANÚNCIOS DE BALDE**

TELF. (986) 43 38 86

**ACTOS**



**A elas e a Cunqueiro**

O vindeiro 22 de Decembro estrearáse en Mondoñedo un espectáculo poético-musical do grupo Uvega Teatro, realizado en coprodución co concello mindoniense e baseado en textos do propio Cunqueiro.

**Nacionalismo galego**

Mesa redonda no salón de plenos do Concello de A Estrada, organizada pola A.C. O Brado. 20 de Decembro ás 20,30 h. Intervirán Xosé Manuel Beiras, Ceferino Díaz, un deputado do PSG-EG, Aniceto Núñez, Victorino Núñez, Rodríguez Peña e moderará Carlos Mella.

**Xoven Orquestra**

Concerto de Nadal da Xoven Orquestra, con obras de Bach e

a intervención dos solistas de David Fisk ou Fernando Raña. O día 21 ás 20 h. na Casa de Cultura de O Barco.

**Dez anos de estatuto**

Acto para celebrar o aniversario da reforma do Estatuto. Venres 21 de Decembro, con intervención de Carlos Mella, González Amadiós, Martínez Randulfe, Lois Diéguez e Anxo Guerreiro. Na Aula da Caixa Galicia de Ourense ás 20 h. organizada polo CC Alexandre Bóveda.

**Cursos de Baile**

Cursiño de escola bolera española, flamenco e danza estilizada, impartido por Esperanza Arrondo. Días 26 a 29 de Decembro e 2, 3 e 4 de Xaneiro no Estudo Danza (Romil 78 - Vigo). Información (986) 41 46 82.

**CONVOCATORIAS**

**I Certame de Arte 'Novos valores'**

O Centro Cultural de Begonte, co patrocinio de Construcións Nion, convoca o I Certame de Arte "Novos Valores" José Domínguez Guizán dacordo coas seguintes Bases:

1 O premio "José Domínguez Guizán" de Novos Valores está dotado con 50.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos.

2 Adxudicarase á obra pictórica que resulte seleccionada polo xurado calificador, que estará formado por especialistas na materia.

3 Poderán optar a este premio autores galegos, de idades comprendidas entre os 14 e os 17 anos (ármbolos dous inclusive), con obras de pintura, con tema libre, e tamaño máximo de 1,5 por 1 m.

4 Cada autor poderá presentar un máximo de dúas obras, enmarcadas, acompañadas dos datos identificativos de obra e autor e fotocopia de Documento de identidade para acreditá-la idade.

5 As obras serán remitidas -libres de gastos- o Centro cultural de Begonte, ou á delegación Provincial de Cultura de Lugo (Pintor Corredoira, 1). Seranlles devoltas libres de gastos o enderezo que indiquen.

6 As obras deberán presentarse antes das 12,00 horas do 25 do próximo mes de decembro, data na que se inaugurará a exposición da obra presentada mó Certame. Se o número de obras presentadas o esixise, farase unha selección.

7 O xurado reunirse na primeira quincena no Xaneiro de 1991, para adxudicar o premio. A obra premiada quedará de propiedade da entidade convocante. As non premiadas, serán devoltas ós concursantes.

**NOTAS:**  
A organización establecerá un seguro para as obras que se presenten ó Certame, por un importe de 50.000 ptas. cada unha.

Enténdese por autores galegos os nados en Galicia ou residentes habituais.

Poderase organizar unha exposición coas obras presentadas ó Certame ou seleccionadas, na capital lucense, co fin de apoiar a celebración.

**XV Certame xornalístico 'Begonte e o Nadal'**

O Centro Cultural Jose Domínguez Guizán, de Begonte (Lugo), entidade promotora do Belen Electronico de Begonte, co patrocinio da Consellería de Cultura e Xuventude, e co fin de potenciar o espírito do Nadal, e que se coñezan mellor os actos que con este motivo se celebran en Begonte, convoca o XV Certame Xornalístico "Begonte e o Nadal" dacordo coas seguintes bases:

A.- Poderán tomar parte neste certame os que publiquen, en calquera xornal ou revista, en lingua galega ou castelán, algun traballo ou serie de traballos sobre calquera tema que faga referencia ao Nadal en Begonte e -en xeral- ao Nadal na Galiza.

B.- Establecense dous premios para os que se consideren os mellores traballos presentados dotados con:

Premio Begonte de Xornalismo.- 50.000 pts. e estatuíña de Sargadelos.

Segundo Premio.- 25.000 pts. e estatuíña de Sargadelos.

C.- O prazo de entrega dos traballos que se presenten ó certame rematará ás 12 horas do próximo día seis de xaneiro de mil novecentos noventa e un, debendo facerse a entrega no Centro Cultural de Begonte -

persoalmente ou por correo. D.- A presentación ha facerse por triplicado exemplar do xornal ou revista na que se publicase o traballo, xunto cunha nota na que se fagan constar os datos persoais do autor.

**I Certame galego de Arte 'José Domínguez Guizán'**

O Centro Cultural de Begonte, co patrocinio de Construcións Nion, convoca o I Certame Galego de Arte Jose Domínguez Guizán dacordo coas seguintes bases:

1. O premio "Jose Domínguez Guizán" de arte está dotado con 200.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos.

2. Adxudicarase á obra pictórica que resulte seleccionada polo Xurado calificador, que estará formado por especialistas na materia.

3. Poderán optar a este premio obras de pintores galegos, de tema libre, e con tamaño máximo de 1,5 por 1 m.

4. Cada autor poderá presentar un máximo de dúas obras, enmarcadas, acompañadas dos datos identificativos de obra e autor.

5. As obras serán remitidas -libres de gastos- ao Centro Cultural de Begonte, ou á Delegación Provincial de Cultura de Lugo (Pintor Corredoira, 1). Seranlles devoltas libres de gastos o enderezo que indiquen.

6. As obras deberán presentarse antes das 12,00 horas do 25 do mes de Decembro, data na que se inaugurará a exposición da obra presentada ó Certame. Se o número de obras presentadas o esixise, farase unha selección.

7. O xurado reunirse na primeira quincena do Xaneiro de 1991, para adxudicá-lo premio. A obra premiada quedará de propiedade da entidade convocante. As non premiadas serán devoltas ós concursantes.

**Notas:**  
A organización establecerá un seguro para as obras que se presenten ó Certame, por un importe de 50.000 ptas. cada unha.

Enténdese por autores galegos os nados en Galicia ou residentes habituais.

Poderase organizar unha exposición coas obras presentadas ó Certame ou seleccionadas, na capital lucense, co fin de apoiar a celebración.

**XV Certame de poesía sobre o nadal**

O Centro Cultural Jose Domínguez Guizán de Begonte, ven convocar o XV Certame nacional de poesía sobor do nadal que se vai rexir polas seguintes bases:

1. Poden participar todos os poetas que o desexen, con textos en galego ou castelán.

2. O tema dos traballos ha se-lo de O Nadal, desde calquera punto de vista.

3. Hanse valora-los textos que fagan referencia a Begonte e o seu Belén.

4. E libre a construción dos poemas e a medida dos versos.

5. Hanse concede-los seguintes premios:

Premio Begonte de Poesía dotado con 50.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos.

Segundo Premio 25.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos.

6. A remisión de orixinais farase por triplicado ó Centro Cultural de Begonte (Lugo), tanto persoalmente como por correo certificado, denantes das doce horas do día seis de xaneiro de mil novecentos noventa e un.

7. Tódolos traballos han ser presentados con plica, facendo constar dentro dela os datos persoais do autor.

**MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

**BOLETIN DE INSCRIPCION**

Apellidos.....  
 Nome..... Enderezo.....  
 Localidade..... D.P.....  
 Provincia..... Telf.....  
 Profesión.....  
 Centro de traballo.....

**DOMICILIACION BANCARIA**

Caixa/Banco (1).....  
 Sucursal..... Cta. cte./Lbrt. afor. (1).....  
 Titular.....

**ORDE DE PAGO**

..... a..... de..... 199.....

Sr. Director:

Sirva-se atender, até novo aviso, e con cárego á miña conta ou libreta de aforros (1), os recibos anuais que por valor de.....(2) pta. lle presente a Mesa pola Normalización Lingüística.

Atentamente. (sinatura do titular)

Rua do Vilar 29, 1º B. Apdo. 247. Tefl. 56 38 85 Santiago

(1) Tache-se o que non proceda.  
 (2) De 1000 a 5000 pta.



somos coñecidos na Galiza inteira pola nosa especialización en libros galegos e portugueses

Praza do libro Telf. 26 63 77 A CORUNA República de El Salvador, 9 Telf. 56 58 12 SANTIAGO

**CHAME AO TLF. (986) 43 36 24 E SOLICITE AS NOSAS TARIFAS PUBLICITARIAS**

**A NOSA TERRA PERIÓDICO GALEGO SEMANAL**



# A NOSA TERRA

ANO XIII • 20 DE DECEMBRO • 1990

Nº 458 • APDO. 1371 (VIGO)

IDEAS



Crego e seminarista anteriores ao Vaticano II

## AOS VINTECINCO ANOS DO VATICANO II FINAL DA CONTRARREFORMA

FRANCISCO CARBALLO

**H**ai moitas variábeis que permiten observar o camiño que leva a Igrexa desde o Vaticano II, 1965. Vou utilizar somente tres: a lexislación, o catecismo e a organización sectorial.

No Concilio deuse por anulado o código de "Direito Canónico" en vigor. Había amplo consenso contra outra compilación dese carácter. Queríase unha "lex suprema" que marcara os principios organizativos da comunidade. No código de 1917 abundaban as contradicións e predominaban as leis dos tempos do feudalismo e da monarquía absoluta. Aos poucos anos do Vaticano II certo sector episcopal sentiuse desbordado pola "anomia eclesial" e voltou a postular leis reguladoras. Xoán Paulo II promulgou un novo código o 25-I-1983. Un código que "criase unha orde tal na sociedade eclesial que, asignando á fe á gracia e aos carismas a primacía, fíxese mais doado o desenvolvemento orgánico da vida, tanto na sociedade eclesial como nas persoas pertencentes á Igrexa". Así este código moderniza e, á vez, lexítima formas autoritarias previas ao Vaticano II. Con el na man, Xoán Paulo II legalizou a "prelatura persoal" do Opus e acaba de aprobar unha escisión no "Carmelo" feminino español en favor dunha minoría integrista.

Parecido iter leva a redacción do "catecismo universal", próximo a publicarse. No Concilio había oposición xeral a un catecismo único e universal. En 1977, nun sínodo dos bispos, houbo peticións a prol de tal redacción. O esquema enviado agora as dióceses só foi rechazado polo 2.7% que opina é incesario. A comisión recebeu 30.000 emendas, 600 de orixe español, e trata de incorporalas ou prescindir delas para a redacción definitiva.

Este catecismo non é un texto para os fieis; é para todos os teólogos e os especialistas que redacten os catecismos locais. Quer xogar o papel do catecismo de San Pio V despois de Trento. Será o paradigma catequético.

A solución dada nestes dous casos é significativa: intentar unha evolución lenta desde os documentos conciliares cara unha nova configuración da Igrexa, diferente da contrarreformista, pero que garde referencias a esa forma eclesial. Unha visión desde o exterior pode interpretar que tales

pasos tratan de baleirar o Vaticano II. Non é iso; é unha arbitrase dos diversos ritmos de cambio e de evitación de rupturas aparatosas.

A variábel organización é, se cabe, máis expresiva. O clero, e o homólogo feminino das "religiosas", constitúe o esqueleto organizativo da Igrexa. A formación de tal clero, obxecto do último sínodo, partía do modelo da "ratio studiorum" dos xesuítas do XVI: linguas clásicas e hebrea, filosofía escolástica e teoloxía sistemática tamén escolástica. Como ideal de vida, o celibato sen concesións dispensatorias, inda que con tolerancias morais. Case todo está eliminado. Parten actualmente dun previo bacharelato xeral, seguido de cinco anos de "estudios eclesiásticos". Os cregos formados despois dos 70, ignoran o latín, o grego, o hebreo, a filosofía escolástica e a teoloxía sistemática. O seu currículo académico consta dun conglomerado de materias humanístico-teolóxicas de alta divulgación. É difícilísimo atopar algun que se atreva a cursar en centros de investigación bíblica ou teolóxica.

Tal clero, e en certa maneira o homólogo feminino, pluralízase: uns son captados polos "integristas" e ingresan nos colectivos dese tipo. Son os menos, pero neste intre gozan de certa protección papal co pretexto de atraer os "lefebvrianos". Outros, os máis, seguen os principios conciliares pero non son capaces de liderar ideoloxicamente as comunidades pola súa falta de formación científica. Disintén, pero conviven co clero "tradicional", ese numeroso grupo de máis de 45 anos que exerce o autoritarismo, o conservadurismo e que está en aguda crise de identidade. Os novos son tamén conservadores, reacios a toda actividade social, conformistas e desexosos dunha igrexa refuxio. Queda un sector que admira aos que fixeron o Vaticano II, aos que se abiron á inculturación, que loitan pola liberación dos pobres e de todos os oprimidos, pero eles non asumen esa mesma liña reivindicativa; estes novos son aléxicos ás responsabilidades sociais. E eles prefíren a "contemplación".

É a base cristiá semellante ao seu clero? Non exactamente. Hai cristián integristas, xeralmente burgueses. Hai unha maioría tradicional, que toma conciencia das mutacións, que protesta ante o autoritarismo clerical, que abandona formas da igrexa da contrarreformista v.g. a confesión

individual, a dirección espiritual, a normativa ético-xurídica oficial, etc. E hai as comunidades de base e movementos comprometidos co cambio social e eclesial.

Por conseguinte, desde o Vaticano II hai un proceso de mutación imparábel da igrexa clerical; estamos nas vésperas da desaparición da forma eclesial da contrarreformista.

Convén non deixarse enganar polos lóstregos que aparecen no firmamento eclesial: os discursos apocalípticos no campo ético de Xoán Paulo II ou da conferencia episcopal española. E na outra beira os compromisos revolucionarios dalgúns comunidades de base, o liderazgo políticos de teólogos como os que apoiaron a Lula no Brasil aos sandinistas en Nicaragua, ao FMLN no Salvador ou o caso B. Aristide que acaba de gañar a presidencia de Haití. Estes casos son só acontecementos fulgurantes.

O que hai de constante na base eclesial é o abandono masivo, inda que lento, da forma de igrexa contrarreformista, da igrexa que se configurou entre os ss. XIII e XIX. Un abandono doloroso, difícil, con rupturas isoladas e voltas atrás minoritarias. O conxunto segue imperturbablemente a peregrinación cara outra forma eclesial, pouco proseguidora da tridentina, moito máis arelante de reencontrar a canle apostólica da Igrexa dos ss. I-III.

Hai deseñados abundantes paradigmas da Igrexa do 2000. Peneirando os factores comúns, temos este cociente: comunidades cristiás inculturadas, plurais doutrinal e organizativamente, dinamizadas por multiplicidade de carismas, libres opcións ascéticas v.g. celibatarias, coordinadas episcopalmente, con unidade neumática máis que coordinación administrativa, sen poder económico nen político, en sintonía con todas as loitas pola xustiza e a paz.

En suma, imos cara unha Igrexa máis en diáspora que de presenza institucional, mais de inmersión nas mediacións civís que dotada de instancias propias, máis sacramental que administrativa, máis neumática que xurídica, menos "aparato" e mais luz. Analisar agora a cada igrexa local, a cada institución, é traballo para sociólogos. Os monstros dan o mesmo cociente devandito; o cálculo prospectivo é difuso, indeterminado. Eu acredito nel.

TRES EN RAIA

## FERRO

XOSÉ ANTONIO GACINO

**Q**uizais veña inspirado polo ambiente bélico desatado en torno ao conflito do Golfo, pero levamos uns días soportando presuntos debates políticos nos que saen a relucir conceptos xa esquecidos na voráxine posmoderna e que nos traen certas resonancias belixerantes: "joseantoniaños", monxa alférez, masóns, leis de ferro... De pronto, desempóanse termos que parecían definitivamente soterrados desde que, nos primeiros momentos da transición, algúns non consideraban elegante, en aras do novo ambiente de reconciliación democrática, lembrar determinados antecedentes, sobretudo se os antecedentes afectaban a personaxes da élite do poder. Está por comprobar se a resurrección de tais vocábulos significa tamén que a transición xa rematou dunha vez por todas e que xa se pode volver a chamar as cousas polo seu nome e non polos eufemismos habituais.

Temo que non vai por aí o rolo e que as circunstancias apuntan máis ben a unha nova manobra de distracción. Para empezar, algúns deses conceitos tan "heavies" son matizados agora como simples figuras literarias sen repercusións políticas concretas (e precisamente un, o da lei de ferro para os beneficios empresariais, que podería ter máis interese social).

A impresión final é que só se trata de animar un pouco o cotarro preeleitoral con algunhas emocións supostamente fortes e que, mentres a "opinión publicada" centra a súa atención nestas batallías (todos entramos ao trapo, como podemos comprobar aquí mesmo, sen ir máis lonxe), pase unha tempada sen que aparezan outras cousas máis graves nas primeiras páxinas.

VOLVER AO REGO

**A**s denuncias das desigualdades realizadas polo feminismo durante as dúas últimas décadas -as evidencias son os argumentos máis difíciles de descubrir, ten dito Celia Amoresforon callando paseniño na sociedade.

Os medios de comunicación atrevéuse a fotografar mulleres que denuncian discriminacións concretas, diputadas ou intelectuais que reivindicaban os dereitos das mulleres, pero todas deben asinar, ao final, o argumento de que non militan en organizacións feministas.

O sistema, por calquera das súas caras, atrevéuse a asumir as reivindicacións de unha en unha e postas en fila, pero recrimina con acritude e virulencia calquera forma de organización dos desfavorecidos. Recrimina toda alternativa.

